- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **1 de novembro de 2015**.

2. Para o caso de que o Concello de MESÍA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2015**, deberá solicitar

antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e os informes previos da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderá modificarse o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da XURISDICIÓN contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o _____ de 2014

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MESÍA

Diego Calvo Pouso

Mariano Iglesias Castro"

18.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.

INTERVENCÍONS

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, bos días a todos, Sres. e Sras. deputadas. A Deputación vai facer un plan, un plan que creo que é pioneiro e senlleiro dentro do conxunto do Estado, e que nin máis nin menos vén derivado da boa situación económica da Deputación e, sobre todo, tamén do cumprimento do marco normativo no que nos desenvolvemos e da mellor utilización dos fondos públicos desta casa. Dito isto, hoxe en día podemos presumir nesta administración de ter débeda cero, pero non só de ter débeda cero, senón que cada vez que se liquidan presupostos hai

un remanente positivo que, por mor, como antes dicía, do seu marco legislativo, ten que ter un destino determinado, ou ben o superávit das contas desta administración, ou ben axudar a reducir a débeda, como esta casa non ten débeda, é evidente que o que decide o Goberno é intentar que a débeda dos concellos se poida ver diminuída, cando menos no que supón a achega dos concellos para o pago de amortización e xuros. Sendo isto así, vanse dedicar vinte e cinco millóns de euros para intentar reducir esa débeda a todos aqueles concellos que o soliciten, e que ademais ten unha, digamos, claridade á hora de poder dedicar eses cartos. Por unha parte pódense dedicar en función do que é a débeda a longo prazo deses concellos no que son os seus respectivos informes e situacións, poderase dedicar ao que é o pago desa débeda que teñen os concellos, unha cantidade igual ao que é a súa débeda viva, vai ter a posibilidade de devolvelo en dez anos con dous de carencia.

Dito iso, o resto dos cartos ben pode dedicalos tamén a esta mesma función, ou ben pode dedicalo ao investimento pero cun préstamo neste caso sen xuros, polo tanto nunhas condicións moito mellores que as que terían de ir ao mercado neste caso de débeda, e de ir ás ofertas das entidades bancarias.

Dito iso, o que se pensou é en facer un plan, un plan de novo con criterios de reparto obxectivos, uns criterios de reparto que se fixan nun dez por cento a súa cota fixa, un vinte no esforzo fiscal, un dez por cento no número de parroquias, un trinta por cento na poboación total, e un trinta por cento no que é a superficie, cambiando digamos no caso dos concellos fusionados, polo que diríamos unha función máis positiva, polo feito de optar por esta fórmula tan necesaria creo que en outros moitos casos para o país e as súas contas. Dito iso, en función dese reparto e deses criterios dáse o que é mesmo que no DTC, refírome ao mesmo reparto e aos mesmos criterios, que evidentemente poderán non ser do acordo de todos os grupos, pero pódese dicir que son absolutamente obxectivos, iguais para todos e cada un dos concellos, e que lonxe, por exemplo, de primar por habitante o que é a cantidade que se entrega, eu creo que vai absolutamente ponderado co resto dos criterios, así podemos ver como incluso algún exemplo como a capital da provincia, pois en reparto por habitantes hai concellos que practicamente por vinte multiplícase iso por habitante. Polo tanto, nós seguimos co compromiso desta Presidencia, que asumiu tamén toda a Corporación de intentar repartir o que son os cartos desta administración por criterios obxectivos e criterios de reparto, en todo caso non cuestionables desa obxectividade, e é o que estamos facendo, estamos a niveis nunca antes acadados por esta institución. Máis nada, presidente, moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Bo día. A verdade é que a nós gustaríanos votar a favor deste plan, ímonos abster. Nós vimos reclamando aquí que se deixe o camiño das subvencións nominativas e que se deseñen plans, por suposto que estamos de acordo con este plan, e ademais sabemos que houbo esforzos tamén por parte da Presidencia de buscar vías para poder articular un plan e poder ofrecerlle aos concellos orzamentos e economías para investir nos vindeiros meses que seguen sendo duros meses de crise. Agora ben, vostede fala de que este plan ten uns criterios obxectivos de reparto e, efectivamente, non hai nada que discutir sobre ese asunto porque, efectivamente, existen eses criterios obxectivos de reparto, o que pasa é que nós criticamos duramente xa eses mesmos criterios obxectivos na ocasión que debatemos o Plan DTC. Miren vostedes, cada vez que xustifican a existencia desta Deputación, falan

vostedes de que é unha peza básica e fundamental para darlle servizo aos concellos que máis dificultades de xestión teñen da provincia. Ben, os criterios do POS si poden ir en sintonía con esa filosofía, pero os criterios que deseñaron vostedes xa para o DTC e cos que insisten agora neste PAI, a quen benefician principalmente son as grandes cidades, achegan recursos ás áreas municipais que máis capacidade de xestión teñen, eses criterios benefician principalmente á Coruña, a Santiago e a Ferrol, é curioso, e prexudica a maioría do resto dos concellos da provincia.

Xa sei, xa falaba vostede tamén na ocasión que debatemos o DTC, que vostedes falan de investir per cápita, en persoas, chegouse a dicir aquí, non en ferrados de monte, mais fíxense vostedes, no medio dos ferrados de monte tamén viven persoas, no medio rural desta provincia, que é unha provincia tamén rural, viven moitas persoas que residen en concellos pequeniños e medianos que o están a pasar moi mal, que teñen moitas dificultades de financiamento, que teñen moitísima falta de recursos para manter servizos moi básicos, e esas persoas tamén son cidadáns de primeira, ou deben de ser cidadáns de primeira nesta provincia da Coruña, e seguramente é nos que primeiro ten que pensar o Goberno provincial.

Vostedes non son un goberno para as persoas da provincia, aínda que reparten recursos, as persoas que viven na provincia da Coruña teñen gobernos municipais e teñen a Xunta de Galicia, vostedes o que teñen que pensar é no equilibrio no reparto de fondos, e o equilibrio de reparto de fondos, eu creo que cando din que están aquí para satisfacer as necesidades dos pequenos e medianos municipios, ese é o criterio que deberían de seguir, pero curiosamente priorizan xusto ao revés, porque supoño que lles interesa máis desde o punto de vista estratéxico, partidista ou o que sexa. Aí non lles falta coherencia, un día presentaremos os recursos económicos que durante estes anos estiveron vostedes destinando ás grandes cidades e veremos que, a través de convenios e de programas, veremos que, cando menos, é rechamante.

Evidentemente, insisto, o Bloque Nacionalista Galego congratúlase e felicítaos por presentar un plan, e sabemos que lles custou a vostedes traballo polos criterios da débeda que segue o Goberno do Estado, que este plan servirá para dotar aos concellos de recursos económicos nos meses vindeiros, pero insistimos, eu creo que se equivocan claramente nos criterios de reparto, e curiosamente dá a sensación, e vostedes dirán que non é así, dá a sensación que o fan por beneficiar as áreas das grandes cidades onde teñen vostedes intereses claros de cara ás vindeiras eleccións municipais.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. O Grupo Socialista vai votar tamén favorablemente a este punto, pero vai ser moi breve a miña intervención porque pensaba falar sobre isto no orzamento, porque é a única novidade que aparece no orzamento, e lamento discrepar das palabras do portavoz do Grupo Popular porque este plan non se debe á boa situación económica da Deputación, que sen dúbida é boa, débese a que os ingresos increméntanse un 8,71% e o gasto, pola regra de gasto só se pode incrementar un 1,5%, polo tanto, hai un superávit no orzamento que non se pode destinar a operacións non financeiras, entón a única posibilidade que hai é, que estamos de acordo, é crear este plan que permita facilitar crédito aos concellos a cero por cento de xuro, dous anos de carencia e dez anos de prazo. Polo tanto, é unha

proba máis que pon de manifesto o absurdo das medidas de contención do déficit do Sr. Montoro, que para compensar o déficit global castiga ás administracións que están saneadas financeiramente para compensar co seu superávit o déficit que están tendo as comunidades autónomas que, por desgraza, a pesar das políticas do ministro de Facenda, está aumentando ano tras ano. Nada máis, moitas grazas e reiterar o voto afirmativo.

Sr. Ruiz Rivas

Como dicía o Sr. Moreda, non creo que haxa contradición ningunha entre as súas palabras e as miñas precisamente no que eu dixen.

Dito iso, dicir que as normas, a Lei de estabilidade, ou a Lei de racionalidade, non son traxes á medida, evidentemente nestes momentos a Deputación pode xa estar nunha etapa diferente da súa economía na que non están moitísimos concellos ou outras deputacións. Polo tanto, se nós como administración chegamos ata aquí foi precisamente polas normas que ata agora ese marco lexislativo non só, ía dicir nos obrigaban, non nos obrigaba, pero practicamente era un camiño que nos ensinaba e unha condición que tiñamos á hora de ir reducindo o que é a débeda e, polo tanto, esta administración conseguíuno e ten que seguir, a través dese marco lexislativo, axudando a que outros moitos concellos poidan facer o mesmo que fixo a Deputación e, polo tanto, poder dedicar integramente o que son os seus aforros ao investimento por non ter que dedicalos ao pagamento da débeda. Segue sendo unha norma, practicamente diría que inevitable, para moitas das administracións locais, pero unha norma que os que mellor estamos e os que somos os adiantados desa bonanza que se empeza a albiscar, seguramente gustaríanos que puideramos dedicar máis cartos ao que chamamos gastos produtivos, pero como vostede dixo, eu tamén deixarei un pouco destas esencias para o que vai ser o debate presupostario porque é evidente que a nosa postura aí sobre ese marco lexislativo tamén dalgunha forma se ten que ver reflectida.

E polo que dixo o voceiro do Bloque Nacionalista, dicir que concellos de maior número de habitantes, e estou falando dos que superan os 20.000, practicamente movémonos en baremos por habitante entre 16 euros a 7,25, que ten por exemplo cada habitante desta capital da provincia, cando o resto dos municipios por debaixo deses 20.000 habitantes teñen unha ratio bastante máis alta, e dicía eu que nalgún caso non é que sexa practicamente vinte veces por habitante o que leva un habitante da cidade da Coruña, senón que practicamente son trinta, polo tanto creo que non só son plans totalmente repartidos con criterios obxectivos, senón que ademais, cada vez que un ve como se plasma iso en cada un dos concellos, creo que é a forma ademais máis lóxica e racional á hora de respectar o que son os intereses, que non sempre son por número de habitantes, que non sempre son por número de parroquias, senón a conxunción de todos eles, incluído o esforzo fiscal. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moi ben, pasamos á votación, pero tres apuntamentos simplemente. Este non é o único plan que ten a Deputación para axuda aos concellos, polo tanto hai outros plans onde ese posicionamento que mantén o BNG está presente nos criterios do POS, hai un reparto diferente, hai unha porcentaxe de peso no reparto distinto, pero

loxicamente aquí, ter como criterio o 30% do reparto en función da poboación total, eu creo que é importante, sen entrar en datos por reparto por habitantes, que xa avanzou o portavoz do goberno, creo que é bastante salientable, pero si temos un POS, si temos un convenio asinado coa Xunta para o mantemento de infraestruturas rurais, é dicir, hai uns servizos sociais enfocados en exclusiva aos concellos de menos de 20.000 habitantes, aos cales aumentamos moito o financiamento, polo tanto, existe unha discriminación positiva evidente en todas as actuacións desta Deputación cara aos concellos do rural, e iso creo que é máis que evidente.

En segundo lugar, se é un plan, o único que se podía facer, eu espero que o resto de deputacións de España que teñan unha situación coma esta, fagan o mesmo, e alegrárame moitísimo ver a deputacións do Partido Popular que leven a cabo plans coma este, e deputacións gobernadas polo Partido Socialista ou outros partidos que leven a cabo plans coma este de axuda aos concellos nestas condicións, quero dicir, o criterio político é importante, e esta é unha decisión política que pode gustar máis ou menos pero que, loxicamente, se é a única, seguramente veremos nos vindeiros meses outras deputacións que fan o mesmo, o cal a nós alegráranos.

E en último lugar, eu sei que as bases que hoxe aprobamos son importantes, sei que levantaron dúbidas, como é normal, en moitos concellos, preguntando como vai ser, en fin, como vai poder articularse, a partir de hoxe xa se poderán consultar esas bases, mandarémolas inmediatamente por parte da Deputación a todos os concellos, pero tamén quero trasladar, a través dos deputados, e loxicamente a través dos medios de comunicación tamén, que vai haber un labor de asesoramento por parte dos servizos técnicos da Deputación para poder aceptar este programa e que non repercuta nin nos obxectivos de estabilidade nin en regra de gasto dos distintos concellos, e que se poidan adherir a este plan.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 0430 / 9432 / 82120 do presuposto provincial para o exercicio 2015 destinada ao financiamento do Plan.”

**BASES REGULADORAS
DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015**

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” é un Plan da Deputación provincial da Coruña destinado aos 93 concellos da provincia que previsiblemente vaise financiar cunha achega provincial por importe de 25.000.000,00 no exercicio 2015.

Achega provincial	25.000.000,00 €
-------------------	-----------------

No presuposto provincial para o exercicio 2015, que previsiblemente se vai aprobar no Pleno da Deputación na mesma sesión que as presentes bases, vaise consignar a cantidade de 25.000.000,00 € na partida 0430/ 9432/ 82120 destinada a esta finalidade.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do presuposto provincial para o exercicio 2015, e polo tanto, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

A finalidade deste Plan é cooperar cos 93 concellos da provincia concedéndolles préstamos coas seguintes características:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2017, nos meses de xuño e novembro
- Se o concello non devolve o importe que corresponda no prazo establecido, a deputación poderá aplicar á compensación coas entregas a conta da recadación ou con calquera outra cantidade que a deputación teña que aboar ao concello

Tendo en conta que entre os principais problemas de moitos dos concellos están o seu alto grao de endebedamento e os custos de mantemento das súas infraestruturas, cada concello poderá destinar o importe do préstamo provincial asignado á “redución do seu endebedamento” e á “realización de investimentos financeiramente sostibiles”, en función do seu “nivel de endebedamento”, calculando para iso a proporción que representa o volume total do capital vivo das súas

operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A) REDUCCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

O concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento como mínimo un importe resultante de aplicar ao préstamo provincial asignado a través deste Plan, a porcentaxe do seu “nivel de endebedamento” definido no parágrafo anterior.

O préstamo provincial restante poderá destinalo ben a reducir máis débeda municipal ou ben á realización de investimentos financeiramente sostibles.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

O importe do préstamo provincial asignado ao concello que non teña que destinarse obrigatoriamente á redución da súa débeda, poderá destinarse ao financiamento de “investimentos financeiramente sostibles”, segundo se definen na nova disposición adicional décimo sexta do citado Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, introducida pola disposición final primeira do Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se aproban medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica (BOE nº 46 do 22 de febreiro de 2014).

Segundo esta norma, os requisitos dos investimentos financeiramente sostibles son os seguintes:

Obras de reparación ou mantemento cunha vida útil superior a 5 anos e que teñan reflexo presupostario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei de facendas locais, que son os seguintes:

- **161.** Saneamento, abastecemento e distribución de augas.
- **162.** Recollida, eliminación e tratamento de residuos.
- **165.** Alumeado público.
- **172.** Protección e mellora do medio natural.
- **412.** Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.
- **422.** Industria.
- **425.** Enerxía.
- **431.** Comercio.
- **432.** Ordenación e promoción turística.
- **441.** Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.
- **442.** Infraestruturas do transporte.
- **452.** Recursos hidráulicos.
- **463.** Investigación científica, técnica e aplicada.
- **491.** Sociedade da información
- **492.** Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponder cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando o gasto sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 e 2 dos estados de gastos vinculados aos proxectos de investimentos requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- **133.** Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- **155.** Vías públicas.
- **171.** Parques e xardíns.
- **336.** Protección do patrimonio histórico-artístico.
- **453.** Estradas.
- **454.** Camiños veciñais.
- **933.** Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público (so os adscritos a servizos públicos que non correspondan cos contemplados nos restantes programas da estrutura presupostaria local)

En todo caso, deben ser obras cun orzamento mínimo de 30.000,00 € para as que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, contén con elas xa no momento da solicitude, o que deberá acreditarse documentalmente como se indica na base 5.

En canto ás subministracións, quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario, aparellos e vehículos, salvo os destinados á prestación do servizo público de transporte.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia.

4.- FINANCIAMENTO

O presente plan anual para o exercicio 2015 financiarao integramente a deputación con cargo aos seus propios recursos.

Segundo se indica na base 1, está previsto que no presuposto provincial para o exercicio 2015 se consigne a cantidade de 25.000.000,00 € na partida 0430 / 9432 / 82120 para o financiamento deste plan.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de préstamo provincial calculada aplicando as variables ponderadas que deseguido se indican:

10%	Cota fixa
20%	Esforzo fiscal
10%	Número de parroquias
30%	Poboación total
30%	Superficie

No caso de concellos fusionados, calcularase o importe que lles correspondería aos concellos separadamente antes da fusión, e o resultado incrementarase nun 20%.

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 93 concellos destinatarios do Plan resulta a cantidade de préstamo provincial que se lles asigna a cada un deles, e que se transferirá aos concellos na forma establecida na base 8.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de **xeito telemático**, a través da páxina web da Deputación da Coruña. www.dicoruna.es. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica o secretario e o alcalde para asinar a documentación achegada, e tamén a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 7 de xaneiro de 2015 e rematará ás 14.00 horas do día 18 de febreiro de 2015.

A documentación administrativa e técnica será revisada e supervisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A documentación que debe presentarse é a que deseguido se indica:

5.1. – Acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello segundo o modelo que figura como ANEXO I a estas bases, no que se acepten expresamente estas bases e se aprobe a solicitude que se ha realizar, coa indicación do destino do préstamo provincial asignado ao concello, cos datos da débeda que se vai diminuír e cos investimentos financeiramente sostíbeis que se van realizar no seu caso.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á deputación para que obteña as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa requirida para o pago.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime establecido na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

5.2 Documentación específica

A) REDUCCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

- Informe sobre o nivel de endebedamento do concello (ANEXO II)

Coa finalidade de concretar o “nivel de endebedamento” do concello, a Intervención ou Secretaría–Intervención deberá emitir un informe cos datos do volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

- Datos da débeda que se vai reducir (ANEXO III)

A Intervención ou Secretaría–Intervención do concello deberá emitir un informe cos datos da débeda ou débedas concretas as que se vai aplicar o préstamo provincial para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter polo menos os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código da conta bancaria asociada ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica a súa minoración, e outros datos relevantes para a súa identificación.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

- Documentación técnica

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro de 2011).

- Informe técnico (ANEXO IV)

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se se precisan autorizacións, deberá achegarse o correspondente documento acreditativo de que o concello xa conta con elas.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do citado Real decreto legislativo 3/2011.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra ou prego de prescricións técnicas das subministracións establécese en 30.000,00 euros

- Memoria económica específica asinada pola Alcaldía (ANEXO V)

Para cada investimento deberá presentarse unha memoria económica específica asinada pola Alcaldía, que conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da Corporación.

Ademais, deberá conter a proxección dos efectos presupostarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

- Informe do Interventor (ANEXO VI)

O Interventor do concello emitirá un informe sobre os seguintes puntos:

- sobre a consistencia e soporte das proxeccións da citada memoria en relación coas esixencias da norma
- se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para seren considerados financeiramente sostibles, indicando as partidas presupostarias de imputación
- e sobre se o concello cumpre co previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril; e no suposto de non cumprilo, se o investimento pode supoñer ou non gastos de mantemento e así queda acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación aprobará un plan partindo das solicitudes presentadas polos concellos. O plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e acreditada a dispoñibilidade presupostaria adecuada e suficiente.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira informe, poderanse proseguir os trámites.

7.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS

Os concellos contratarán as obras de acordo co Texto refundido da lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderaas executar a propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no plan **ata o 1 de outubro de 2015**. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse á esta deputación, de xeito telemático, a seguinte documentación:

- Listaxe das obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se enviará ao concello coa circular de contratación
- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse a seguinte documentación:
 - xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a 3 empresas,
 - a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
 - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios da adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas
- No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicidade de criterios de valoración deberá presentarse a seguinte documentación:
 - xustificación da publicidade da licitación
 - a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
 - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas
- No caso de que foran executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 do Real decreto legislativo 3/2011 e a acta de inicio das obras.

As obras executaranas os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As modificacións dos contratos tramitaraas, no seu caso, o concello, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 3/2011 citado. De calquera xeito, requirirase a redacción dun proxecto modificado que será aprobado polo concello.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

O concello deberá notificar á deputación, cunha antelación mínima de 15 días, a data prevista para realizar tanto a comprobación de replanteo da obra, como a súa recepción, para que poida asistir un representante da deputación se o considera conveniente. Non obstante, se no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao de recepción desta comunicación, a deputación non comunica ao concello a designación do técnico da deputación que asistirá a ditos actos, o concello poderá realízalos sen a presenza de persoal da deputación.

8.- PAGO DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

A deputación transferirá o importe do préstamo provincial asignado a cada concello segundo se detalla a continuación:

A) REDUCCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

Despois da aprobación do plan, a deputación transferirá directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar co importe do préstamo provincial que o concello solicitou aplicar a esta finalidade, o que se lle comunicará oportunamente ao concello para o seu coñecemento.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Cando se reciban na deputación os datos de adxudicación da obra, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o 50% do préstamo provincial aplicado ao financiamento da obra, calculado sobre o presuposto de adxudicación de cada actuación.

Unha vez rematada a obra, o concello deberá presentar telematicamente a seguinte documentación:

- Acta de comprobación do replanteo
- A derradeira certificación de execución da obra, coa súa relación valorada da totalidade das partidas executadas, debidamente aprobada polo órgano municipal competente
- Dúas fotografías onde se reflicta a colocación do cartel na obra e na súa contorna, conforme ao modelo establecido
- Acta de recepción

Despois de revisar toda esta documentación, a deputación transferirá ao concello o segundo 50% ou resto do préstamo provincial correspondente á obra executada sobre presuposto de adxudicación.

Todas as obras deberán estar terminadas o 1 de outubro de 2016. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

9.- DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

Os concellos deberán devolver á deputación en dez anualidades o importe do préstamo provincial que lles foi transferido a partir do ano 2017 ata o 2026. O importe anual que se ha devolver será a décima parte do importe total transferido tanto para a redución do seu endebedamento como para a realización de investimentos financeiramente sostibles, realizándose no último ano o axuste exacto da cantidade que se ha devolver. Non obstante, o concello poderá anticipar a devolución do préstamo pendente, comunicándoo previamente á deputación.

A devolución realizarase mediante ingreso na conta da deputación que se indicará aos concellos, a metade do importe anual ata o 30 xuño e a outra metade ata o 30 de novembro de cada ano.

No caso de que o concello non realice os ingresos que correspondan nos prazos establecidos, a deputación poderá aplicar aos concellos usuarios do servizo de recadación a compensación coas entregas a conta, e aos demais concellos, con calquera outro pago que a deputación deba realizar ao concello.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015

ANEXO I

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO

D. / Dna. _____
secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno municipal deste Concello na sesión realizada o día ____/____/2014, adoptou o seguinte acordo:

1º) Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
TOTAL		

B) Investimentos financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
TOTAL			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A) Redución de endebedamento	
B) Investimentos financeiramente sostibles	
TOTAL	

2º) (Só no caso de solicitar aplicar o préstamo a investimentos financeiramente sostibles)

Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obras.

3º) (Só no caso de solicitar aplicar o préstamo a investimentos financeiramente sostibles cando exista achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito de abondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en _____, de _____.

V. e pr.
O alcalde

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015

ANEXO II

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA- INTERVENCIÓN DO CONCELLO
SOBRE O NIVEL DE ENDEBEDAMENTO**

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do plan, e no marco do establecido no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, emítese este informe para calcular o nivel de endebedamento deste concello:

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade prevista na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE TOQUES

Diego Calvo Pouso

José Antonio Castro Fraga"

29.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE ARTEIXO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2014, e unha vez publicados os anuncios de desafectación e cesión no Boletín Oficial da Provincia número 188 do 2 de outubro de 2014, sen que se presentaran reclamacións, adóptase o seguinte acordo:

1. INFRAESTRUTURAS. APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E CESIÓN DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS AO CONCELLO DE ARTEIXO

1.1.- Aprobar definitivamente o expediente de desafectación das infraestruturas -de titularidade provincial que se detallan no apartado 1.2., 1.3., 1.4.a e 1.4.b adscritas a usos ou servizos públicos do Polígono de Sabón, pasando a ser cualificadas de bens patrimoniais ao obxecto da súa cesión ao Concello de Arteixo.

1.2.-Aprobar definitivamente o expediente de cesión de titularidade (propiedade) ao Concello de Arteixo das infraestruturas de Urbanización do Polígono Industrial de Sabón (Arteixo), obxecto de cesión, comprenden os seguintes bens e servizos e as parcelas adscritas aos devanditos servizos:

REF. CATASTRAL	PARCELA	SUPERFICIE M2	USO
000100200PA05A0001QT	EMBALSE ROSADOIRO	560.000	EMBALSE ROSADOIRO
			BOMBEO ETAP
			BOMBEO AVDA. DA PRAIA (Nº 2)
			BOMBEO PROX. ETAP. Avda. Embalse (nº 1)
			PRESA E GALERIAS
			OBRA DE TOMA
			C.T.
0270607NH4906N0001KE (parcela 59 bis)	DEPOSITO DE AUGA	21.046	DEPOSITO DE AUGA
			CAMARA CHAVES
			ACCESO RODADO
0778602NH4907N0001LB	TANQUE TORMENTAS Situado na parcela nº1	1000	TANQUE TORMENTAS CENTRO DE TRANSFORMACIÓN ACCESO RODADO

A parcela correspondente ao Tanque de Tormentas, situado na parcela nº1 cédese, unicamente, a superficie ocupada polo devandito tanque, o centro de transformación e os seus accesos rodados para mantemento e reparación, cunha superficie estimada de 1.000 m2. Para tal fin levará a cabo o oportuno deslinde, previo informe dos servizos técnicos

1.3.- ZONAS VERDES:

As zonas verdes atópanse, principalmente, en ambas as dúas marxes do encoro de Rosadoiro. É obxecto tamén de cesión a “Ponte dos Brozos” cualificado no inventario como ben patrimonial.

1.4.- ABASTECIMENTO E SANEAMENTO:

1.4. A) ABASTECIMENTO

O abastecemento de auga consta da presa e o encoro de Rosadoiro, cunha concesión de 100 l/s de auga da ETAP e a súa estación de bombeo de residuais á nº2, o depósito e a rede de distribución do polígono coas súas acometidas.

A Deputación tamén transmite a concesión previa a correspondente autorización do organismo competente.

A prestación deste servizo e a aprobación das ordenanzas fiscais e os correspondentes regulamentos no seu caso, e a xestión, liquidación, inspección e recadación da taxa que financia este servizo corresponderalle así mesmo ao Concello de Arteixo, polos pagamentos que se produzan a partir do 1 de xaneiro de 2015, nos termos establecidos na Disposición adicional primeira do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón.

1.4.B).- SANEAMENTO:

A rede de saneamento definida no Plan director inclúe a parte correspondente ao Polígono das estacións de bombeo de Rañal e Sabón-Bens, xa xestionadas polo Concello de Arteixo, a estación de bombeo nº 2 na Avda. da Praia e a estación de bombeo nº 1 situada nas proximidades da ETAP, Avenida do Encoro, que pasa a xestionar o concello en virtude deste convenio nos termos establecidos na Disposición adicional primeira do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón.

A prestación deste servizo e a aprobación das ordenanzas fiscais e os correspondentes regulamentos no seu caso, e a xestión, liquidación, inspección e recadación da taxa que financia este servizo corresponderalle así mesmo ao Concello de Arteixo, polos pagamentos que se produzan a partir do 1 de xaneiro de 2015, nos termos establecidos na Disposición adicional primeira do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón.

2.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E CESIÓN DE TITULARIDADE DE PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN: APROBACION DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACION E CESION DE TITULARIDADE DE PARCELAS DO POLIGONO DE SABON

2.1.-Aprobar definitivamente o expediente de desafectación das parcelas que se indican no apartado 2.3 (excepto a parcela nº 36 e parte da nº1 que xa teñen carácter patrimonial) quedando cualificadas como patrimoniais para a súa posterior adscrición polo concello aos usos que correspondan.

2.2.- Aprobar definitivamente o expediente de cesión de titularidade (propiedade) das citadas parcelas ao Concello de Arteixo (incluída a parcela nº 36 e parte da nº1) e que se detallan no apartado 2.3.

2.3. A relación de parcelas obxecto de cesión é a seguinte:

PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE CATASTRAL M2	VALOR CATASTRAL 2013	USO ACTUAL
30	9956708NH4905S0001YJ	11.002	18.871,53	Uso comunitario
33-b	9956707NH4905S0001BJ	11.380	1.463.994,04	CEIP
34	9956706NH3995N0001AP	16.486 (3.576 superficie construída, 12.910 superficie solo)	2.595.636,54	Uso deportivo
36	9956704NH3995N0001HP	9.381	1.206.830,23	Uso deportivo
37	9956703NH3995N0001UP	19.034	2.448.652,24	Uso deportivo
39	9956701NH3995N0001SP	8.343	1.073.295,45	Uso deportivo
59 bis	0270607NH4906N0001KE	21.046	1.147.248,90	Depósito de distribución
111	1278201NH4917N0001QQ	11.599	955.943,18	Uso deportivo
132	A: 1168601NH4917S0001DO B: 1168602NH4917S0001XO C: 1168603NH4917S0001IO	A: 9.916 B: 9.335 C: 8.417	A: 1.275.655,96 B: 1.200.912,51 C: 1.082.815,27	Uso deportivo

Así mesmo, a Deputación levará a cabo as actuacións necesarias para tramitar a cesión da parcela 101-A con referencia catastral 0771401NH4907S0001DT, superficie 7.545 m2 e valor catastral 621.828,72 € ao Concello de Arteixo e da parcela 129-C unha vez aclarada a correcta inscrición catastral.

Da parcela correspondente ao Tanque de Tormentas, (situado na parcela nº1) referencia catastral 0778602NH4907N0001LB cédese, unicamente, a superficie ocupada polo devandito tanque, o centro de transformación e os seus accesos rodados para mantemento e reparación cunha superficie estimada de 1.000 m2. Para tal fin, levará a cabo o oportuno deslinde, previo informe dos servizos técnicos.

A Deputación mantén a titularidade do resto da parcela nº 1, indicada no parágrafo anterior; a totalidade das parcelas nº2 e a nº 3.

3.-CONDICIÓNS DE CESIÓN

A cesión de titularidade suxéitase ás seguintes condicións:

1. Que as parcelas se dediquen a dotación pública destinada a equipamentos, debendo manterse o seu destino durante 30 anos. Se no período citado o concello decidise, por razóns de interese público, a desafectación dalguna parcela e o seu posterior alleamento con arranxo ao procedemento legalmente establecido, o importe íntegro da venda destinarase ás obras ou servizos que

determinen de común acordo a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo, no Polígono Industrial de Sabón.

2. O Concello de Arteixo facilitará á Deputación o uso gratuito das parcelas cedidas cuxa utilización fose compatible polo tempo necesario nas datas que se fixen de mutuo acordo entre ambas as dúas institucións durante o prazo establecido no apartado 1.
3. O Concello de Arteixo realizará os trámites e no seu caso, aboará os gastos derivados das correspondentes inscricións ou inmatriculacións das citadas parcelas no Rexistro da Propiedade así como no Catastro. Así como calquera tributo ou cantidade que no seu caso puidese esixirse derivado da devandita cesión.
4. No non previsto expresamente nas condicións de cesión aplicarase o Regulamento de bens das entidades locais.

4. EXECUCIÓN DO PRESENTE ACORDO

Facultar ao presidente para a execución do presente acordo. Así como para executar todos os actos necesarios para o cumprimento do presente acordo.”

30.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MELLORA VÍAS DE JIMÉNEZ HERRERO, ILLA DO PORTELO E OUTROS” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO: 14.2100.0122.0.

Sr. Secretario

Hai unha emenda para corrixir un erro na proposta que non se recolleu despois no ditame.

ACORDO

O Pleno por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que entre as obras aprobadas figuraba a seguinte do Concello de Oleiros:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2100.0122.0	Oleiros	<i>Mellora viais de Jiménez Herrero, Illa do Portelo e outros</i>	208.539,95	0,00	208.539,95

Logo de presentar telematicamente o Concello de Oleiros un proxecto modificado desta obra, así como a documentación precisa para a súa aprobación.

Logo de ver as bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora viais de Jiménez Herrero, Illa do Portelo e outros” do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014, co código 14.2100.0122.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si existe unha alteración das partidas internas do seu presuposto, con respecto do proxecto inicialmente aprobado, superior ao 30% do presuposto de execución material.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2100.0122.0	Oleiros	Mellora viais de Jiménez Herrero, Illa do Portelo e outros	208.539,95	0,00	208.539,95

31.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “REMODELACIÓN DA PRAZA DO HOSPITAL” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO: 14.2100.0159.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 28 de marzo de 2014 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello das Pontes de García Rodríguez que se indica na seguinte táboa:

Concello Código da obra	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total	Condición que se ha realizar
As Pontes de García Rodríguez 14.2100.0159.0	Remodelación da Praza do Hospital	395.508,94	0,00	395.508,94	Informe de supervisión técnica favorable

Logo de presentar telematicamente o Concello das Pontes de García Rodríguez un proxecto modificado desta obra, e logo de ver o correspondente informe técnico de supervisión favorable do dito proxecto modificado emitido o 31 de outubro de 2014 polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios desta Deputación

Logo de ver as bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º Aprobar a modificación do proxecto da obra “Remodelación da Praza do Hospital”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0159.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total, nin cambio da finalidade da obra, nin da súa localización, si implica unha variación substancial dalgunhas partidas internas do proxecto inicial

			FINANCIAMENTO		
Código da obra	Concello	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2100.0159.0	As Pontes de García Rodríguez	Remodelación da Praza do Hospital	395.508,94	0,00	395.508,94

2º Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta Deputación do 28 de marzo de 2014, e aprobala definitivamente, toda vez que consta no expediente a documentación xustificativa do seu cumprimento

3º Notificar telematicamente este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos de que poda iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no POS 2014.”

32.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO CAMPO DA FESTA DE BRAÑAS E OUTROS” DO CONCELLO DE TOQUES, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO: 14.2100.0189.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario

Logo de ver que neste Plan POS 2014 se inclúe, entre outras, a seguinte obra do Concello de Toques, cos datos seguintes:

			FINANCIAMENTO		
Código	Concello	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2100.0189.0	Toques	Pavimentación do Campo da Festa de Brañas e outros	144.955,06	0,00	144.955,06

Logo de aprobar o Concello de Toques un proxecto modificado desta obra, e logo de presentalo telematicamente ante esta Deputación, así como os correspondentes informes xurídicos e técnicos relativos á dita aprobación

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Pavimentación do Campo da Festa de Brañas e outros” do Concello de Toques, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0189.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado previsto no proxecto inicial e cuxos datos son os seguintes:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2100.0189.0	Toques	Pavimentación campo da festa de Brañas e outros	144.955,06	0,00	144.955,06”

33.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ARRANXO DE FIRME DE VÍA PÚBLICA DO CRUZAMENTO DE SESMONDE” DO CONCELLO DE VILASANTAR, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS (2014.3280.0215.0).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto técnico modificado da obra denominada “Arranxo firme de vía pública do Cruce de Sesmonde” do Concello de Vilasantar, código 14.3280.0215.0, incluída na 2ª fase - derradeira da anualidade 2014 do PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 30 de xullo de 2014, cun orzamento de 41.845,80 euros, dado que non representa unha variación do orzamento total respecto ao do proxecto técnico inicial, aínda que supón un cambio de vía no mesmo núcleo do Cruce de Sesmonde, polo que se modifican as medicións e as partidas da obra, pero trátase igualmente dun camiño municipal no que se arranxa a capa de rodadura.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Vilasantar	14.3280.0215.0	Arranxo de firme de vía pública do Cruce de Sesmonde .	41.845,80	0,00	41.845,80

O financiamento desta obra incluída na 2ª- derradeira fase do Plan realízase con cargo á partida presupostaria do plan 0430/155B/76201 do exercicio 2014.”

34.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA O 31.10.2014 E PROXECCIÓN AO 31.12.2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/10/2014 e proxección a 31/12/2014.”

35.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de analizar a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a viceteseira.
- Texto proposto para a ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1ºAprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL, artigos 42, 43, 44 e 45 coa seguinte redacción:

Artigo 42.- FORMAS, MEDIOS E LUGARES DE PAGAMENTO

O pagamento das débedas, tributarias ou non tributarias, garantías en efectivo e calquera outro pago que se ha efectuar a favor da Deputación provincial, terá que facerse mediante entidade financeira colaboradora, despois da obtención previa da correspondente carta de pagamento.

Estes pagamentos canalizaranse polos seguintes medios:

- a) Ingresos de efectivo nas oficinas abertas ao público polas ditas entidades no correspondente horario de atención ao público destas, ou nos caixeiros automáticos das ditas entidades.
- b) Mediante domiciliación bancaria no caso dos tributos de cobro periódico e notificación colectiva e aqueles outros que decida a Presidencia no seu procedemento de xestión.
- c) Na oficina virtual tributaria a través do pagamento con tarxeta en TPV virtuais, red-es, cargo en conta ou calquera outro medio que poida establecerse.

Artigo 43.- FORMAS DE PAGAMENTO NA TESOURERÍA PROVINCIAL

Na Unidade Central de Tesourería será posible o pagamento daquelas taxas, garantías e ingresos non tributarios que constitúan recursos propios da Deputación mediante un sistema asistido de TPV virtual dentro da Oficina Virtual Tributaria, sen prexuízo da posible expedición da carta de pagamento para o ingreso en entidade colaboradora de calquera débeda, garantía ou calquera outro pagamento.

Só en circunstancias excepcionais e con autorización previa do tesoureiro, poderán efectuarse cobros en efectivo en determinados casos concretos.

Artigo 44.- XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO

Os xustificantes de pagamento en efectivo serán segundo os casos:

- a) Os recibos validados pola Tesourería ou as entidades financeiras colaboradoras.
- b) As cartas de pago subscritas ou validadas polo funcionario competente ou polas entidades autorizadas para recibir o pagamento.
- c) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado, expedidas pola Tesourería ou o Servizo Central de Recadación.
- d) Calquera outro documento ao que se outorgue expresamente o carácter de xustificante de pagamento, autorizado por Resolución da Presidencia.

Artigo 45.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO EN MATERIA DE CANLES DE INGRESO

O cobro de todo tipo de débedas, garantías e calquera importe a favor da Deputación ou das entidades cuxa xestión recadatoria ten delegada, regularase mediante as normas xerais de desenvolvemento que aprobe a Presidencia da Deputación e as instrucións concretas que dite a Tesourería.

Elevarase ao Pleno da Excelentísima Deputación provincial a citada proposta de acordo, co fin de sometela á deliberación e posterior aprobación, se proceder, por canto ha de quedar a resultas das reclamacións que puideran formularse, salvo que non se produza ningunha, en cuxo caso entenderase definitivamente aprobada.

2º.- O acordo que ao respecto se adopte, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra da modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

4º .- Entrada en vigor:

a) Se non se producen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

36.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7/2014.

INTERVENCÍONS

Sr. Requeira Varela

Hai un momento felicitábaos por traernos un plan para aprobar, aínda que non puideramos apoialo por cuestión de criterios, pero para non redundar criterios que xa defendemos no Pleno pasado en relación cos expedientes de modificación de créditos, sétimo expediente de modificación de créditos, moitos plans se poderían ter feito máis nesta Deputación no caso de que non existiran estes sete expedientes de modificación. Eu simplemente voules recordar que durante o ano 2012, trece millóns e medios foron as subvencións nominativas, no ano 2013, vinte millóns douscentos e pico mil foron a nominativas e no dous mil catorce xa levamos vinte e dous millóns, practicamente e medio, en nominativas.

Eu creo que teríamos que retomar seriamente o camiño dos plans, eu alégrome de que haxa un Plan PAI que se acaba de aprobar nesta sala, pero considero que esta modalidade hai que desbotala definitivamente, como reclamábamos no anterior Pleno, e agardo que este tipo de subvencións para o ano que vén non sexan a norma xeral desta Administración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e os votos en contra do BNG, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 7/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 5.031.530,11 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 763.451,23

SC. Suplemento créditos: 4.268.078,88

Total de aumentos: 5.031.530,11

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de tesourería: 2.565.122,96

Baixas de crédito noutras aplicacións: 2.466.407,15

Total financiamento: 5.031.530,11

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gasto

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	156.685,15	0,00
2. Gastos correntes	0,00	16.000,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	48.219,05	0,00
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	2.369.407,15
6. Investimentos reais	97.000,00	81.000,00
7. Transferencias de capital	4.729.625,91	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	5.031.530,11	2.466.407,15

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	2.565.122,96
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	2.565.122,96

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

37.-INFORMACIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE ABOAMENTO A PROVEDORES.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para os meses de setembro e outubro de 2014.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.”

38.-APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2015 E BASES DE EXECUCIÓN.

INTERVENCÍONS

Sr. Presidente

Se me permiten, farei eu aquí unha breve intervención dos orzamentos. O orzamento este ano, como saben vostedes, vaise a un montante total de 171.334.000 euros, e cun orzamento que para este equipo de goberno é un orzamento realista, cunha vontade de crecer, elaborado pensando nos noventa e tres concellos da provincia pero, sobre todo, nas persoas que viven neles.

(Entra no salón o Sr. Iglesias Redondo).

É un orzamento que para nós é importante por tres motivos, primeiro porque é elaborado desde a tranquilidade de non ter que facer fronte a ningunha débeda financeira, e polo tanto de non ter que dedicar ningunha partida orzamentaria ao pago de xuros nin á devolución de préstamos, que é algo novo nesta Deputación. En segundo lugar, é un orzamento que crece un nove por cento este ano con respecto ao exercicio anterior, e ademais crece sen pedir ningún crédito, como vén sendo norma nesta Corporación durante estes últimos anos, e en terceiro lugar porque incorpora ese novo plan, do que acabamos de aprobar as bases hai escasos momentos, que é o Plan de aforro e investimentos, dotado con vinte e cinco millóns de euros inicialmente, e que ao longo do ano que vén, en función dos remanentes que teñamos, igual podemos articular unha segunda fase.

O feito de non ter que pagar esa débeda a verdade é que nos permite dedicar esas partidas entre outras cousas para ese plan, pero este plan non é único, saben vostedes que o POS segue sendo un plan importantísimo desta Deputación e que ademais podemos presumir de que, efectivamente, é o POS máis importante de todas as deputacións, en primeiro lugar de Galicia, e de gran parte de España, e que é financiado integramente ao cen por cento pola Deputación e polos fondos provinciais, antes saben vostedes que había unha achega do Ministerio, unha achega dos concellos, agora a do Ministerio eliminouse a aos concellos tampouco lla pedimos durante este mandato, senón que a supliu a Deputación, igual que a do Ministerio, e

ademais fomos adaptando ao longo do tempo as necesidades municipais ás bases deste POS, deixando ata o 60% para gasto corrente nos momentos máis crús para os concellos e agora recuperando ese 60-40 que cremos que é importante.

Polo tanto nos orzamentos a partir do 1 de xaneiro do ano 2015 levamos a disposición dos concellos a través destes dous plans, 42 millóns de euros, que non é unha cantidade nada desdeñable en termos absolutos en toda España, pero desde logo nada desdeñable en relación co montante total dos nosos orzamentos, e podémolo comparar co POS que temos nas outras tres provincias de Galicia, sexa cal sexa, que chegamos a ter un POS nalgunha provincia dun millón de euros para repartir entre todos os concellos, e aquí son vinte e catro máis vinte e cinco do PAI, polo tanto unha cantidade importante e unha aposta polos concellos importante.

No tocante aos servizos sociais, non só os blindamos, como fixemos dende hai anos, senón que seguimos aumentando a súa contía en termos absolutos, e polo tanto, relativos, moitísimo máis. O total que dedicamos ás entidades sociais sen ánimo de lucro, cando chegamos estabamos en torno a un millón de euros en 2012, e pecharemos este ano cun millón setecentos cincuenta mil. Ademais os servizos sociais, froito do cambio lexislativo, é certo, dedicámoslle na Deputación da Coruña para os menores de 20.000 habitantes, pasamos dos seis millóns de euros.

Levamos unha novidade que é un plan para obras de ambiente para concellos de menos de 20.000 habitantes, outra das ferramentas coas cales facemos unha discriminación cara aos concellos máis rurais, á parte dos que falamos antes, e esta non a citara, que este ano xa a levamos a cabo a final de ano, e para o ano xa a levamos tamén orzada nos nosos orzamentos. Loxicamente na conservación de vías provinciais, como ben sendo habitual, no mantemento sempre reservamos esas contías necesarias que establecían os técnicos, polo tanto o mantemento das nosas redes de estradas provinciais está garantido, e ademais facemos loxicamente achegas tamén en travesías, e en sendas peonís. E é certo que hai unha baixa con respecto ao ano pasado para determinadas obras, pero tamén é certo que a experiencia nos di, e non só a deste mandato, senón a dos últimos dez, quince anos, que sempre van orzadas obras que despois non se poden incluso contratar nese ano por culpa de problemas, ou ben na expropiación, ou problemas distintos que poden xurdir cos permisos, etc. Polo tanto, o compromiso deste goberno é aquelas obras que xa teñen os permisos ir sacándoas, e ao longo do ano facer algunha achega de remanentes para que poidan saír novos proxectos.

No eido da cultura seguimos mantendo unha importante achega, tanto na convocatoria dos premios de narrativa, banda deseñada, ensaio, poesía, escritura teatral, composición musical, fotografía, artes plásticas, literatura infantil ou artesanía, con máis de 130.000 euros, a día de hoxe poucas institucións manteñen unha cantidade, calidade e variedade de premios ou de convocatorias no eido cultural, como a Deputación da Coruña, e ademais mantense un programa de bolsas que se vai incrementando ano tras ano e xa estamos en 461.000 euros os orzamentos dedicados ás bolsas.

Polo tanto, é un orzamento optimista, que vai recuperando unhas contías importantes, froito dun axuste inicial no ano 2012 moi importante, e quero agradecer que durante estes anos os servizos técnicos da Deputación e todos departamentos colaboraron, sobre todo nese primeiro axuste importante do vinte e pico por cento, e

que hoxe, grazas a eses axustes e grazas a ese traballo que se fixo, podemos presentar xa un orzamento que recupera niveis cuantitativos case importantes que amosan esa recuperación e ese incremento do nove por cento.

E ademais, como novidade tamén, nas bases de execución do orzamento introducimos unha serie de novidades encamiñadas a poñer se cabe, froito dos debates que tivemos aquí, máis prevención para os casos das subvencións, para os casos dos contratos, propoñemos que, efectivamente, todos os membros dos distintos grupos que xa están presentes nas mesas de contratación non só teñan voz, senón que tamén voto, efectivamente. Propoñemos que nas subvencións nominativas os concellos teñan que adaptarse aos novos pregos que redactará a Deputación da Coruña, propoñemos que cando se trate non de concellos, senón de entidades, poida estar presente un técnico da Deputación para a acta de recepción, o cal loxicamente vai incrementar o control sobre todas e cada unha delas. Propoñemos incrementar os criterios no tocante aos contratos menores, incrementando o número, ou ben que se publiquen, ou ben incrementando o número mínimo de empresas esixidas para tales concretos, invitadas, e un control de calidade das obras, que sei que foi motivo de debate tamén nalgunha Comisión, para que, efectivamente, como novidade tamén a partir de agora, haxa un control de calidade de cada unha das obras que se executen por parte desta Deputación, e a iso témoslle que sumar o control financeiro que se fai desde esta Deputación xa desde finais da lexislatura pasada, que é tamén unha cousa que non se fai noutras deputacións, e que probablemente grazas a todo ese traballo feito durante todo este tempo, a Deputación da Coruña sempre foi exemplar e estou seguro que o vai seguir sendo porque cada vez nos controis imos máis adiantados que o que marca a propia lei, e nese sentido queremos seguir.

Este é o orzamento que somos capaces de presentar, co que estamos moi identificados e co que nos enorgullece poder traer estas cifras e este apoio aos concellos que, ao fin e ao cabo, son as entidades ás cales se debe esta administración intermedia. Pola miña parte nada máis.

Sr. Requeira Varela

Imos comezar pola memoria da Presidencia e as reflexións que fai o propio presidente, que son parecidas ás que acaba de transmitirnos sobre os orzamentos da Deputación para o 2015, unha serie de reflexións coas que nós manifestamos xa claramente que estamos de acordo no que son as reflexións, a eficacia das accións públicas, evidentemente, parécenos correcto que por fin se desbote esa alusión recorrente ao mantra da austeridade, e se comece a falar de algo que consideramos moito máis acaído que é a eficacia, a eficacia das administracións. Tamén se fala de esixencia de clareza, precisamente hoxe onde no Congreso dos deputados se está debatendo sobre políticas de transparencia e volvemos a concordar en que é un clamor a esixencia de transparencia, sobre todo a raíz dos escandalosos casos de corrupción e corruptelas que a diario acaparan páxinas de xornais, hoxe mesmo, e novas en todos os medios de comunicación.

E tamén di o presidente na súa memoria que é un orzamento para facer reflexión e balance porque estase rematando o mandato do Goberno. O BNG está de acordo cos enunciados, mais cremos que en grande parte son contraditorios coa praxis política que se veu mantendo desde o Goberno desta Administración pública. Mire vostede, Sr. presidente, falar nun documento da esixencia por parte da cidadanía

de consensos básicos nas cuestións esenciais que afectan aos servizos públicos é relativamente doado, o papel pode con todo, o difícil é poñelo en práctica e vostedes dirán, e xa o teñen dito aquí, que o consenso hai que reclamálo, ou que debemos de reclamálo as forzas políticas da oposición. Nós non estamos de acordo, o consenso ten que buscalo quen goberna desde unha maioría absoluta e ten a facultade de impoñer esa maioría ou abrir canles de diálogo que dean lugar a puntos de encontro e a consensos, iso na Deputación da Coruña non se produciu nestes anos salvo en contadas declaracións institucionais, como as que se fixeron hoxe, que case sempre son de contidos mínimos. Xamais houbo convocatoria aos Grupos para falar de cales eran esas cuestións prioritarias que di que hai que atender, de definir que competencias básicas deberíamos lograr, sobre o que deberíamos lograr acordos, ou sobre cales eran as urxencias dos concellos. Incluso as promesas das tan anunciadas mesas político-técnicas, que quedaron niso, en promesas, non se chegaron nunca a celebrar. Se nos próximos meses se dá un cambio radical na forma de facer política do Grupo de goberno, benvido será, mais repito, a negociación e o diálogo non foi o habitual durante estes anos, agardemos que cambien como vostede asegura na prensa estes días. Agardamos tamén que a transparencia e os mecanismos de control que se inclúen nas Bases de execución e o que vostede anuncia que ten que ver coa participación da oposición nas comisións avaliadoras e nas Mesas de Contratación, sexa realidade antes que aquelas comisións político-técnicas que non chegaron en tres anos. As reflexións está ben facelas, mais cando se conclúe o que vostede conclúe, fai falta tamén poñer en práctica o que se plasma no papel, desexamos e agardamos que así sexa, aínda que só sexa para o que resta de mandato.

Reflexiona vostede sobre a crise económica, e compartimos os cualificativos que emprega no documento para definila, non así a súa falta total de autocrítica coa forza política que ten encomendado a tarefa de acalar esa crise, esa forza política, que é a súa forza política, o Partido Popular, e que ten demostrado que as súas receitas foron claramente erróneas, dado os resultados obtidos, e que empeoraron claramente a situación de partida.

Expón vostede un relatorio de medidas que durante estes anos se tomaron para priorizar o mantemento e mellora dos servizos públicos municipais relacionados co benestar económico e social da cidadanía da provincia. Di vostede que se blindaron os servizos sociais para 2015, certo é que durante estes anos se veu mantendo a partida orzamentaria para esta área. Modificaron as bases dos plans provinciais e das subvencións dirixidas a concellos para permitir o anticipo parcial dos importes, é certo, modificáronse nese aspecto e noutros moitos que a nós non nos parecen tan ben, e que algún deles xa o criticamos en puntos anteriores.

Adaptáronse, di vostede, as normativas do POS para que se puidera investir en gasto corrente ou na amortización da débeda, tamén é certo, non acertadamente, cremos, porque baixo o noso punto de vista este mantra da débeda non sempre é un recurso positivo. Podemos pensar que un concello sen débeda, unha administración sen débeda, está moi saneado e vaille ir moi ben as cousas na vida diaria, pero non sempre é así. Sería ilóxico que concellos e administracións que teñen contraída unha débeda a un xuro baixísimo hai moitos anos, é que sería incluso peor aprazar a débeda porque resulta relativamente barato, para que nun futuro, cando se teña que acometer un gasto extraordinario, ou se teña que poñer en marcha un plan necesario ou urxente, haxa que volver a acudir á débeda e pagar a débeda a un xuro moito máis

caro. Polo tanto, non fagamos da débeda algo esencial, fagamos da débeda o discurso da débeda na súa xusta medida.

Tamén di vostede que aumentaron os recursos anticipados aos concellos que teñen delegada da Deputación a xestión e a recadación de tributos, tamén é certo. Efectivamente, non hai nada que obxectar a todo o exposto anteriormente, como tamén entendemos como positivo o que dicía vostede hai un momento, que manteña a dotación ao POS con recursos propios, logo de que o Goberno do Estado, do Partido Popular, retirara a achega ao plan durante todos estes anos.

Efectivamente, hai algunhas cuestións nas que, a pesar de non concordar no cen por cento, podemos estar bastante de acordo, mais hai outras que os enunciados poden ser asumibles e admisibles, pero os resultados non o son tanto. Antes falamos do PAI, e tamén falamos no seu momento do DTC, nada que obxectar en principio a que se articulen plans e o que reiteramos case en cada Pleno para que se abandone tamén a senda das subvencións nominativas é que se articulen eses plans provinciais de concorrencia competitiva para que poidan participar todos os concellos, mais vostedes, como dicía antes, fixeron plans alterando claramente os criterios de reparto, e dirán vostedes que o reparto per cápita dá unhas solucións máis ou menos aceptables, pero se collemos o cadro comparativo, temos que 71 concellos da provincia diminúen os seus ingresos cambiando os criterios do POS, algúns moi rechamantes e moi contiosos, podemos falar de Ames, podemos falar de Arteixo, podemos falar de Boiro, podemos falar de Cambre, podemos falar de Carballo, de Culleredo, de Narón, de Oleiros, de Ribeira, onde todos ven reducidas as contías económicas por riba do 22%, nalgún caso falamos do 36% e, onde pola contra, cidades como A Coruña pasan de ter recursos que serían cos criterios do POS de 165.000 euros a ingresar 1.781.000. Non sei, a min paréceme curioso que onte mesmo o Ministerio de Facenda sacara unha listaxe de cidades por débeda e por morosidade, e curiosamente cidades como A Coruña encabezan ou están destacadas en termos de débeda municipal e de morosidade, a estas cidades son ás que van a maioría dos fondos, á Coruña, a Santiago e Ferrol.

Tamén di, e di ben, cando se refire á intensa colaboración e coordinación con outras administracións. Efectivamente, a Deputación provincial estivo cubrindo e colaborando con outras administracións, cubrindo a falta de capacidade de investimento da Xunta de Galicia, por exemplo, ou do Estado, desas administracións amigas, iso si, a conta de precarizar o seu propio patrimonio e programas na maioría dos casos. Iso dunha administración, un servizo, que vostede tamén fala na memoria da Presidencia, sabe vostede que non é certo, e que día tras día demóstrase como unha falacia. O que se fixo durante todo este tempo é cubrir competencias propias da Xunta de Galicia, e nalgúns casos do propio Estado, con fondos provinciais, a Xunta anúnciase e paga a Deputación da Coruña, que tamén se anuncia, duplicidade de servizos e confusión social. Asumíronse moitísimos gastos da administración autonómica e da administración estatal en cuestións que non son competencia desta administración, en fin, que todo é moi discutible, mais o que toca agora é analizar os orzamento de 2015 e a iso imos.

Anunciaba vostede con satisfacción, e entendémolo, que o orzamento medra un 9% respecto de 2014, e que esa suba realista ten vontade de medrar ata acadar os niveis anteriores á crise económica, xa que é o primeiro elaborado sen obrigas financeiras. O orzamento que nos traen vostedes aquí sitúanos a niveis do ano 2010-

2011, incluso un pouco por riba, porque neses anos había un capital que tiña que ir destinado á amortización da débeda, e que non era un capital que se fora investir no conxunto dos concellos da provincia, polo tanto, incluso poderíamos estar falando dun orzamento superior aos dos anos 2010 e 2011. Comparemos, pois, cuestións que viñan reflectidas neses anos contables e no orzamento que nos trae hoxe vostede aquí.

Fala vostede dunha redución do 22% de gastos de persoal, a nós gustaríanos que se nos dera unha explicación deste dato porque parece claro, e así o reflicten os servizos, de que o orzamento incluso sobe algo respecto ao 2014, pero en ningún caso se reduce o gasto de persoal nun 22%. O que está claro é que o tema de persoal é algo que é un tema que foi unha cuestión prioritaria nos debates que mantivemos neste Pleno, aquí a cuestión de persoal fíxose dela un cabalo de batalla, destruíuse emprego público, amortizáronse prazas, a política de persoal que vimos criticando Pleno tras Pleno. Subíronse salarios, salarios non, pero subíronse complementos, creáronse novas xefaturas a costa de destrución de emprego público por abaixo, e todo isto para que non haxa realmente aforro na partida de persoal.

Fala vostede dos plans provinciais, eses plans que reclamamos continuamente cada vez que falamos dos expedientes de modificación de crédito, neste Pleno acabamos de aprobar o sétimo, pois ben, imos aos plans provinciais. O POS de 2015 está dotado con 24,2 millóns de euros, no ano 2010 e 2011 a dotación do POS era absolutamente a mesma, 24,2 millóns de euros, mais collemos o Plan de vías provinciais, do que falou tamén vostede, que este ano ten unha dotación de 1,8 millóns de euros, e imos ao 2010 e ao 2011, encontraremos que nesas dúas anualidades esa dotación era de seis millóns e medio. Sendas peonís, van investir agora neste exercicio 2015, 2,5 millóns de euros, no ano 2010 investíanse eses 2,5 millóns de euros, e no 2011, 2 millóns de euros. Falan vostedes tamén dun millón de euros para un plan de obras ambientais para concellos de menos de 20.000 habitantes, en 2010 había, se non me equivoco, 5 millóns, e en 2011, 3 millóns de euros a través do proxecto Mandeo, e outros 5 millóns de euros a través do PCC, que era un plan de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Tamén falan vostedes de que blindan as partidas destinadas a servizos sociais, hai que recoñecer, como dicía antes, que mantiveron vostedes uns orzamentos importantes nesta área durante estes últimos anos. E din vostedes que fan un incremento importantísimo das dotacións, congratúlanse de que a partida dedicada ás subvencións de entidades sociais sexa de 1,7 millóns de euros cando o BNG, que gobernaba esa área en 2010 e no ano 2011, dedicaba en 2010, 3,3 millóns de euros, practicamente o dobre, e no 2011, 2,4 millóns de euros máis 600.000 euros máis. E no que se refire á dotación da área social que dá vostede a entender que se incrementou co seu goberno, recomendámoslle que repasen as contas, cando vostedes chegaron, a acción social estaba dotada en 2010 con 11 millóns de euros e en 2011 con 9,6 millóns de euros, un 6,6% do orzamento por aquel entón. Sume vostede o orzamento de acción social que nos presenta e verá que non pasa dos nove millóns e medio, polo tanto, por debaixo das dotacións que había naqueles anos.

Mais podemos seguir comparando, Sr. Presidente, imos a Cultura e Deportes, en 2010 tiña unha dotación de 19,5 millóns de euros para subvencións e programas de cooperación cos concellos e entidades, en 2011, tiña 19,6, hoxe queda nos escasos 12,3 millóns de euros. Ou, por exemplo, a área de Promoción Económica,

Turismo e Emprego, que en 2010 tiña 16 millóns de dotación económica, e no 2011 tiña 15 millóns e agora rolda os 11 millóns e medio.

Tampouco se trata aquí de aburrir con cifras, nin facer comparacións máis pormenorizadas, que serían ben interesantes, mais debe quedar claro que vender está ben pero para comprar, seguramente hai que comparar, e o que facemos nós é comparar. Xa ve vostede que a débeda cero non trae consigo un orzamento mellor dotado en áreas desas que se din que son esenciais, e das que falaba vostede na memoria da Presidencia, e que entendía, segundo dicía vostede, que precisaban de consensos, mágoa que se busquen os consensos no Pleno e que non se buscara o consenso antes porque seguramente a algún acordo poderíamos chegar. Agora ben, vostedes si teñen outro Plan de investimentos, que acaban de anunciar, que acabamos de aprobar, que é o Plan PAI, que ten 25 millóns de euros de dotación. Ese plan con criterios do DTC que vai significar unha inxección económica nos concellos e que, xa digo, non estamos de acordo para nada cos criterios de reparto, que consideramos que son lesivos para a maioría, pero que si que estamos contentos de que se articule. Aí están as claves do que vai ser o noso voto, nós consideramos que con este orzamento, que é un orzamento moi parecido incluso, xa digo, superior ao que fixeron anteriores gobernos en 2010 ou en 2011, con esas cantidades económicas poderíase facer un moito mellor orzamento.

Teñen vostedes un orzamento cunha dotación económica digna, mellorou respecto dos primeiros orzamentos que vostedes traían aquí, pero creo que teñen vostedes un orzamento que se vai repartir dunha maneira, consideramos que demasiado discrecional, e cremos que se deixa moi prexudicado a todo o tecido asociativo e social da provincia que ten partidas moito máis reducidas das que tiñan con orzamentos semellantes en anos anteriores, en anos de orzamentos moi semellantes como os que acabamos de analizar aquí, como poden ser o 2010 e o 2011. O voto do Bloque Nacionalista Galego non pode ser outro que o voto desfavorable.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados. Este é o último orzamento deste mandato corporativo e co seu permiso aproveitarei para facer algunhas consideracións.

Nos tres anteriores debates dos orzamentos desde o meu Grupo solicitámoslle que recuperasen algo que era habitual, que antes de levar o orzamento a Comisión se convocase aos voceiros para informalos do seu contido e facerlles entrega dunha copia do documento. Era unha cuestión simplemente formal e de cortesía que, por desgraza, non o vimos nestes últimos anos.

Podemos ver neste orzamento as consecuencias nefastas que xeraron as políticas do Sr. Montoro, no seu afán de conter o déficit a toda costa o que orixinou é que os bos, os que cumpren, os que teñen unhas contas saneadas, teñan que sacrificarse en beneficio dos manirrotos, os que incumpren, os que gastaron o que non tiñan. Temos 25 millóns de euros que non podemos gastar, é dicir, temos uns ingresos dos que non podemos dispor para obras e servizos que melloren a calidade de vida e o benestar dos cidadáns, actuacións que busquen a felicidade da xente, pois non é outra cousa o que debe de buscar a acción política máis que a procura da

felicidade dos cidadáns. E dicía o Sr. presidente hai un pouco na presentación dos orzamentos que tiñamos máis cartos e que iso se debe á boa situación da Deputación. A situación da Deputación é inmellorable, pero non temos máis cartos debido á boa situación da Deputación, temos máis cartos porque as transferencias correntes do Estado incrementáronse, pero temos máis cartos e temos menos capacidade para gastar, porque o orzamento con respecto ao orzamento do exercicio 2014 incrementábase en 13.734.000 euros pero non podemos gastar 25 millóns, polo tanto os cartos dispoñibles son menores. E todo isto para cumprir os obxectivos de déficit, por certo, en moitos casos sacrificando dereitos e políticas sociais que están xerando marxinação e exclusión social e todo porque outros non foron capaces de facer o que ten que facer un bo gobernante, deixar a administración, ao rematar o seu mandato, saneada e con solvencia financeira, para que o seu sucesor, ademais de devolver os préstamos poida seguir desenvolvendo políticas en beneficio da comunidade, 25 millóns de euros que, ao non poder gastalo en operacións non financeiras, se utilizará como préstamo aos concellos para amortizar débeda ou dedicar no seu caso a investimentos financeiramente sostibles.

E corríxoo tamén, Sr. Presidente, na súa intervención cando falaba dos 25 millóns, que dicía vostede que se alegraría que outras deputacións de todo signo puidesen facer isto nas súas corporacións, e que era unha decisión política, e mire, é unha decisión política porque podían ter o diñeiro no banco, pero é o que poden facer, porque non poden gastalo en nada máis que nisto, e non se pode dicir nin comparar con outras deputacións. Por que nos pasa a nosoutros isto?, porque os ingresos crecen nunha proporción e os gastos, pola regra de gasto, crecen moitísimo menos, polo tanto hai un superávit, pero isto ao mellor noutras deputacións non pasa, ao mellor noutras deputacións os ingresos que se deben fundamentalmente ás transferencias do Estado son menores, e a regra de gasto permítelle gastar máis do un e medio por cento, e non se encontran con esta circunstancia. Polo tanto, non se pode comparar, porque son situacións totalmente diferentes, e o único que se pode facer con este diñeiro pola lei é deixalo no banco ou facer isto que se está facendo que, por certo, nós votamos a favor e parécenos unha boa medida, pero as cousas como son.

Durante moito tempo vimos como a sociedade aplaude ao xestor público que se endebeda ata as cellas, e vaise deixando grandes obras, posiblemente algunha innecesaria, e unha administración inviable financeiramente e, por outra parte, castiga ao sucesor que como pode vai sorteando a situación sen case xestión, sobre todo se o comparamos co antecesor, porque non ten medios nin recursos para conseguilos e que, en consecuencia, non só é castigado polas urnas despois, senón que a súa reputación como xestor devén en nula. Creo que é necesaria unha chamada de atención sobre este tipo de actuacións e non só iso, que penso que debería de inhabilitarse para o exercicio da función política aos políticos que incorran nestas prácticas. Debo dicir a nivel persoal que sempre procurei ser fiel a esta idea de ser prudente na xestión dos recursos públicos para que os que me sucederan puidesen ter a capacidade de poder seguir facendo unha xestión normal con recursos suficientes para iso.

Este orzamento que se nos presenta para o seu debate e aprobación non ten nada orixinal, é igual que o anterior, que o anterior e que o anterior, e non pode ser doutra forma, porque na Deputación falar de orzamentos é falar fundamentalmente de estradas, de plans, de obras e servizos, de subvencións de acción social, de cultura,

de deportes e de promoción económica. Os ingresos venenos dados fundamentalmente a través das transferencias do Estado, e sobre os que non temos en xeral ningunha capacidade de decisión, agás en termos absolutamente testemuñais polas taxas que poidamos cobrar e pequenos ingresos. En canto aos gastos, un pode ter un criterio ou outro, e de feito témolos diferentes, pero ao final o contido pouco varía porque seguimos movéndonos en sota, cabalo e rei. É pois, un orzamento continuista e é tamén, como os anteriores, un orzamento prudente.

O mellor do orzamento non se ve ao analizar as súas partidas que superficialmente veremos despois, o mellor do orzamento é o que non se ve a simple vista, é o que se deduce despois de destripalo, a solvencia e a solidez financeira da Deputación que estes orzamentos nos deixan ver, isto é o bo destes orzamentos, por certo, nada especial por outra parte, pois esta foi a realidade presupostaria durante moitos anos da Deputación. Este goberno continuou a senda iniciada por anteriores gobernos provinciais e non só o continuou, senón que por imposición da Lei de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, recorreuno na súa totalidade ata o punto de que a débeda viva é cero, non existe. Non sabemos se o goberno provincial e o seu presidente recorrerían este camiño pola súa propia vontade ou irían etapa por etapa como se viña facendo con anterioridade, pero o certo é que os feitos son os feitos e non quero ignoralos nin minusvaloralos, polo tanto, exprésolle a miña satisfacción e a miña felicitación, Sr. presidente.

Este é o último orzamento deste mandato, non sei se será o seu, presidente, pero si será o meu, e felicítote porque a persoa que te substitúa, sexas ti, ou sexa outra, recibirá unha Deputación saneada e solvente e con capacidade financeira para que o novo equipo de Goberno poida seguir poñendo a Deputación ao servizo da provincia. Mantiven discrepancias serias co presidente neste salón de sesións, fundamentalmente en política de persoal e de contratación, e seguireina mantendo hoxe e seguro que seguirei manténdoa nos plenos posteriores, pero nunca entendín, nin comprendín a aqueles que entenden a política cando gobernan como o reparto do botín, todo para os meus, e nada para os demais, ou que entenden a política na oposición como a ocasión para desprestixiar ao Goberno, faga o que faga, e a custa do que sexa. Dende o Goberno entendo que se xestionan recursos públicos que os cidadáns pagan cos seus impostos e que deben ser xestionados con eficacia e honradez e cando a oposición di ou formula algo que é bo e sensato hai que incorporalo á acción do goberno, dende a oposición, facendo formulacións construtivas e exercendo a crítica e o voto negativo cando temos formulacións diferentes, e votar si, sen que doan prendas, cando o que fai o Goberno parécenos razoable e bo. Así fun sempre, así son agora e neste sentido creo que todos entenderán a miña felicitación, que sei que no contexto da política actual pode non ser entendida, pero que é un camiño que necesariamente teremos que percorrer, porque os cidadáns así o esixen, e a situación así o demanda, e temos que poñer fin ao curtoprazismo, a ocorrencia, a demagogia e o populismo que tanto dano poden facer ao país e aos seus cidadáns, á política e aos políticos.

Con respecto ao orzamento pouco máis se pode dicir que é continuista, ten poucas novidades, antes o POS destinaba o 60% a gasto corrente e o 40% a investimento, agora é ao revés, o 40% vaise a gasto corrente e o 60% a investimento. Chama a atención a diminución do investimento en vías provinciais, pásase de 7.440.000 euros no exercicio do 2014 a 1.863.000 neste orzamento. Destínanse un millón de euros a obras no Calvo Sotelo, que supoñemos que están en relación coa

nova aparecida na prensa do posible convenio coa Universidade da Coruña para destinar a residencia do colexio a residencia universitaria, cuestión que nós apoiaremos no seu día cando se formule, aínda que non lles oculto que a nosa idea era potenciar o Museo Nacional da Ciencia e da Tecnoloxía cunha residencia para investigadores no Calvo Sotelo vinculada ao Museo. Por certo, cando aparecía esta nova do posible convenio de cesión da residencia do Calvo Sotelo aparecía polo medio o Concello da Coruña e non entendían cal era o papel que xogaba o Concello da Coruña neste posible convenio. Créase tamén unha subvención, como dixo o presidente na súa intervención de presentación do orzamento, unha nova subvención de ambiente por importe dun millón de euros para concellos de menos de 20.000 habitantes, e non hai ningunha modificación máis que sexa destacable, salvo subidas ou baixadas puntuais de escasa entidade nalgunhas partidas.

O máis salientable, e é a novidade, é consecuencia da aplicación da regra de gasto, os nosos ingresos crecen un 8,75% mentres que os nosos gastos só poden crecer un 1,5% co cal temos un superávit no orzamento de 25 millóns de euros e por imperativo legal non se pode destinar a gastos non financeiros, co que se crea este plan de reinvestimento unha liña de crédito nos concellos que votamos favorablemente aínda que tamén compartimos as críticas que fixo o Sr. Regueira, voceiro do Bloque Nacionalista Galego, porque é indubidable que os criterios, como dicía o Sr. voceiro do Partido Popular son criterios obxectivos, pero hai outros criterios que tamén son obxectivos, que favorecen a uns e favorecen menos a outros, e o que se buscou con estes criterios obxectivos é favorecer, precisamente, aos máis endebedados, que son A Coruña, Ferrol e Santiago.

Os ingresos, como sempre, proveñen fundamentalmente das transferencias do Estado e o financiamento dispoñible permite o cumprimento por parte da Deputación do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto. Crecen os ingresos un 8,71, pasando de 157 millóns de euros no exercicio anterior aos 171 millóns en cifras redondas deste proxecto. Chama a atención o feito de que mentres se incrementa o importe pola cesión do IRPF e as cotas nacionais do imposto de actividades económicas, se reduza a previsión de ingresos pola recarga provincial do imposto de actividades económicas, imaxino que isto débese aos datos obtidos da liquidación do ano 2013 e a previsión do ano 2014, pero desde logo non deixa de sorprenden porque pon de manifesto a pouca confianza que ten o goberno provincial na recuperación económica na nosa provincia.

Crece o gasto de persoal con relación ao orzamento do ano 2014, a pesar das xubilacións que se están a producir sen que se cubran as vacantes, e a pesar da substancial redución da produtividade dos recadadores, o que pon de manifesto que a reforma administrativa ademais innecesaria, como xa argumentamos en plenos anteriores, é máis cara. Por certo, aínda que xa sei que cambiaron as normas, o prazo medio de pago a provedores estaba en xuño do ano 2011 en 21 días e hoxe está en 29 días.

A continuación do debate de orzamentos trataremos os temas de persoal, mantivemos serias discrepancias sobre este tema e os puntos que veremos a continuación son, na nosa opinión, dunha gravidade extrema para o funcionamento da Deputación. En xullo do ano 2013, hai un ano, a Deputación aprobou un cambio na estrutura administrativa á que nós nos opuxemos porque existía unha xa que funcionaba, era eficaz, e colocou á Deputación entre as cinco mellores de España.

Díxosenos que con esa reforma administrativa todo ía mellorar e que a Deputación sería o non vai máis da mecánica popular, e que con esa reforma estabámonos anticipando á Lei de racionalidade e sostibilidade das administracións locais que se publicou en decembro do ano 2013. Aprobouse esta reforma en xullo, creando direccións de área innecesarias, na nosa opinión, cuns cometidos, unhas funcións, unhas competencias e unhas retribucións, retribucións por certo que se modificaron á alza dous meses despois, en setembro, sen variar os cometidos, nin as funcións, nin as responsabilidades, incluso algún dos aspectos da reforma nin sequera chegaron a poñerse en práctica, aínda que se presentou como o mellor do mellor.

Na segunda fase da reforma, en novembro, establecíanse tamén uns factores que determinarían o complemento específico, isto aprobouse en novembro do ano 2013, pois ben, pasou un ano e iso xa non vale, elimínase e substitúese polo complemento de produtividade, que se avaliará mes a mes, con factores totalmente subxectivos e coa novidade, ademais, de que os avaliados van avaliar aos avaliadores. Aumentamos as retribucións, xeramos máis descontento e posiblemente esteamos creando un clima de inseguridade, desmotivación e confrontación no persoal que non mellora para nada a eficacia da Deputación. Non fago estas afirmacións porque eu sexa a oposición e queira desgastar o goberno, non o entendan así, fágoo porque creo que a política de persoal está sendo un fracaso, está sendo o fracaso deste Goberno provincial, e fágoo convencido porque creo que vostede, Sr. Presidente, non é coñecedor ao cen por cento das consecuencias que se van xerar no funcionamento desta casa cos cambios do modelo administrativo que se están facendo continuamente. Rógolle que lle dea outra volta a este tema, a estas cuestións, que agarre o touro polos cornos, vostede persoalmente Sr. presidente, e reformule isto de novo porque a Deputación pode aguantar un mal modelo administrativo, o que a Deputación non pode aguantar é un cambio permanente no modelo administrativo, máxime cando o que se deriva dos documentos que logo veremos nos puntos seguintes, din que o modelo que se propón tamén á hora de complementos de produtividade, hai que avalialo o próximo ano, co cal tamén ese modelo non é definitivo. Eu creo que deberíamos de darlle unha volta e dende logo non tomen isto como un exercicio de facer dano ao Goberno por facer dano, dígoo con sinceridade e dígoo como axuda á Deputación desde o meu punto de vista que, loxicamente, pode estar equivocado como calquera outro.

Crecen, en consecuencia, substancialmente, os importes asignados ao complemento de produtividade de persoal e funcionario e laboral e debo dicirlles con sinceridade, señoras e señores deputados, que non son capaz de entender, de verdade, non son capaz de entender o sistema de avaliación do desempeño e cumprimento dos obxectivos anuais asignados a cada unidade e traballador, bases e criterios dos plus especiais de produtividade, que se someterá a debate a continuación deste orzamento. Sinceramente, tamén lle digo que creo que ninguén dos que estamos aquí é capaz de entender iso, e que vai ser difícil de aplicar, e que probablemente sirva para xerar unha nova discriminación entre os funcionarios e empeorar o funcionamento da Deputación, e digo isto con cariño e con respecto, e dicindo que estamos a tempo de emendar esta situación.

Non hai variacións substanciais no capítulo de transferencias correntes, que pasa de 38.985.245,68 euros do exercicio de 2014, a 36.666.604,37 no ano 2015. Gran parte desta diminución explícase polo distinta porcentaxe do POS 2015, que se destina a gasto corrente, fronte ao que se destinaba no ano 2014, agora é o 40, fronte

ao 60% de antes. Isto implica que os concellos poderán destinar máis recursos a investimentos novos que no ano 2014, e isto é bo, é bo porque o investimento xera máis actividade económica, máis emprego, e este xera máis impostos e cotizacións á Seguridade Social, máis emprego e máis cotizacións, implican máis posibilidades para manter as políticas sociais, o subsidio de desemprego e as pensións.

Por desgraza non me vale este discurso para o que vén agora, os investimentos provinciais redúcense pola baixada en case seis millóns de euros na partida de vías provinciais. Por certo, estráñanos que nas fichas do servizo non figuren os investimentos que se van realizar, a pesar de que as partidas veñen detalladas ata o céntimo, e cando as partidas veñen detalladas ata o céntimo é que xa hai proxectos, porque senón se poñen en cifras redondas, pois terían que detallarse eses proxectos que se van acometer con este diñeiro, porque esta é unha obriga do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que esixe que o orzamento acompañen estas fichas de investimento. Claro que alguén pode pensar que qué máis dá, pois no orzamento de 2014 si viñan detalladas as estradas nas que se ía actuar, e non se fixo nada diso, e todo o que se fixo é o que está previsto, como nas novelas, é pura casualidade. Increméntanse os gastos de conservación de vías provinciais en 322.397,70 euros, como xa anunciou o presidente na presentación do orzamento.

Unha das cuestións que lle criticabamos en anteriores plenos eran precisamente os cambios no procedemento de contratación, que introduciron recorrendo de forma reiterada á contratación polo procedemento negociado sen publicidade, sen motivar a que se debía nin xustificar o porqué se invitaba a unhas empresas e a outras non, contratos todos que foron obxecto de reparos por parte do servizo de fiscalización. Vexo que case se renunciou a eles, neste exercicio eu creo que houbo moi poucos contratos adxudicados por procedemento negociado, aínda que me sorprende ler na nota que o servizo de prensa da Deputación enviou aos medios da comunicación, e que figura na web da Deputación, que nos contratos menores invítase a máis de cinco empresas, cando o número mínimo establecido é de tres, quere isto dicir que imos volver as andadas?, agardo que non, porque vostedes saben que os principais focos de corrupción están neste tipo de contratos, nas concesións e nos encargos que se fan sen mediar contratos, e que se pagan a través dun recoñecemento extraxudicial de crédito, cousa que aquí non se fai, por certo. Vivimos momentos en que temos que combater co noso exemplo e os nosos actos a demagogia e o populismo que parece que se asentaron como os grandes salvadores da sociedade, vivimos tempos en que, como a muller do César, non só hai que selo, senón tamén parecelo, e non dubido que o sexamos, non teño ningunha dúbida, pero pido que o parezamos tamén.

En acción social báixase un pouco con respecto ao ano anterior, figuran agora 9.630.730 euros fronte aos 9.661.595,90 euros do exercicio 2014, polo tanto, Sr. presidente, non é verdade que se incrementen as partidas de acción social, porque se baixa, e non hai nada significativo, son as mesmas partidas, e o mesmo ocorre en Cultura e Deportes, que sube un pouco máis ao pasar de 11.798.000 a 12.326.000 euros, é dicir, contrariamente ao que se publica, baixa o presuposto de acción social e crece o de Cultura e Deportes, e non parece razoable nestes momentos aínda que só sexa por unha simple cuestión de estética.

Non hai novidade tampouco no Servizo de Promoción Económica, Emprego e Turismo, que crece en 785.000 euros, debido fundamentalmente a unha nova partida

de 1.150.000, de fomento do emprego, que financia agora na súa totalidade a Deputación, e o mesmo ocorre no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, que se incrementa nun 1.094.000 euros como consecuencia dunha partida nova dun millón de euros nun programa do que xa falamos, de medio ambiente, para concellos de menos de 20.000 habitantes.

Non merece especial atención no orzamento ningunha partida máis, pois é pura inercia administrativa, sobresaíndo quizais o 1.100.000 euros presupostados para este edificio na epígrafe de investimento de reposición asociados ao funcionamento operativo dos servizos, maquinaria, instalacións técnicas e ferramentas, que tampouco sabemos a que se refire, pero seguro que é necesario.

En consecuencia, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, anúnciolles que o voto do meu Grupo será de abstención. Compartimos o modelo que usan para elaborar o orzamento, pero temos distintos criterios á hora de distribuír os fondos, e felicítooo Sr. presidente, e dígollo con toda sinceridade, felicítooo e felicito a toda a Corporación por seren capaces de deixar unha institución saneada, solvente e con capacidade para poder seguir ao servizo dos municipios e os cidadáns da provincia, governe quen a governe, despois das próximas eleccións municipais do ano 2015. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. Imos ver, eu creo que nos estamos metendo na moda de non dar alternativas, agora parece que causa grande impacto na sociedade opoñerse ao que se fai, pero non dar unha alternativa, e os dous Grupos que aquí están, hoxe fixeron un grande exercicio de dicirnos o que nos gusta, pero a nós tamén nos gustaría saber efectivamente que é o que lles gusta a vostedes. O Sr. Moreda dixo que non lle gustaba como repartíamos, pero gustárame escoitar onde o repartiría vostede, onde cre que deberíamos baixar para poder subir, porque senón, a verdade, e que eu o único que noto aquí que foi, efectivamente, un discurso por parte de vostedes exactamente igual ao que se veu facendo, cunha diferenza, que algún grupo, facendo o mesmo discurso di que vai votar de forma diferente ao que veu facendo ata agora, o cal cando menos é novidoso. Polo tanto, cando un non está de acordo cunhas contas gustaríanos saber cales son as contas coas que estarían de acordo porque, repito, non o escoitei.

O que si este orzamento é evidentemente un orzamento igual que os anteriores porque creo que os anteriores levaron a esta provincia e a esta administración ata onde estamos agora por ser prudente, por ser realista e por ser tamén respectuoso co marco lexislativo, é dicir, o marco lexislativo no que estamos fai que estes orzamentos non só son os que poden ser senón ademais os que teñen que ser, por iso que a min chamoume a atención algunha das cousas que aquí se dixo porque creo que esas leis que a nós nestes momentos nos empezan a afogar, son unhas leis que se pode cambiar, pero que nós teríamos a posibilidade, senón estamos de acordo nestes momentos coa estabilidade e coa regra do gasto, de meter eses cartos no banco, de esperar a que nos deran o 2,5 por cento, e cando viñeran as boas épocas e nos deixaran gastar eses cartos ou distribuír os remanentes doutra forma, pois veñan, dedicarse a facer gasto produtivo, pero nestes momento non se pode facer, e estamos facendo o mellor que se pode facer, e dixo o Sr. Moreda antes, vostedes o que están facendo é nin máis nin menos enmascarar a débeda do Estado,

pero non é verdade, porque nós os vinte e cinco millóns de euros que estamos dedicando a que os concellos poidan baixar a débeda non necesariamente van significar que baixen as súas ratios, si vai significar que teñan uns cartos, ou vinte e cinco millóns, sen xuros, cando o mercado llos está deixando ao 2% por encima do euríbor. Polo tanto, se dedicaran eses cartos, en vez de gastalos ou a liquidez para o concello ou dedicalos para investimento, a pagar e a reducir a súa débeda, entón si que habería unha rebaixa da débeda real dos concellos, senón, é a mesma débeda pero págase menos polos seus xuros, co cal os concellos están nunha mellor dispoñibilidade á hora de facer cousas cos seus cartos, que ben pode seguir amortizando débeda, como dicía, ou directamente ir a investimento. Pero disto isto, e dito que había esas dúas solucións, o Goberno foi pola que tiña que ir.

E dicía, é que, claro, as receitas do PP non funcionan, home, igual funcionan as do Sr. Hollande, ou outras en Europa que vostede me dirán cales teñen que ser, porque nestes momentos, de novo, como era noutros gobernos do Partido Popular, quen empeza a tirar da maquinaria europea é o crecemento deste país cun 1,5 do PIB nestes momentos cando outros que quixeron aplicar outras receitas están en recesión e son os que teñen en fonda preocupación a toda Europa polo que están facendo. Polo tanto, aquí en España sabemos cales son as receitas que non funcionaron e en Europa tamén estamos vendo as que non funcionaron.

Dito iso, estes orzamentos increméntase, efectivamente, cerca do nove por cento, hai novidade, non temos débeda, podían xa quitar ese capítulo IX para esta Deputación, porque ten cero euros, unha novidade importante, e creo que debe ser destacada. Pero é que á parte, as grandes ratios desta institución funcionan, e melloran todas e cada una delas, o aforro neto dunha forma eu diría que espectacular, pero tamén hai unha mellor estrutura presupostaria con menor peso do Capítulo I e do Capítulo II, menor peso sobre os cartos que dispoñemos tanto dos gastos de persoal como do que é o gasto corrente, e ademais está adaptado á realidade, a realidade de funcionamento desta administración, o que non se pode é estar na misa e repicando. Non se pode estar dicindo que por unha parte aprobamos sete, oito modificados, e cando se toman medidas, que realmente é adaptar o que é o noso investimento ao funcionamento desta Deputación e a mellorar o que son os niveis de execución orzamentaria, tamén se nos critique, porque nós podíamos, como dixo o Sr. Moreda, poñer en Vías ou no que fora, seis millóns, en vez de como o ano pasado, e podíamos dicir que nestes momentos non hai expedientes que teñan toda o que é a súa tramitación en orde para poder licitar ou adxudicar dentro do que é o ano natural, polo menos nestes momentos, aqueles que necesitan expropiacións, aqueles que necesitan permiso doutras administracións, que facemos?, facemos adaptar precisamente a eses proxectos que, efectivamente, existen, e se queren despois léollos, no que sería posible que coa aprobación deste Pleno se puideran executar xa pola vía de adxudicación destas obras. Polo tanto, tampouco se pode dicir que non sexamos transparentes, porque se algo ten esta Deputación é que as súas bases de execución fan que todo este tipo de obras sempre teñan que pasar necesariamente polo Pleno, incluso se alguén quixera tapar o investimento que quere facer, como o fan outras administracións, non o podería facer porque necesariamente vai ter coñecemento e aprobación este Pleno de todas e cada un deses investimentos.

Polo tanto, o que estamos facendo é adaptalo á realidade e en función desa realidade poder dedicar tamén os remanentes á nova realidade que se cree unha vez adxudicado este tipo de obras, porque remanente vai haber e vaise seguir

incrementando todo o que supón o investimento dentro da provincia, pero é que á parte seguimos traballando e mellorando todo o tema da transparencia. Dicia o Sr. Moreda que os contratos menores son os que dan máis problemas a outras administracións, pero é que aquí, á parte de que queda perfectamente deseñado cál é a forma na que se pode adxudicar un contrato menor, que non só é o feito de presentar cando menos cinco orzamentos, é que a forma na que se teñen que facer, que non dá lugar, ou non pode dar lugar, a ningún caso de arbitrio por parte de quen agora gobernamos, polo tanto hai un maior control e unha mellor xestión do que son os cartos, tanto o que xestiona directamente a propia Deputación como os que están a gastar o que son entidades e concellos, e así, como aquí se dixo, melloran as bases de execución en múltiples aspectos, dende a recepción da obra, o control da calidade, etc., etc. a comisión avaliadora, os criterios tamén á hora de dar xa as novas subvencións, de feito participarán nas mesas de contratación todos os Grupos, con voz e con voto, pero criterios novos que fan que non sexan, digamos, non arbitrarias, pero si que ás veces asociacións que non teñen un determinado número de socios se poidan ver beneficiada pola propia actividade cando cremos que unha das bases para dar o que son as subvencións é precisamente iso, o número de socios que dá. Polo tanto, eu creo que estes orzamentos son, non só os que teñen que ser, senón tamén os que poden ser.

É dicir que en gasto social blindouse desde o primeiro momento, e aquí díxose, o que é o gasto social, pero non só se blindou senón que dunha forma exponencial está crescendo o que é ano a ano e así se fixo constar, tanto por parte do presidente como eu mesmo, pero no caso dos concellos vostede sabe que había consignados directamente dous millóns e medio, nestes momentos temos xa seis millóns, ou a partida destinada a subvencións para entidades sociais, que estaba nun millón no ano 2012, vaise pechar con 1.750.000, e o que son as entidades sen ánimo de lucro, e no caso de apoio aos concellos este aumento chegou a cerca do 60%.

Como hai outros modelos e o representante do Bloque Nacionalista Galego este ano vai votar en contra porque di que hai outros modelos, imos ir a eses modelos, eu acepto ese reto, ano 2010, se quere aceptamos e ese é o ano que non había crise, é o ano que aínda seguimos devolvendo os cartos que o Sr. Zapatero lle deu aos concellos porque como non había crise había que incrementar a participación dos tributos do Estado e estámolo devolvendo, se quere ese é o modelo que facemos agora, nin respectamos toda a normativa, imos ao modelo de incrementar os orzamentos e poder ter unha serie de cartos para darlle a todo o mundo, que son cartos ficticios, que a día de hoxe seguimos pagando pero cunha cuestión, con xuros. Polo tanto, o ano 2010, deixámolo, vexamos o ano 2011, que foi o último ano que vostedes estiveron aquí, o orzamento si era similar, 175 millóns de euros, pero como dixo o Sr. Moreda, era similar, pero non era similar, porque hai 25 millóns de euros que este ano consignamos que, unha de dúas, ou metemos no banco a que nos dean xuros, ou prestámosllos aos concellos.

Polo tanto, por dicilo así, de libre disposición eran 150 millóns, 150 millóns con respecto a 175 para comparar, aínda lle vai unha diferenza bastante grande, así é fácil presumir, pero entón digamos todo, digamos que había un POS de 24 millóns, si señor, pero os concellos poñían o 5%, ou non poñían o 5%?, e canto poñía o Estado, porque a Deputación só poñía 8.600.000 euros, non poñía 24 millóns como pon agora, se quere poñemos 24 millóns, seguimos cumprindo co POS e o resto repartímolo como a vostede lle dea a gaña, pero entón explíquenos o seu modelo, e

non queren o POS e os 24 millóns, porque é moi fácil dicir “claro, se me quedan máis cartos aí...”, mire, xa lle quedaban a vostedes, cántos son, de vinte e catro menos oito seiscientos, aí lle quedan dezasete millóns para repartir, home, así é fácil facer as comparacións, pero é que podemos facer e seguir facendo moitas comparacións, é dicir, de acordo que este ano temos 1.603.000 euros no que é as vías, pero xa explicamos o por qué, os que se poden xa desde o primeiro momento saber que se van poder executar neste exercicio, e o resto irá por remanente, pero é que en conservación temos 1.122.000, e vostedes tiñan en conservación no ano 2011, 6.500.000, e en travesías, vostede díxoo, tendo 25 millóns menos como temos, estamos en 2.386.000, cando algún dos exemplos que vostede deu era de dous millóns, o mesmo que en sendas, de dous millóns pasamos a 2.442.000. Pero aquel orzamento que tanto botan de menos, imos recordar algún dato máis, que igual é moi positivo para vostede, e que tiñan un endebedamento, pedían nove millóns de euros, pero é que tiñamos unha débeda viva que se pretendía a que a 31 de decembro, porque xa aquel mesmo ano o novo goberno fixo a amortización anticipada, que era de 84 millóns de euros, Capítulo IX, tiñamos practicamente doce millóns de euros que tiñamos que pagar, mire como temos capacidade de decisión, temos capacidade de decisión cando optamos por pagar a nosa débeda e que eses doce millóns poidan servir precisamente para incrementar o que é o gasto en todo isto que lle estou dicindo que fixemos. Polo tanto, ese era o seu orzamento, e era un orzamento que cando agora temos plans que practicamente vanse a 67 millóns, con todo iso que vostedes tiñan os seus plans íanse a 51 millóns, e xa digo, gran parte deles poñendo aínda por encima os cartos o Estado.

Pero persoal, home, persoal naqueles orzamentos do ano 2011 incrementaban case en 3.400.000 euros gastos de persoal, e supoñían case dous millóns de euros máis do que supón hoxe en día, 40.191.256 se non están confundidos os meus datos. Pero aqueles presupostos que tanto bota de menos o representante do Bloque Nacionalista Galego o investimento, -nese ano 2011 si que empezaron as contas a non cadrar, xa non se lle daban ao Sr. Zapatero as contas, xa non nos mandou tantos cartos-, o investimento diminuíu a 8.655.000 euros, e o Capítulo VII, transferencia de capital, tamén diminuíu en 1.246.736 euros. Polo tanto, iso é o que botan de menos?, se iso é o que botan de menos as receitas do PP evidentemente para vostedes non funcionaron, creo que para esta Deputación, para os veciños de todos os nosos concellos, si están a funcionar.

Polo tanto, eu creo, e repito, e con iso remato, que os orzamentos son os amoldados a neste caso o marco lexislativo. Claro que a nós gustaríanos que o marco lexislativo fose nestes momentos adaptado á realidade de administracións como a nosa, que puideramos distribuír eses excesos da regra de gasto, que puideramos distribuír o remanente dunha forma diferente porque creo que agora o gasto produtivo, o investimento provincial, é posible que fora unha das fórmulas que tiveramos que utilizar. Pero repito, creo que son os orzamentos que deben de ser, non escoitei unha alternativa, si escoitei que son moi malos, pero os moi bos non os escoitei, e a min gústame ese tipo de cousas, saque vostede de aquí de entidades no sei que, ou saque de entidades culturais, ou saque doutro lado, non invista no Calvo Sotelo, entón diría, e aí quedalle un millón de euros, e eu ese millón de euros dedicárallo a non sei que, pero criticar por criticar, volvo repetir, non vaian vostedes pola moda de eses antisistema que sen cara e programa parece que lle dá bo resultado, porque creo que os que durante tanto tempo levamos traballando e loitando polo sistema, por este sistema de pluralismo político, de liberdades e de

democracia, sabemos que hai diferentes formas de facer as cousas, pero cun programa, e que o descontento non pode ser o programa electoral de ningún partido, ao contrario, o que ten que ser é a ilusión, e creo que estes orzamentos da Deputación provincial empezan a ser os da ilusión, os da ilusión de ver que se empeza a crecer, e os da ilusión de dar aos concellos a posibilidade de que cos seus cartos poidan empezar a facer un investimento que ata o de agora non podían. Polo tanto, presidente, nós si que non imos cambiar o criterio destes últimos catro anos e imos dar por bos estes orzamentos e imos aprobar estes orzamentos. Máis nada e moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Requeira Varela

Eu se non recordo mal, e estou moi acatarrado e ando bastante atordado estes días, máis do normal aínda, pero eu creo que xa votamos en contra o ano pasado, non estou seguro, sempre?, pois sempre, entón creo que non se pode sorprender ningún. En todo caso, mire vostede, di que non hai alternativas, nós xa anunciamos que seguramente algunha alegación presentaremos a este orzamento, sempre hai alternativas, home acaba vostede de anunciar que o PP vai votar a favor dos orzamentos, eu non agardaba outra cousa, a min a verdade é que o Sr. Moreda si me mantivo aí en vilo, porque co discurso que fixo eu agardaba que os votara a favor, dígoo con total sinceridade, pero non foi así, en todo caso o BNG si vai presentar alternativas e alegacións a estes orzamentos.

E mire, falar de sistema, eu creo que a maioría da sociedade, queirámolo ver ou non, eu non creo que se poida definir antisistema, pero o sistema que está agora mesmo poñéndose en marcha non lle gusta, iso pódollo asegurar, e algunha conclusión teremos que sacar ao respecto. Aquí tamén falou vostede, Sr. Rivas, de que esta administración é unha administración transparente e de que ademais vaise reforzar esa transparencia. Mire vostede, eu non coñezo ningunha administración que diga que sexa opaca, nin a máis mínima, dá igual que existan duascenas comisións de debate para un tema que non exista ningunha, nin se dea documentación aos Grupos, sempre vai dicir quen ten a responsabilidade de goberno nesa administración, que son absolutamente transparentes, sempre se pode ser máis transparente, e a transparencia nunca está de máis, por algo supoño que eses dous proxectos de lei que está levando o presidente do Goberno do seu partido, o Sr. Mariano Rajoy hoxe ao Congreso dos Deputados, por algo será, aínda que creo que son proxectos de lei bastante limitados, pero en todo caso será porque se percibe como un problema gordo e grave das administracións públicas.

Dicía vostede que comparar o orzamento do 2015 co do 2010 é comparar un orzamento de crise cun orzamento de non crise. Eu recórdolle que a crise agromou alá polo ano 2007, no 2010 xa había crise económica, e no 2011 xa era un orzamento totalmente de crise e tamén o comparamos co 2011, aí están os datos, e eu creo que evidentemente pode dicirme vostede “ben, as posibilidades dun ano e doutro son diferentes con base a non sei que”, a min persoalmente gústame moito máis o 2011, e creo que é un orzamento que atende moito máis ás necesidades da provincia, e voulle dicir simplemente un motivo, que é un motivo básico deste Grupo, para formularnos xa o voto en contra, mire vostede, a cantidade de tecido asociativo que cobre o campo sociosanitario da provincia é importantísimo, e en moitísimos dos casos cando falamos de atención sociosanitaria, de atención sobre todo a xente ou que está en risco de exclusión, ou que ten necesidades especiais, ou que necesita

atencións especiais, ese tecido sociosanitario cobre en moitísimos casos as carencias e a falta de investimento das administracións públicas, e as subvencións a ese tecido sociosanitario, aínda que é certo que vostedes subiron algo esa partida, son claramente insuficientes, claramente insuficientes. Pero podemos falar doutros tecidos, doutras entidades asociativas da provincia, das deportivas, das culturais, esas entidades tamén necesitan fondos, eu creo que non se está priorizando as liñas de subvencións ao tecido asociativo da provincia, e un tecido asociativo que dá benestar e que dá tamén calidade de vida porque organiza e programa, polo tanto esa xa sería unha razón fundamental. Pero tamén se fala de que soben partidas, ou que se manteñen partidas de apoio ao sector agrícola, gandeiro, pesqueiro, etc., etc., moi mal dotadas, e moi mal o están pasando as entidades que están neses ámbitos e neses sectores económicos. Polo tanto, esas serían razóns de sobra.

E mire, non lle pode estrañar que o BNG vote en contra dos orzamentos que presentan aquí vostedes, porque nós consideramos que hai outras maneiras de facer política, home, non sei se temos que ser declarados antisistema pero evidentemente este sistema temos manifestado, creo que con total claridade, que non nos gusta moito, por iso somos nacionalistas, polo tanto non se estrañe vostede. En todo caso, aquí non se dixo en ningún caso, ou eu, ao mellor puiden ter un lapsus, que xa lle digo que estou bastante torpe ultimamente, pero nós non dixemos nin que estes orzamentos foran nefastos, nin que estes orzamentos foran sequera moi malos, dixemos que estes orzamentos eran profundamente mellorables, ou eran en todo caso mellorables, e nós cremos que se poden mellorar, acabamos de dar unhas liñas onde se pode mellorar, pero tamén podemos falar doutras cousas.

Conservación de vías provinciais, que vostedes soben considerablemente esa partida, home, terana que subir, se se dan unha volta polas vías provinciais verán vostedes que necesitan moito mantemento porque non fixeron nada, non fixeron nada, polo tanto, algo terán que facer aí, evidentemente, por aí tamén podemos ir nas alegacións. Hai moitas cuestións que nós, en todo caso, non podemos admitir neste orzamento, e teñen vostedes que comprender que non é o noso orzamento, é o seu orzamento, e por iso votamos en contra. Pero mire vostede, como pasamos da retórica da austeridade á retórica da débeda, e vai vostede a 2010 e incluso fai alusións ao principio da crise, eu voulle recordar como se iniciou esta crise. Esta crise económica non se iniciou por unha débeda das administracións públicas do Estado español, que non eran administracións públicas endebedadas precisamente, nin que foran un problema para a economía do Estado. Esta crise iniciouse por unha débeda financeira e unha débeda orixinada por unha burbulla inmobiliaria e polas políticas especulativas da banca española, e esa débeda privada meteuse no outro lado da balanza, nas administracións públicas porque tanto os gobernos do Sr. Zapatero como os gobernos do Sr. Rajoy dedicáronse a inxectar inxentes cantidades de fondos e de recursos públicos en pagar esa débeda privada, e isto de que pareza que as administracións públicas non poidan contraer débeda, a nós parécenos un erro absoluto e xa o temos manifestado neste Pleno, non poderán contraer unha débeda que non poidan asumir, pero eu non comparto, e este Grupo non comparte, que unha administración pública, sexa local, autonómica, provincial, do tipo que sexa, que teña unha urxencia, teña un plan que sexa necesario facer, non poida acudir á débeda para financiar ese plan cando esa débeda se pode pagar. En todo caso, recordemos as orixes da crise económica e non pensemos que esa crise económica foi resultado dunha mala práctica política xeneralizada nin da mala práctica das administracións públicas, porque se non si que estaríamos facendo discursos dos que vostede chama

antisistema, que parece que toda a culpa é diso que é a casta política, e as administracións públicas, e esquecémonos de que a gran culpa de como está o Estado español hoxe en día non é precisamente, na súa parte maioritaria da clase política, nin das administracións públicas, senón que é do sector privado. Si son culpables certos partidos políticos porque para salvarlle o pelexo ao sector privado asumiron esa débeda. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Brevemente, para responderlle, ben, ao Sr. Regueira tamén, que me sorprende porque eu ata agora sabía que cando un tiña un trancazo afectáballe ao sentido do olfacto, pero non sabía que lle afectaba tamén ao sentido do oído, porque di que lle sorprende o sentido do voto do Grupo Socialista, despois de escoitarme debe de ter o oído un pouco estragado.

Digo que o Sr. Ruiz, desde logo, é un mestre na arte da oratoria, de falar sen dicir, e é un mestre no manexo dos números como o mago Houdini porque os emprega como lle convén, por exemplo, fala de investimentos e fala de sesenta millóns dicindo “tendo vinte e cinco millóns menos, temos sesenta.”, non, temos sesenta, ben, non sumei, díxoo vostede, pero contando os vinte e cinco, que é diferente.

Eu estou preparado para facer un debate de política económica, pero creo que non é o momento nin o lugar adecuado, o que digo é que as políticas de Montoro están castigando aos que cumpren para beneficiar aos que incumpren porque estase controlando o déficit público nas administracións locais e estase disparando o déficit público nas comunidades autónomas, que segue aumentando a pesar das políticas de Montoro, e iso foi o que dixen e mantéño.

Logo sorpréndeme, eu non sei canto era o orzamento do ano 2010, 2011, non teño nin idea, non me acordo, pero dixo algo o Sr. Regueira que tomei nota, dixo en materia de política social no ano 2010 ou 2011, - tes os datos, pódemo recordar-, eran nove millóns seiscientos e pico mil euros, é o mesmo que agora, agora achéganse nove millóns seiscientos trinta mil, un pouquiño menos que o ano pasado.

En política de persoal, eu réto a facer un estudio, se comparamos cuestións homoxéneas, o custo persoal aumentou, xa o falamos en varios plenos, aumentou, e a política de persoal, creo sinceramente que se están equivocando, e non digo que sexa antisistema, nin que queira facer oposición por facer oposición, ou dicir que non porque non, creo que se están equivocando, non sei quen os leva cara aí, e eu sei por experiencia, é moi complexa a política de persoal, e di ben, vai facendo, vai facendo, porque eu facíao, e ao final estante levando a unha situación indesexable e que ti non es capaz de controlar, por iso digo eu, e aproveito para dicilo nos próximos puntos, poderían deixarse sobre a mesa e darlle unha volta, se queren, é a miña proposta, porque de verdade, é que cambiamos os modelos continuamente, porque o que fixemos en xullo do 93 xa non vale, o que fixemos en novembro do 93 xa non vale, e o que o imos facer agora en decembro de 2014 dise que é un modelo provisional. O tema é complicado e hai un malestar tremendo na xente, pero ben, é unha decisión do Goberno, a decisión que adopten vai ser unha decisión legal, é indubidable, agora como oposición a miña posición é denunciar e poñer de manifesto esta situación.

Logo que non facemos emendas ao orzamento, nunca se fixeron emendas ao orzamento, si, de orzamento alternativo, home pódese facer, perfectamente, a min danme cinco días e fágolle un orzamento alternativo, co mesmo modelo, porque é como dicía, sota, cabalo e rei, non nos podemos enganar. O orzamento da Deputación son sota, cabalo e rei, logo podes darlle máis á sota que ao cabalo, pero iso é o que hai.

E en estradas, vostede di, e ao mellor é certo, que baixan seis millóns en investimento porque non teñen proxectos, pero eu supoño que os proxectos que aprobamos o vindeiro ano no orzamento estarán feitos. Mire, por experiencia, a baixada de orzamentos en estradas é para axustar o orzamento, estou convencido, quizais estou equivocado, pero esa é a razón.

E non me sinto refutado en nada do que dixen pola intervención do Sr. Rivas, fixo o seu papel, fíxoo moi ben, pero este é o orzamento que hai, indubidablemente que non hai outro, é o que temos que votar, e xa lle digo, se nosoutros estivéramos gobernando faríamos un orzamento similar, porque este é igual ou similar ao anterior, o anterior, ao anterior, porque non pode ser doutra forma, e o que pense que pode ser doutra forma, non coñece a realidade. Imos votar abstención, Sr. presidente.

Sr. presidente

Moitas grazas, non perda a oportunidade, se é similar e faríano moi similar pode votar a favor, que tampouco pasa nada, se é tan similar non haberá ningún problema para levalo a cabo. Eu agradezo as achegas que se fixeron por parte dos Grupos pero simplemente dúas cousas, cando fai a comparación é verdade que o Sr. Ruiz dixo claramente é que hai algún que parece que non nos decatamos que vimos de atravesar, eu creo que a crise máis importante, desde o punto de vista económico, desde hai moitísimos anos, e algúns parece que non queren evidenciar esa realidade ou que non se decataron de que a crise pasou por aí, pois eles saberán porque non se decataron ou porque non o queren facer. Poderíamos analizar cales son os orzamentos nos distintos concellos e ver cal é o discurso nun lado e cal é o discurso noutro, pero a verdade é a que é, e quizais se o orzamento que se ten como referencia do ano 2011, pois nese orzamento, en fin, nese orzamento hai moitas diferenzas que o Sr. Ruiz xa puxo enriba da mesa. Nese ano 2011 é cando se aprobou un expediente de modificación de crédito por parte do goberno anterior, co maior importe en termos absolutos en nominativas, vinte e dous millóns de euros, claro, pero iso é o que non queremos, e despois o discurso que facemos é falamos da discrecionalidade, non mire, nunca houbo un orzamento, non botei os números, pero vamos, estou completamente seguro, onde o importe dos recursos propios dedicados a plans nun só ano no orzamento inicial, con respecto ao importe do orzamento, fose tan elevado como o de este ano, seguro, porque o POS anteriormente, unha parte moi importante, poñíao o Estado, agora poñémolo nós, entón, con recursos propios nunca houbo un orzamento que dedicara tantos recursos porcentualmente, nin cuantitativamente a plans, nunca, seguro, e iso é o contrario da discrecionalidade. Nos outros orzamentos participaba o BNG, ou participou durante oito anos, pero ben, naqueles momentos supoño que os intereses, como di vostede, serían outros, de acordo, pero a credibilidade tamén está no mantemento de determinadas posturas.

E estou de acordo con vostede, Sr. Moreda, hai que acabar cos gobernos manirroto que gastaron o que non tiñan, son palabras súas, pero gran parte do que

estamos devolvendo nestes orzamentos é froito de que houbo un goberno socialista que gastou o que non tiña e a Deputación, e todos os concellos que formamos parte da provincia temos que devolver os cartos que se pensaron que se ían ter pero non se tiveron, é dicir, ah, claro, pensaron que os ían ter, pero non os tiveron, é dicir, gastaron o que non tiñan, botaron o conto da leiteira, e despois resulta que non había eses millóns, e agora todos os que estamos aquí nos nosos concellos, temos que devolver o que nos deron de máis, pois iso é decisión política, iso é decisión política, e estou moi grato de escoitalle a vostede dicir que hai que deixar unha administración saneada, que é o contrario que fixo o Partido Socialista, e que ademais non se pode gastar o que non se ten, tamén é certo, e eu alégrome de que vostede pense así, agardo que outras administracións, como lle dicía antes, pois a de Lugo ou outras, como a Deputación, poidan acabar coa débeda.

E mire, unha última cousa para os gastos de persoal. Os gastos de persoal, a masa salarial, desde o principio da lexislatura reduciuse, este ano hai un pequeno incremento froito do cuarto, da parte que hai que pagar da paga extraordinaria do ano 2012 por lei, ese é o incremento que hai na masa de persoal, e iso, débese a iso, non se debe a ningún outro motivo, que son case 400.000 euros, 393.000. O custo de persoal desde o ano 2013 ata o ano 2015 en orzamentos tense reducido, se non ten en conta eses 400.000 da paga extra, nun 1.360.000, se os ten en conta, en 900.000, si, asegúrolle que son os datos porque unha das cousas que dixo vostede, e estaba errado, supoño que porque non reparou cando falaba, é que o plus de recadadores, como botándolle en cara ao goberno que iso o eliminamos, claro que o eliminamos, pero o que cobraban os recadadores, que era un número moi reducido, repartímolos entre todo o persoal desa área, entón a masa salarial non se reduce, o que fixemos foi introducir un criterio de equidade, e repartir o duns poucos entre moitos, claro que non se reduciu a masa salarial por quitalo, claro que non, repartímolos mellor, ou polo menos é o que cre este goberno, é o que cre este goberno e creo que os representantes sindicais desa área, nese tema en concreto, tamén. Quitamos un privilexio a uns poucos e o repartimos entre todos, o cómputo total é o mesmo, é o mesmo, gastamos o mesmo pero mellor repartido. Entón, claro que non pode baixar, e iso vostede utilizábao no seu argumento para debater o importe da masa salarial. Pois ben, iso é o que intentaremos facer co resto das áreas, pero supoño que haberá despois tamén algún punto para poder debatelo.

E unha última cousa, que nós introduzamos nas bases de execución do orzamento a posibilidade de invitar, ou a obrigatoriedade a partir de agora, de invitar a cinco empresas en lugar de tres, non quere dicir nada, ou moito, quere dicir que aumentamos os controis, aumentamos as prevencións que existen e damos un paso máis, pero fíxese, se utilizo o seu criterio, vostede nas súas bases de execución levaba que para contratos menores había que invitar a tres empresas, -ben, algún se fixo-, entón nós aumentámolo a cinco, que quere dicir? Que somos máis previsores que vostede, nada máis, somos máis previsores, e imos máis adiante do que eran o goberno que presidía vostede co apoio do BNG, igual que puxemos agora como requisitos que as entidades que solicitan, ou que concorren na convocatoria de subvencións, teñan un número mínimo de socios, parece normal, pero antes non existía, co seu goberno non existía, cos gobernos anteriores do Partido Popular tampouco e agora puxemos un número mínimo de socios, iso que quere dicir?, pois que estamos intentando mellorar as condicións e facelas moito máis transparentes e mellorar nese sentido, nada máis e nada menos.

Así que quedo coas partes positivas de que non era un orzamento malo malísimo, como dixo o Sr. Regueira, outro que se o fixeran eles sería moi parecido, e é unha pena de que todos os xeitos non se animen a votar a favor.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
 Votan en contra: 5 deputados (BNG)
 Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do Partido Popular, en contra do BNG e a abstención do PSOE, acorda:

“Examinado o expediente que contén o proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2015, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2015 por importe de 171.334.100,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	14.948.813,00
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	14.720.494,00
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	9.357.671,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	131.000.029,00
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	1.193.843,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		171.220.850,00

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		0,00

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	113.250,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		113.250,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 171.334.100,00

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	38.381.709,52
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	24.268.643,57
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	20.000,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	36.666.664,37
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia	3.425.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		102.762.017,46

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	21.769.540,78
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	20.915.077,36
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		42.684.618,14

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	25.887.464,40
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		25.887.464,40

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 171.334.100,00

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos públicos básicos	3.292.202,00
2	Actuacións protección e promoción social	27.657.936,87
3	Producción bens públicos carácter preferente	21.548.914,56
4	Actuacións de carácter económico	52.091.126,59
9	Actuacións de carácter xeral	66.743.919,98
0	Débeda pública	0,00
<u>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</u>		<u>171.334.100,00</u>

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentaran reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

39.-REESTRUTURACIÓN ORGÁNICA. TERCEIRA FASE DO DESENVOLVEMENTO 2013-2015. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2015.

INTERVENCIÓNS

Sr. de Santiago Boullón

Boas tardes, xa, moitas grazas Sr. Presidente. Neste punto a verdade é que eu non entendo moi ben o rebumbio que se está xerando aquí, ou estas desconformidades. Isto non é máis que a continuación dun proceso que xa iniciáramos no ano 2013, e que foi referendado polo Pleno, e que continuamos no ano 2014, e que continuaremos tamén, por suposto, no vindeiro ano 2015. Este proceso o único que pretende é adaptar o que é a estrutura desta institución, da Deputación, de adaptar a relación de postos de traballos ás necesidades reais da Deputación, ao que se necesita en cada momento para o que é a nosa razón de ser, que é ofrecer aos cidadáns, ofrecer aos concellos o mellor servizo.

Estas modificacións, esta renovación continua é evidente que non obedece a unha ocorrencia, senón que obedece por suposto, como ten que ser, sempre con base nos informes, sempre con base no que piden, sempre con base no que achegan as diferentes unidades e os diferentes servizos. Entón o que levamos hoxe aquí, basicamente teñen todos vostedes a documentación no expediente, pero eu quixera subliñar as cousas máis importantes que levamos aquí. Dunha banda no que é a área de Tesourería e Xestión de Tributos créase unha xefatura territorial de zona, na área de Intervención Xeral e xestión económica financeira, no Servizo de Contabilidade, créase dunha banda unha xefatura de sección e unha de negociado, na área de Persoal e Organización de sistemas o que se fai é crear unha xefatura de sección de prevención de Riscos Laborais, e por último, na área de servizos provinciais, en Patrimonio, créase unha xefatura de sección e en Servizos Sociais unha xefatura de negociado.

En fin, agora tamén, e finalizada xa a execución da primeira fase da promoción interna, da consolidación de emprego temporal dentro deste xa devandito Plan de emprego 2013-2015, facendo as modificacións necesarias polo proceso de promoción interna que se está levando, a creación, a transformación e a amortización necesaria dos postos de traballo.

Isto é o que se está facendo, amortizando, por suposto, as prazas que non se necesitan, sempre insisto, e non me cansarei de repetilo, con base no que nos piden as diferentes unidades e o que facemos é adaptar, como ten que ser, a nosa estrutura, o noso cadro de persoal, ao que nos demandan as unidades e ao que demandan, por suposto, os cidadáns e os concellos. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Para explicar, brevemente, a nosa postura, que vai ser unha postura en contra, como vimos mantendo en todo este proceso de reestruturación e reorganización desta administración. Aquí estase, xa o falamos no debate dos orzamentos, aquí o que se está é destruindo emprego por abaixo, destruindo emprego, amortizando prazas, non cubrindo xubilacións e creando xefaturas de área, e tampouco non é con ese acordo unánime que parece transmitir o Sr. Deputado, tampouco é así, hai

centrais sindicais que manifestan o seu rexeitamento en moitísimas das mesas de negociación. En todo caso, todo o que se está facendo, nós, aínda que xa o Sr. Moreda o explicou con moita claridade e moi detalladamente neste mesmo Pleno, nós non cremos que conduza a unha mellora substancial desta administración, tampouco conduce a ese aforro que vostedes intentan convencernos Pleno tras Pleno de que existe na área de persoal. Cremos que temos unha administración máis cara e menos equilibrada. Dentro de pouco teremos moito menos cadro de persoal para facer traballos que son traballos a diario que hai que facer, auxiliares administrativos, bedeis, condutores, etc., etc., e teremos unha chea de xefaturas, eu creo que xa perdín a conta de cantas xefaturas se trouxeron aquí.

Polo tanto, nós non podemos estar a favor, é certo que é unha capacidade que ten o Goberno de buscar a mellor organización administrativa, ou a organización administrativa que mellor satisfaga o que está poñendo en marcha. Nós tamén cremos que se están equivocando profundamente, e por iso volvemos votar en contra destes dous temas de persoal que veñen ao Pleno de hoxe.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Creo que o sentido do voto xa o avancei no debate dos orzamentos. Nosoutros imos votar que non aos tres puntos, ao 39, 40 e 41, e gustaríanos que se retirasen e se deixasen para mellor estudo e se reflexionase, porque a reflexión nunca é mala, pararse nun momento cando hai dificultades e reflexionar e reformularse as cousas, non é malo, incluso escoitar outras opinións que non se escoitaron. Creo que isto vai ser negativo para a Deputación, sinceramente, e así o digo, e pode molestar a algunhas persoas, ou pode satisfacer a outras que diga isto, creo que vai ser negativo, que vai desmotivar aos funcionarios e que vai provocar problemas de relación entre eles, sinceramente. No ano 2013 díxosenos o mesmo que se nos di agora, que hai que adaptar a organización ás novas necesidades, que a Deputación hai que modernizala, a estrutura funcional, que leva moito tempo, o certo é que funcionaba, e está funcionando de forma diferente, eu puxen un exemplo, de vinte e un días a vinte e nove, pero hai unha desmotivación agora e hai problemas do persoal, dino á hora do café, coméntano entre eles. E esa reforma, como dicía, que era o mellor do mellor, que se nos dixo no ano 2013 en xullo, nin se aplicou, estase cambiando agora, e estase cambiando por algo que di que é provisional, entón eu digo, merece a pena estar facendo experimentos continuamente co modelo administrativo desta casa?, será mellor formularse pegar un corte, hai eleccións en maio, deixemos que o que vén con catro anos poida repensalo, por que temos que deixalo feito?, formulémolo e digo que isto, de verdade, dígoo con todo o cariño e con todo o respecto, creo que é un erro, pero ben, é unha decisión tamén do Goberno e é a súa responsabilidade, ten os votos para facelo. Nós imos votar que non, e votamos que non convencidos de que isto é malo, non votamos que non porque queiramos facerlle dano ao Goberno provincial, porque entendemos que é malo intrinsecamente para a Deputación, e que non vai mellorar nada, pero é a súa decisión.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, e en contra do PSOE e o BNG, acorda:

“Visto o expediente relativo á aprobación da Reestruturación Orgánica, Terceira Fase de Desenvolvemento 2013-2015, Relación de Postos de Traballo 2015, no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O Pleno da Corporación, na súa sesión do 31 de maio de 2013, aprobou o “Acordo de Planificación Estratéxica 2013-2015”, que, entre outros aspectos, aprobou o Plan de Emprego 2013-2015 que contén entre as medidas de racionalización de efectivos a promoción interna, a consolidación de emprego temporal e a “identificación e elaboración do catálogo de postos de traballo de persoal laboral susceptibles de seren incorporados a un proceso de funcionarización; e do catálogo de postos laborais que no futuro obrigatoriamente deberían ser cubertos ou desempeñados por persoal funcionario con base na aplicación da normativa vixente; e por tanto tamén do catálogo de postos que deben ser declarados a extinguir unha vez vacantes”.

Así mesmo, no seu acordo do 20 de decembro de 2013, o Pleno aprobou o Convenio Colectivo do persoal laboral, con vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2014, que no seu artigo 4 establece a equiparación das normas, condicións de traballo, sociais e retributivas, sempre de conformidade co previsto no ordenamento xurídico, de todo o persoal da Deputación; e na súa Disposición Adicional Segunda, “funcionarización de persoal laboral”, establece como obxectivo o de regularizar aquelas situacións nas que tarefas e funcións que deban ser prestadas por persoal funcionario estean a ser desempeñadas por persoal laboral. Nas táboas salariais do dito convenio colectivo, figuran xa os postos, titulacións e formas de provisión agrupados nos grupos e subgrupos equivalentes cos do persoal funcionario, coincidentes ademais coa Relación de Postos de Traballo.

Os referidos acordos plenarios e a normativa vixente para a Administración Local, permiten que, ademais da funcionarización dos postos que obrigatoriamente terían que ser desempeñados por persoal funcionario, poidan ser tamén obxecto de funcionarización os demais postos que na actualidade están a ser ocupados por persoal laboral, tendo en conta, precisamente, que existen definidas legalmente as escalas e subescalas específicas nas que se encadrarían estes e na Relación de Postos de Traballo desta Deputación existen idénticos postos adscritos uns a persoal funcionario e outros a persoal laboral.

A planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas ten como obxectivo a consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles. Neste caso, trátase, pois, de acadar unha “modernización e maior rendibilización do potencial dos recursos humanos da deputación... nun marco de aforro e estabilidade orzamentaria” (Acordo de Planificación Estratéxica 2013-2015, citado), así como unha unificación baixo un só réxime xurídico, o funcional, de todo o persoal da Deputación, o que dará tamén

lugar á aplicación dun único réxime de acceso á función pública e á provisión de postos de traballo en igualdade de condicións.

I.2.- A Oficialía Maior formulou unha proposta de reorganización da Imprenta Provincial, para a adaptación dos postos ás novas funcións que legalmente ten que desenvolver o departamento de acordo coa legalidade vixente, incluída a posible promoción interna do persoal afectado, con unificación das denominacións e/ou categorías, consecuente coas funcións propostas. O Plan de Emprego 2013-2015, posibilita a tal promoción interna, tanto para o persoal funcionario como para o laboral, polo que será factible segundo o tal Plan para o persoal que reúna os requisitos que se fixen nas correspondentes convocatorias, e polo que se refire ao persoal laboral poderá formar parte a tal promoción do proceso de funcionarización dos postos de traballo, tamén en execución do repetido Plan, e segundo o xa exposto no antecedente anterior.

I.3.- Faise constar que, na actualidade, os postos susceptibles de formar parte do proceso de promoción interna/funcionarización, ao que se refiren os antecedentes I e II precedentes, teñen asignadas as mesmas retribucións anuais totais que os postos aos que accederían, no seu caso, en virtude da tal promoción, con motivo de ter asignadas todos eles as mesmas funcións, polo que non suporía incremento retributivo.

I.4.- A Área de Tesourería e Xestión de Tributos formula tamén unha proposta concreta de reorganización referida á Zona Recadatoria 01, por motivos de necesidade para corrixir e mellorar a eficiencia na prestación do servizo, que concreta na creación dun posto de “Xefatura de Zona-1”, que levaría aparellada a amortización dun posto de “Administrativa/o de Administración Xeral” da Zona-2, actualmente vacante, co que o incremento retributivo que supón a creación daquel posto veríase diminuído en parte.

I.5.- A Área de Intervención Xeral e Xestión Económico-Financeira, propón igualmente unha necesaria reorganización no Servizo de Contabilidade, motivado polas novas funcións que se terán que desenvolver dirixidas directa e inmediatamente aos concellos da provincia, cuxa proposta se concreta na creación de dous dos novos postos, unha Xefatura de Sección e unha Xefatura de Negociado. Ademais, tendo en conta a situación real na actualidade, e conforme tamén coa proposta da Oficialía Maior, anteriormente referida, incrementaríase un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, ocupado por unha persoa Gravadora de Texto laboral, que está xa realizando as tales funcións, sen que supoña polo tanto custo ningún, e amortizaríase outro na Intervención Xeral, vacante actualmente con reserva, o que suporía a adscrición definitiva por requirilo así ás necesidades dos servizos e a necesaria economía, da persoa que ten reservado o posto ao que ocupa actualmente en comisión de servizos por vacante, así como tamén e en consecuencia, a adscrición definitiva aos postos que tamén ocupan en comisión de servizos, tamén por vacante, doutras dúas persoas nos postos que ocupan con tal carácter, as tres na Área de Tesourería e Xestión de Tributos. As adscricións definitivas non supoñen custo, polo que a creación dos postos de Xefatura referidos, verían diminuído o incremento retributivo necesario como consecuencia do exposto.

I.6.- A prevención de riscos laborais vén definida legalmente como o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da

empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo. A Lei de Prevención de Riscos Laborais e as súas normas de desenvolvemento aplícanse tanto no ámbito das relacións reguladas no Estatuto dos Traballadores como no das relacións de carácter funcional a todo o persoal ao servizo das Administracións Públicas, aínda que con determinadas peculiaridades propias destas organizacións.

Considérase necesario na Área de Persoal e Organización, potenciar o servizo propio de prevención de riscos laborais, mediante a súa completa reorganización e reestruturación, converténdoo dunha simple unidade técnica nunha Sección administrativa, Sección de Organización da Prevención de Riscos Laborais, integrada na dita Área no Servizo de Organización, a nivel funcional e xerárquico, pola súa incidencia e implicación na propia estrutura organizativa, máis ampla que a simple “prevención” dirixida só aos “recursos humanos”, creando en consecuencia o posto de Xefatura de Sección, transformando o posto de Técnica/o de Prevención de Riscos Laborais nun posto de carácter básica e eminentemente técnico e integrando na nova Sección o posto existente de ATS/DUE, actualmente adscrito exclusivamente aos Servizos Centrais Calvo Sotelo, tal como prevé a propia normativa de prevención de riscos laborais, así como un posto de Administrativa/o de Administración Xeral procedente do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

I.7.- Nas Áreas de Acción Territorial e de Persoal e Organización, existen senllos postos de Secretaría con dependencia directa das respectivas Direccións. Tendo en conta que ambas as dúas Áreas teñen, polo menos nunha parte importante, un contido técnico, a primeira delas na súa maior parte nos Servizos de Vías e Obras, Arquitectura e Mantemento, Apoio Técnico a Municipios, e a segunda, nos Servizos de Informática e Administración Electrónica e de Sistemas e Soporte, que fan necesario que os devanditos postos de Secretaría, pola tal dependencia e relación directa coas Direccións das Áreas, así como polas funcións xa encomendadas, sexan clasificadas na Relación de Postos de Traballo como de adscrición indistinta ás Escalas de Administración Xeral e Administración Especial.

I.8.- A Área de Servizos Provinciais propón tamén a reorganización do Servizo de Patrimonio, tendo en conta que se trata da unidade responsable da xestión de expedientes expropiatorios, responsabilidade patrimonial, con procedementos moi complexos e necesitados dunha alta capacitación administrativa, mediante a creación dun posto de Xefatura de Sección mediante a transformación do posto de Técnica/o de Xestión Cultural, adscrito ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, actualmente vacante, e, ademais, neste mesmo Servizo, e para dotar tamén á Sección de Servizos Sociais, propón que, mediante a amortización dun posto de Auxiliar de Administración Xeral, tamén vacante na actualidade no Servizo de Patrimonio, se cree un posto de Xefatura de Negociado, para facer fronte á crecente complexidade consecuencia da tecnificación dos procesos administrativos.

Así mesmo e en relación co Centro de Día de Menores de Ferrol, propónse a declaración de “para extinguir” dos postos de Operaria/o Servizos Varios e de Celador/a, por consideralos como non necesarios na nova organización que se deriva da clasificación do centro, unha vez que queden vacantes.

I.9.- En execución do xa referido Plan de Emprego 2013-2015, rematada a primeira fase da promoción interna e da consolidación de emprego temporal, que estaba referida á Área de Persoal e Organización, de acordo co establecido no propio Plan

de Emprego, procede realizar as creacións, transformacións e amortizacións necesarias para cubrir os postos obxecto das tales promoción e consolidación, levándoo a efecto igualmente que todo o anterior mediante a Relación de Postos de Traballo.

I.10.- Como consecuencia de xubilacións forzosas por idade do persoal funcionario, así como voluntarias anticipadas, solicitadas en firme para datas concretas e polo tanto de obrigada concesión, propónse a amortización e a transformación dos postos afectados, en concreto, amortización dun posto de Subalterna/o, adscrito á Área de Secretaría, Oficialía Maior, Servizos Internos, con efectos do vindeiro 1 de xaneiro de 2015, por xubilación voluntaria da persoa titular, e amortización dun posto de Analista Técnica/o, Área de Persoal e Organización, Servizo de Informática e Administración Electrónica, Sección de Asistencia Informática, con efectos do vindeiro 2 de xaneiro do dito ano 2015, tamén por xubilación voluntaria do titular; e a proposta da Área de Tesourería e Recadación de Tributos, a transformación dun posto de Recadador/a, Zona 04, en Xefatura de Zona-4, por xubilación forzosa con efectos do vindeiro día 4 do mesmo mes de xaneiro de 2015; todo o que supón unha importante economía, e que será levado igualmente a efecto na Relación de Postos de Traballo coa entrada en vigor diferida ás devanditas datas.

I.11.- Para os efectos de cumprir coa normativa vixente, en canto ás retribucións dos empregados públicos, que non poderán experimentar incrementos nos termos establecidos na dita normativa, amortízanse e decláranse “para extinguir” igualmente postos que se consideran non imprescindibles, ademais dos que xa resultan do exposto nos antecedentes precedentes.

I.12.- Na Área de Acción Territorial, tendo en conta que os fundamentos da resolución da Presidencia 2014/15963, para a adscrición provisional dos postos de Enxeñeira/o Superior de Obras Públicas e de Enxeñeira/o Técnico de Obras Públicas ao Servizo de Apoio Técnico a Municipios, procedentes do de Arquitectura e Mantemento, ambos os dous na propia Área, poden considerarse definitivos, asígnanse os ditos postos co tal carácter definitivo ao dito Servizo.

I.13.- As previsións contidas no xa citado Acordo de Planificación Estratéxica e no Plan de Emprego 2013-2015, van encamiñadas, entre outros aspectos, como xa quedou apuntado no antecedente I, cara o obxectivo da consecución da eficacia na prestación dos servizos, así como a modernización e maior “rendibilización do potencial dos recursos humanos da Deputación”, e igualmente o necesario “aforro e estabilidade orzamentaria”. Nese aspecto, considérase necesario establecer un sistema retributivo que potencie o alcance do maior grao na consecución dos obxectivos da organización, o que implica que se realice a valoración e asignación de funcións de todos os postos de traballo da Deputación, co establecemento dun sistema obxectivo de produtividade por obxectivos, o que implica que inicialmente no propio acordo aprobatorio da Relación de Postos de Traballo se establezan as funcións básicas dos postos tipo, deixando invariables, en principio, as dos postos concretos que, pola súa especificidade, foron sinaladas no acordo plenario aprobatorio da Relación de Postos de Traballo para 2014 (aprobación inicial na sesión plenaria do 22 de novembro de 2013, e definitiva na do 20 de decembro seguinte), nos seus apartados 8 (Área de Tesourería e Xestión de Tributos) e 9 (Fogares Infantís/Centros de Día de Menores, postos de Educador, Educador-Titor).

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- Artigos 9.2 e 11.2 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), en canto establecen, o primeiro, os postos que terán en todo caso que estar reservados a persoal funcionario, e o segundo, sobre a determinación dos postos de traballo que poderán ser desempeñados por persoal laboral; en relación cos artigos 10.1 e 27.2 do Decreto Lexislativo 1/2008, Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia (TRLFPG), que prescriben, respectivamente, que o persoal laboral ocupará postos de traballo destinados a persoal desta natureza ou ben, con carácter excepcional, postos reservados a persoal funcionario, e que os postos de traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e os dos seus organismos autónomos de carácter administrativo serán desempeñados por persoal funcionario público. Igualmente, os artigos 14 e 18 do dito EBEP, establecen o dereito á promoción interna dos funcionarios públicos; en relación cos artigos 31, 63 e 64 do Decreto Lexislativo 1/2008, Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia (TRLFPG), que regulan a posibilidade de establecer medidas específicas de promoción interna nos plans de emprego, tanto para o persoal funcionario como para o laboral, e o dereito á tal promoción interna do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

II.2.- Disposición Transitoria Segunda do devandito EBEP, así como as Décimo Terceira e Vixésimo Primeira, en relación coas Transitorias Primeira, Sétima e Novena do TRLFPG, que habilitan para a realización dos correspondentes procesos de funcionarización dos postos desempeñados por persoal laboral.

II.3.- En canto á normativa específica vixente para a Administración Local, os artigos 234 e 235 da Lei 5/1994, de Administración Local de Galicia (LALGA), que especifican os postos que serán desempeñados exclusivamente por persoal suxeito ao estatuto funcional, o primeiro, e os que poden ser desempeñados por persoal laboral, o segundo. En igual sentido, os artigos 89 e 92 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local (LBRL).

II.4.- Artigo 175 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (TRLRL), que regula a subescala funcional específica na que se integrará o persoal de oficios, o que fai posible, consecuentemente, tamén a funcionarización destes postos.

II.5.- A xurisprudencia ten establecido que nos procesos de funcionarización dos postos de persoal laboral, os seus titulares que non participen nos procesos selectivos correspondentes ou non os superen, seguirán desempeñando os postos mantendo o seu réxime laboral na condición de “para extinguir” (STS do 20 de xuño de 1996, por todas), o que é conforme co disposto na xa citada Disposición Transitoria Segunda do EBEP.

II.6.- A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, aprobada de conformidade co disposto na Directiva Comunitaria 89/391/CEE, e o seu Regulamento, Real Decreto 39/1997, de aplicación a todo o persoal das Administracións Públicas, coas únicas excepcións previstas no propio Regulamento, Disposición Adicional 4ª.

II.7.- Artigo 20 da Lei 22/2013, de Orzamentos Xerais do Estado, en canto prohibe os incrementos retributivos do persoal do sector público (número Dous). Neste caso, non se produce incremento da suma agregada de todos os gastos de persoal ou masa salarial, xa que van compensados coa redución doutros conceptos retributivos e coa amortización doutros postos de traballo vacantes, o que en termos de homoxeneidade ha de interpretarse e ser entendido de modo que implique semellanza, pero non unha igualdade exacta, xa que doutro xeito, non sería posible a adecuación ao establecido no propio precepto (número Sete), en canto prescribe “sen prexuízo das adecuacións que con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados a el”.

II.8.- En canto á variación de efectivos, non se produce tampouco incremento coa creación dos novos postos de traballo, cumpríndose o disposto no artigo 21 da devandita Lei 22/2013. En calquera caso, sinalar a STS do 27/03/2006, Sala 3ª do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª, Recurso 515/2000, que cita outra da mesma Sala do 22/11/2005, en canto establece que “en todo caso, o número de prazas de novo ingreso deberá ser inferior ao ...% da taxa de reposición de efectivos”, que a Sala interpreta no “sentido de considerar que o límite do ...% da taxa de reposición permite contratar persoal novo en prazas de nova creación, sempre que non supere aquel... pois de entender que só poden cubrirse o ...% das prazas de reposición, en prazas xa vacantes, encontraríamonos non cunha norma tendente a moderar o gasto público, senón redutora del, con risco para o bo funcionamento dos servizos públicos”, e remata establecendo que “trátase de conter o gasto pero sen impoñer unha redución del que poña en perigo os sectores, función e categorías prioritarias”.

Vistos os informes emitidos e de conformidade coa normativa legal e a xurisprudencia citada:

1º.- Realizar de conformidade coas previsións do Plan de Emprego 2013-2015 a funcionarización de todos os postos de persoal laboral, que se incluírán na Relación de Postos de Traballo de persoal funcionario para 2015, como afectados polo tal proceso de funcionarización e promoción interna e coa mención de “para extinguir”, así como as prazas que se correspondan no Cadro de Persoal para o dito ano. O proceso de funcionarización e promoción interna en si mesmo non supón incremento ningún do gasto total do persoal, nin da masa retributiva total resultante da suma das masas retributiva do persoal funcionario e da masa salarial do laboral, xa que non se produce variación ningunha nas retribucións dos postos afectados.

A participación nos procesos selectivos correspondentes será voluntaria, podendo participar neles os titulares dos postos obxecto de funcionarización como persoal laboral fixo do cadro de persoal que se encontren na situación de servizo activo, en excedencia ou en incapacidade permanente con reserva do posto de traballo, e posúan as titulacións legalmente esixibles para o acceso aos postos na Administración Local como persoal funcionario de carreira, así como os titulares dos postos obxecto igualmente de promoción interna como persoal funcionario que reúnan igualmente as condicións para a participación no proceso.

A toma de posesión das persoas que superen os correspondentes procesos selectivos como funcionarias de carreira, levará consigo a rescisión simultánea da relación laboral existente ata esa data.

2º.- Proceder á reorganización da Imprenta Provincial, para a adaptación dos postos de traballo ás novas funcións que ten que desenvolver o departamento de acordo coa legalidade vixente, de conformidade igualmente co disposto no Plan de Emprego 2013-2015, mediante a súa inclusión no proceso de promoción interna, tanto para o persoal funcionario como para o laboral, que reúnan os requisitos que se fixen nas correspondentes convocatorias, e polo que se refire ao persoal laboral, formando parte a tal promoción do proceso de funcionarización dos postos de traballo, tamén en execución do repetido Plan de Emprego; tendo en conta, así mesmo, que os postos susceptibles de formar parte do tal proceso de promoción interna/funcionarización, teñen asignadas as mesmas retribucións anuais totais que os postos aos que accederían, no seu caso, en virtude da tal promoción, con motivo de ter asignadas todos eles as mesmas funcións, polo que non suporía incremento retributivo ningún. Como consecuencia do dito proceso, prodúcese a seguinte modificación en relación coa vixente Relación de Postos de Traballo:

- Adscrición dun posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativo de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX, á Oficialía Maior, ocupado por persoal laboral “para extinguir”, posto de Oficial Imprenta, suxeito á funcionarización/promoción interna.

3º.- Reorganizar as Zonas Recadatorias da Área de Tesourería e Xestión de Tributos, para a mellora da eficiencia na prestación do servizo, coas seguintes modificacións en relación coa vixente Relación de Postos de Traballo:

- Creación dun posto de Xefatura Territorial de Zona-1, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 22, Grupo/Subgrupo C/C1, AX/AE, réxime de especial dedicación.
- Creación dun posto de Xefatura Territorial de Zona-4, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 22, Grupo/Subgrupo C/C1, AX/AE, réxime de especial dedicación, con vixencia do 04/01/2015.
- Amortización dun posto de Administrativa/o de Administración Xeral Zona-2, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX, vacante.
- Amortización dun posto de Recadador/a, Zona-4, laboral, praza asociada de Recadador/a, nivel 24, Grupo/Subgrupo A/A1, réxime de especial dedicación, efectos do 04/01/2015, na que estará vacante o dito posto pola xubilación forzosa da persoa titular.

4º.- Reorganizar o Servizo de Contabilidade da Área de Intervención Xeral e Xestión Económico-Financeira, tendo en conta as novas funcións que se terán que desenvolver nel dirixidas directa e inmediatamente aos concellos da provincia, coas modificacións que deseguido se indican:

- Adscrición dun posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX, ocupado por persoal laboral “para extinguir”, posto de Grabador/a texto, suxeito á funcionarización/promoción interna, procedente da reorganización da Imprenta Provincial.
- Creación dun posto de Xefatura de Sección III, praza asociada de Técnica/o de Administración Xeral, nivel 24, Grupo/Subgrupo A1/A2, AX/AE.

- Creación dun posto de Xefatura de Negociado VI, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 22, Grupo/Subgrupo A1/A2/C1, AX/AE.
- Amortización dun posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX, adscrito ao Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, Sección de Control I, Negociado de Fiscalización de Subvencións. Como consecuencia, adscribir definitivamente ás persoas que están a ocupalos na actualidade aos postos seguintes, na Área de Tesourería e Xestión de Tributos:
 - Unidade de Instrución de Sancións Municipais: Un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativo de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX.
 - Tributos Locais: Un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativo de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX.
 - Unidade Central de Atención ao Contribuínte: Un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativo de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX.

5º.- Restruturar e reorganizar a unidade de prevención de riscos laborais, na Área de Persoal e Organización, transformándoa nunha Sección administrativa, Sección de Organización da Prevención de Riscos Laborais integrada no Servizo de Organización a nivel funcional e xerárquico, na Área de Persoal e Organización, segundo as seguintes modificacións:

- Creación dun posto de Xefatura de Sección de Organización da Prevención de Riscos Laborais, praza asociada de Técnica/o de Administración Xeral, nivel 24, Grupo/Subgrupo A1/A2, AX/AE.
- Transformación do actual posto de Técnico de Prevención de Riscos Laborais, praza asociada de Técnica/o de Administración Xeral, asignándolle o nivel 22, Grupo/Subgrupo A1/A2, AX/AE, con titulación como mínimo en dúas das especialidades das previstas no anexo VI do Real Decreto 39/1997, Regulamento de Prevención de Riscos Laborais.
- Integrar na nova Sección do posto de ATS/DUE, laboral, nivel 21, Grupo/Subgrupo A/A2, actualmente adscrito aos Servizos Xerais Calvo Sotelo.
- Integrar na nova Sección un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, procedente do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

6º.- Clasificar os postos de Secretaría adscritos ás direccións das Áreas de Acción Territorial e de Persoal e Organización, como de adscripción indistinta ás Escalas de Administración Xeral e Administración Especial, AX/AE, podendo ser desempeñadas en consecuencia por persoal funcionario das ditas escalas indistintamente, tendo en conta o contido técnico en parte dos postos.

7º.- Proceder á reorganización da Área de Servizos Provinciais, mediante as seguintes modificacións da Relación de Postos de Traballo:

- Creación dun posto de Xefatura de Sección, praza asociada de Técnica/o de Administración Xeral, nivel 24, Grupo/Subgrupo A1/A2, AX/AE, adscrita ao Servizo de Patrimonio.

- Creación dun posto de Xefatura de Negociado, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 22, Grupo/Subgrupo A1/A2/C1, adscrito ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección de Servizos Sociais.
- Amortización dun posto de Técnica/o de Xestión Cultural, praza asociada de Técnica/o de Xestión Cultural, nivel 24, Grupo/Subgrupo A/A1, réxime de especial dedicación, adscrito ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.
- Amortización dun posto de Auxiliar de Administración Xeral, praza asociada de Auxiliar de Administración Xeral, nivel 16, Grupo/Subgrupo C/C2, adscrito ao Servizo de Patrimonio.

Declarar “para extinguir”, unha vez que queden vacantes, os postos adscritos ao Centro de Día de Menores de Ferrol, da Área de Servizos Provinciais, dos postos de Operaria/o de Servizos Varios e de Celador/a, como consecuencia da clasificación do centro.

8º.- Finalizar a execución da primeira fase da promoción interna e da consolidación de emprego temporal, dentro do Plan de Emprego 2013-2015, Área de Persoal e Organización, mediante a creación, transformación e amortización necesarias dos postos que deseguido se indican na Relación de Postos de Traballo, así como a clasificación de todos os postos de traballo de Xefatura de Negociado, de todas as Áreas, como de adscrición indistinta ás Escalas de Administración Xeral e Administración Especial, AX/AE, podendo ser desempeñadas en consecuencia por persoal funcionario das ditas escalas indistintamente, para os efectos necesarios para a execución das sucesivas fases de execución do dito Plan de Emprego:

- Transformar 1 praza de analista técnico (1.1.53.2) (A2) e 1 posto de analista técnico (1.1.90.8) en 1 praza e 1 posto de técnico de organización (A1).
- Transformar 1 praza de técnico de xestión tributaria (1.1.55.20) (A2) en 1 praza de técnico de organización (A1).
- Transformar 2 prazas de Asesor de Sistemas de Xestión Municipal (1.1.59.4 e 1.1.59.6) (A2) e 2 postos de asesor técnico (1.289.2 e 1.289.4) en 2 prazas e 2 postos de Técnico de Organización (A1).
- Transformar 1 praza de Técnico de Xestión de Administración Xeral (1.1.2.6) (A2) en 1 praza de Técnico de Organización (A1).
- Transformar 1 praza de administrativo (1.1.3.159) nunha praza de Asesor Técnico e un posto de Secretaria (1.1.334.1) (C1-22) en 1 posto de Secretaria (A2/C1-22)
- Transformar 1 praza de administrativo (1.1.3.52) (C1) e 1 posto de administrativo (1.1.15.169) en 1 praza e 1 posto de asesor técnico (A2).
- Transformar 2 prazas de monitor técnico (1.1.69.1 e 1.1.69.2) (C1) e 2 postos de analista programador (1.290.13 e 1.290.12) en 2 prazas e 2 postos de analista técnico (A2).
- Transformar 1 praza de programador de sistemas (1.1.63.1) e 1 posto de analista programador (1.290.11) (C1) en 1 praza e 1 posto de analista técnico (A2).
- Transformar 3 prazas de programador de aplicacións (1.1.65.3; 1.1.65.4 e 1.1.65.8) e 3 postos de analista programador (1.290.3; 1.290.4 e 1.290.8) en 3 prazas e 3 postos de analista técnico.
- Transformar 1 praza de asesor de sistemas de xestión municipal (1.1.59.7) (A2) en 1 praza de Técnico superior de informática (A1).

- Transformar 1 praza de asesor de sistemas de xestión municipal (1.1.59.9) (A2) e 1 posto de asesor técnico (1.289.5) nunha praza e un posto de técnico superior de informática.
- Transformar 1 praza de analista técnico (1.1.53.3) (A2) e 1 posto de analista técnico (1.90.9) en 1 praza e 1 posto de técnico superior de informática (A1).
- Transformar 1 praza de analista técnico (1.1.53.1) e 1 posto de analista técnico (1.190.9) en 1 praza e 1 posto de técnico superior de informática (A1).
- Amortizar 1 praza de monitor (1.1.52.1) (A2) e 1 posto de analista técnico (1.90.4).

9º.- Con efectos ás datas que se sinalan, amortizar os postos que deseguido se indican, como consecuencia das xubilacións anticipadas voluntarias, solicitadas en firme polas persoas titulares e de obrigada concesión:

- Un posto de Subalterna/o, praza asociada de Subalterna/o, nivel 13, AP/Grupo E Lei 30/1984, AX, con efectos do día 1 de xaneiro de 2015, data na que estará vacante. Área de Secretaría Xeral, Oficialía Maior, Servizos Internos.
- Un posto de Analista Técnica/o, praza asociada de Analista Técnica/o, nivel 22, Grupo/Subgrupo A/A2, AE, con efectos do día 2 de xaneiro de 2015, data na que estará vacante. Área de Persoal e Organización, Servizo de Informática e Administración Electrónica, Sección de Asistencia Informática.

10º.- Elevar a definitiva a adscrición provisional levada a efectos pola resolución da Presidencia 2014/15963, por considerarse definitivas as causas, dos postos que deseguido se relacionan, que quedarán, en consecuencia, adscritos definitivamente nos novos destinos, ambos os dous no Servizo da mesma Área de Acción Territorial:

- Un posto de Enxeñeira/o Superior de Obras Públicas no Servizo de Apoio Técnico a Municipios, procedente do de Arquitectura e Mantemento.
- Un posto de Enxeñeira/o Técnica/o de Obras Públicas no Servizo de Apoio Técnico a Municipios, procedente do de Arquitectura e Mantemento.

11º.- Amortizar os seguintes postos/prazas, actualmente prescindibles e cos efectos previstos na normativa vixente, en especial, o artigo 20 e seguintes da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2014:

- 2 postos/prazas de Celador/a. Fogar Infantil Emilio Romy.
- 1 posto/praza de Cociñeira/o. Pazo de Mariñán.
- 1 posto/praza de Operaria/o de Servizos. Servizo de Vías e Obras.
- 1 posto/praza de Operaria/o Agrícola Encargada/o. Pazo de Mariñán
- 1 posto/praza de Subalterna/o. Biblioteca Provincial.
- 1 posto/praza de Camareira/o. Pazo de Mariñán.
- 1 posto/praza de Oficial de Imprenta. Imprenta Provincial.
- 1 posto/praza de Administrativa/o de Administración Xeral. Servizo de Planificación de Recursos Humanos.
- 2 postos/prazas de Conductor/a. Parque Móbil.
- 1 posto/praza de Secretaria/o Presidencia. Gabinete Presidencia.

12º.- Segundo o exposto no antecedente I.13, e coa finalidade de establecer un sistema obxectivo de produtividade por obxectivos e unha avaliación total do rendemento que potencie o alcance do maior grao na consecución dos obxectivos da

organización, e para os efectos tamén de realizar a valoración e consecuente asignación de funcións a todos e cada un dos postos de traballo, establecer e aprobar na Relación de Postos de Traballo as funcións básicas dos postos tipo, deixando invariables, en principio, as dos postos concretos que, pola súa especificidade, foron sinaladas nos acordos plenarios aprobatorios da vixente para o ano 2014 (aprobación inicial na sesión do 22 de novembro de 2013, e definitiva na do 20 de decembro seguinte), nos seus apartados 8 (Área de Tesourería e Xestión de Tributos) e 9 (Fogar Infantil/Centro de Día de Menores, postos de Educador, Educador-Titor), así como, consecuentemente, deixar tamén sen efecto os factores asignados aos complementos específicos correspondentes (factores 1 ao 7, inclusive):

FUNCIÓNS BÁSICAS DOS POSTOS TIPO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA:

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIÓNS BÁSICAS
Funcionarios			
		Xefaturas	
		Dirección de Área	▪ Dirección integral da área, desempeñando dentro do ámbito competencial propia da área con orientación especial aos concellos da provincia, as funcións de dirección, planificación, programación e presupostación, avaliación, cooperación interadministrativa, colaboración, apoio e asistencia ás entidades locais da provincia, organización e coordinación de recursos humanos, sistemas de información e comunicación, normativa interna, xestión financeira, xestión de medios materiais e servizos auxiliares, seguimento, control e supervisión de Servizos e outras Unidades que integran a súa Área, estatísticas, publicacións e memorias. ▪ Propor e determinar os obxectivos e programas da área aliñándoos cos obxectivos establecidos polo equipo de goberno da Corporación. ▪ Propor os proxectos da súa Área para alcanzar os obxectivos establecidos, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento. ▪ Propor á Presidencia ou órgano do que dependa, a resolución que estime procedente sobre os asuntos que afectan á Área. ▪ Dirixir e coordinar as Unidades Administrativas que integran a Área. ▪ Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia ▪ Supervisar, controlar e coordinar a actividade administrativa da área medindo, avaliando e analizando os resultados obtidos e os custos de funcionamento da Área e realizando as melloras que considere convenientes. ▪ Asistencia ás reunións técnicas ás que sexa convocado en calidade de responsable da súa Área tanto reunións internas como externas. ▪ Impulsar e supervisar as actividades que forman parte da xestión ordinaria da Área con obxecto de asegurar a coordinación e o bo funcionamento dos Servizos e

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIÓNS BÁSICAS
			Unidades dependentes e do persoal integrado nestes. ▪ Velar pola eficiente utilización dos medios e recursos materiais, económicos e persoais que teñan asignados. ▪ Coidar da formación, motivación, promoción, disciplina, prevención, seguridade e clima laboral do persoal ao seu cargo, propondo as medidas que considere adecuadas para alcanzar tales fins, ademais de atender e resolver as cuestións individuais que lle sexan expostas polo persoal da súa Área. ▪ Promover dentro da súa Área os usos e hábitos da calidade e mellora continua da eficacia e eficiencia nos procesos ordinarios de xestión. ▪ Elaboración da memoria anual integrada da Área. ▪ Realizar aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que lle sexan asignadas para contribuír ao bo funcionamento da Área, e en xeral, da Corporación. ▪ As demais atribucións que lle sexan atribuídas regulamentariamente.
		Xefatura de Servizo	▪ Dirección administrativa do Servizo desempeñando, dentro do ámbito competencial propio do Servizo con orientación especial aos Concellos da provincia, as funcións de dirección, planificación, programación e presupostación, avaliación, cooperación interadministrativa, colaboración, apoio e asistencia ás entidades locais da provincia, organización e coordinación de recursos humanos, sistemas de información e comunicación, normativa interna, xestión financeira, xestión de medios materiais e servizos auxiliares, seguimento, control e supervisión das Seccións e outras Unidades que integren a Área, informes, estatísticas, publicacións e memorias. ▪ Propor e determinar os obxectivos e plans do Servizo aliñándoos cos obxectivos establecidos para a Área en que integra. ▪ Propor os proxectos do seu Servizo para alcanzar os obxectivos establecidos, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento. ▪ Dirixir, supervisar e coordinar as unidades que compoñen o Servizo e as súas actividades. ▪ Planificar, organizar e coordinar as actividades e proxectos do servizo. ▪ Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos Concellos da provincia. ▪ Propor á Dirección de Área a realización de cantos

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIONES BÁSICAS
			estudios, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento do Servizo e a aprobación das disposicións, circulares ou orientacións técnicas que considere necesarias para conseguir o devandito obxectivo. ▪ Propor á Dirección da Área ou órgano do que dependa, a resolución que estime procedente sobre os asuntos que afectan ao Servizo. ▪ Propor as modificacións que procedan en relación coa estrutura do Servizo e da configuración dos seus postos de traballo. ▪ Preparación e xestión do orzamento do Servizo. ▪ Impulsar e supervisar as actividades que forman parte da xestión ordinaria do Servizo e velar pola coordinación e o bo funcionamento das Unidades dependentes e do persoal integrado nelas. ▪ Velar pola eficiente utilización dos medios e recursos materiais, económicos e persoais que teñan asignados. ▪ Propor a adscrición e traslado do persoal aos diferentes postos de traballo correspondentes ás súas categorías, con excepción aos postos de xefatura, conforme a normativa aplicable. ▪ Coordinar, supervisar e controlar as diferentes unidades que integran o Servizo para garantir que as necesidades do Servizo quedan sempre cubertas. ▪ Coidar da formación, motivación, promoción, disciplina, prevención, seguridade e clima laboral do persoal ao seu cargo, propondo as medidas que considere adecuadas para alcanzar tales fins, ademais de atender e resolver as cuestións individuais que lle sexan expostas polo persoal do seu Servizo. ▪ Supervisar, controlar e coordinar a actividade administrativa do Servizo medindo, avaliando e analizando os resultados obtidos e os custos de funcionamento do Servizo, propondo as melloras que considere convenientes. ▪ Impulsar a utilización de instrumentos tecnolóxicos nas áreas de actuación do Servizo. ▪ Coñecemento e utilización das aplicacións informáticas de que dispón o Servizo. ▪ Promover dentro do seu Servizo os usos e hábitos da calidade e mellora continua da eficacia e eficiencia nos procesos ordinarios de xestión. ▪ Asistir ás reunións técnicas ás que sexa convocado en calidade de responsable do seu Servizo tanto reunións internas como externas. ▪ Elaboración da memoria anual do Servizo. ▪ Realizar aquelas funcións relacionadas co desempeño

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIÓNS BÁSICAS
			do seu posto que considere adecuadas en orde ao bo funcionamento do Servizo ao que pertence e, en xeral, da Corporación. ▪ Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, pola Dirección de Área e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
		Xefaturas de Sección/Unidade	▪ Dirección, supervisión e coordinación da Sección/Unidade e dos Negociados ou outras Unidades administrativas que a integren, o seu persoal e as súas actividades. ▪ Propor e determinar os obxectivos da Sección/Unidade aliñándoos cos obxectivos establecidos para o Servizo en que se integra. ▪ Planificar, organizar e coordinar as actividades e proxectos da Sección/Unidade. ▪ Colaborar coa Xefatura do Servizo ou o responsable superior na fixación de obxectivos, formulación de propostas, orzamentos e plans de actuación, así como na súa execución. ▪ Propor os proxectos da Sección/Unidade para alcanzar os obxectivos establecidos para o Servizo, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento. ▪ Propor á xefatura do Servizo ou ao responsable superior de quen dependa xerarquicamente cantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento da Unidade. ▪ Propor á xefatura do Servizo ou ao responsable superior de quen dependa xerarquicamente, a resolución que estime procedente sobre os asuntos que afectan á Sección/Unidade. ▪ Preparación e xestión do orzamento da Sección/Unidade. ▪ Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. ▪ Impulsar, supervisar, controlar e coordinar a actividade administrativa da Sección/Unidade e dos Negociados ou outras Unidades dependentes medindo, avaliando e analizando os resultados obtidos e os custos de funcionamento da Sección/Unidade, propondo as medidas que considere oportunas para mellorar a eficiencia na utilización dos medios e recursos materiais, económicos e persoais que teñan asignados. ▪ Coidar da formación, motivación, promoción,

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCÍONS BÁSICAS
			disciplina, prevención, seguridade e clima laboral do persoal ao seu cargo, propondo as medidas que considere adecuadas para alcanzar tales fins, ademais de atender e resolver as cuestións individuais que lle sexan expostas polo persoal da súa Sección/Unidade. ▪ Impulsar a utilización de instrumentos tecnolóxicos nas actividades da Sección/Unidade. ▪ Coñecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispón a Sección/Unidade. ▪ Promover dentro da súa Sección/Unidade os usos e hábitos da calidade e mellora continua da eficacia e eficiencia nos procesos ordinarios de xestión. ▪ Asistir ás reunións técnicas ás que sexa convocado en calidade de responsable da súa Sección/Unidade tanto reunións internas como externas. ▪ Elaboración da memoria anual da Sección/Unidade. ▪ Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento da Sección/Unidade. ▪ Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, pola xefatura do Servizo ou polo responsable superior de quen dependa xerarquicamente e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
		Xefaturas de Negociado	▪ Colaborar coa xefatura da Sección na fixación de obxectivos, formulación de propostas, orzamentos e plans de actuación, así como na súa execución ▪ Propor as actividades e actuacións do Negociado para alcanzar os obxectivos establecidos para a Sección, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento. ▪ Propor á xefatura de Sección cuantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento do Negociado. ▪ Propor á xefatura de Sección, a resolución que estime procedente sobre os asuntos que afectan ao Negociado. ▪ Colaborar coa xefatura de Sección na preparación e xestión do orzamento. ▪ Impulsar e supervisar e coordinar as actividades que forman parte da xestión ordinaria do Negociado e do persoal integrado nelas. ▪ Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIONES BÁSICAS
			interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. ▪ Velar pola eficiente utilización dos medios e recursos materiais, económicos e persoais que teñan asignados. ▪ Coidar da formación, motivación, promoción, disciplina, prevención, seguridade e clima laboral do persoal ao seu cargo, propondo as medidas que considere adecuadas para alcanzar tales fins, ademais de atender e resolver as cuestións individuais que lle sexan expostas polo persoal do seu Servizo. ▪ Impulsar a utilización de instrumentos tecnolóxicos nas actividades do Negociado. ▪ Coñecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispón o Negociado. ▪ Promover dentro do Negociado os usos e hábitos da calidade e mellora continua da eficacia e eficiencia nos procesos ordinarios de xestión. ▪ Promover a análise e medida dos resultados obtidos. ▪ Supervisar, controlar e coordinar a actividade administrativa do Negociado. ▪ Asistir ás reunións técnicas ás que sexa convocado en calidade de responsable do Negociado tanto reunións internas como externas. ▪ Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento do Negociado. ▪ Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, pola xefatura da Sección ou polo responsable superior de quen dependa xerarquicamente e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
ADMINISTRACIÓN XERAL			
		Técnico (A1)	▪ Xestionar, estudar e facer propostas de carácter administrativo de nivel superior. ▪ Instruír expedientes, elaborar informes, ditames e propostas de resolución. ▪ Substanciación e informe dos recursos , reclamacións, revisión de resolucións, etc. ▪ Preparar toda clase de actos administrativos e os actos e negocios xurídicos. ▪ Colaborar cos seus superiores xerárquicos na dirección e supervisión dos procesos de traballo. ▪ Realizar propostas de racionalización de sistemas de

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIÓNS BÁSICAS
			traballo, simplificación e normalización de expedientes, procesos e impresos. ▪ Estudar as disposicións legais e o seu tratamento para facilitar aos empregados o seu coñecemento e aplicación. ▪ Coñecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispón a Unidade na que desempeña as súas funcións. ▪ Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. ▪ Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento da unidade na que desempeña as súas funcións. ▪ Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, polos seus superiores xerárquicos e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
		Técnico Xestión (A2)	▪ Apoio a funcións de nivel superior. ▪ Realizar informes e propostas de resolución de expedientes administrativos. ▪ Cooperar cos seus superiores xerárquicos na supervisión e coordinación de traballos desempeñados por persoal subordinado. ▪ Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. ▪ Realizar propostas de simplificación e normalización de expedientes, procesos e impresos. ▪ Estudar as disposicións legais e o seu tratamento para facilitarlles aos empregados o seu coñecemento e aplicación. ▪ Utilizar as aplicacións informáticas necesarias para o desempeño do posto de traballo. ▪ Coñecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispón a Unidade na que desempeña as súas funcións. ▪ Efectuar propostas de mellora aos superiores en relación aos sistemas e procesos de traballo na dependencia na que presta servizo. ▪ Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIONES BÁSICAS
			do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento da unidade na que desempeña as súas funcións. ▪ Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, polos seus superiores xerárquicos e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
		Administrativo (C1)	▪ Realizar informes e propostas de resolución de expedientes administrativos elementais. ▪ Tramitar expedientes e procesos administrativos, formulación de dilixencias, actas, providencias, comparecencias e oficios elementais, formulación de requirimentos, citacións, notificacións e comunicacións; cotexo de documentos e extensión das oportunas dilixencias e actos administrativos de análoga natureza. ▪ Xestionar os procesos de traballo de carácter administrativo, económico e contable. ▪ Controlar os expedientes e procesos. ▪ Colaborar na racionalización de estruturas e sistemas de traballo e na formalización e simplificación de expedientes, procesos e impresos. ▪ Informar e atender aos cidadáns, tanto presencial como telefonicamente. ▪ Atención e asistencia en asuntos da súa competencia con especial mención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. ▪ Levar a cabo as xestións necesarias para resolver as cuestións que se lle expoñan ou encarguen no seu ámbito competencial utilizando o medio procedente en cada caso (documental, telefónico, electrónico, presencial). ▪ Coñecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispoña para o desempeño do posto de traballo. ▪ Efectuar propostas de mellora aos seus superiores en relación aos seus sistemas e procesos de traballo. ▪ Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento da unidade na que desempeña as súas funcións. ▪ Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, polos seus superiores xerárquicos e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIÓNS BÁSICAS
		Auxiliar (C2)	- Realizar actividades administrativas, conforme instrucións recibidas ou normas existentes con alternativas, máis ou menos estandarizadas, como formalizar e cubrir todo tipo de documentos, procedementos ou impresos sobre modelos existentes. - Arquivar, rexistrar e catalogar expedientes ou documentos da Unidade na que desempeña as súas funcións. - Colaborar na información e seguimento do trámite administrativo do expediente . - Informar e atender aos cidadáns, tanto presencial como telefonicamente de acordo coas instrucións do seu superior. - Realizar tarefas específicas en coordinación con outros colaboradores da mesma ou distinta Unidade. - Cofecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispoña para o desempeño do posto de traballo. - Ordenar, numerar e encadernar expedientes, formulación de índices, control e distribución de material. - Realizar actividades de apoio a postos superiores (axenda, atención a visitas, etc.). - Atender e realizar chamadas telefónicas para resolver asuntos da súa competencia. - Efectuar propostas de mellora aos seus superiores en relación aos seus sistemas e procesos de traballo. - Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento da unidade na que desempeña as súas funcións. - Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, polos seus superiores xerárquicos e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, cofecementos e experiencia.
		Subalterno (E)	- Controlar, vixiar e custodiar o interior de oficinas, aparcadoiros, accesos, dependencias. Así como realizar tarefas de conserxe, uxier, porteiro ou outras análogas en edificios e servizos da Corporación. - Informar e orientar ao cidadán en cantas consultas de carácter xeral realice, tanto presencial como telefonicamente e no seu desprazamento polas distintas dependencias. - Atender as entradas e saídas de cidadáns e materiais de acordo a instrucións e procedementos establecidos.

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIONES BÁSICAS
			- Preparar a correspondencia e/ou documentación para o seu envío e/ou transporte: ensobrar, pór selos, etiquetar, etc. - Repartir documentación, mensaxes, recados, etc entre dependencias. - Entregar documentos e notificacións que hai que facer chegar aos cidadáns ou institucións. - Manexar máquinas reprodutoras, fotocopiadoras, encadernadoras, trituradoras e outras análogas. - Atender á reposición de materiais consumibles, etc. - Realizar dentro da dependencia, os traslados de material, mobiliario lixeiro e aveños. - Utilizar as aplicacións informáticas necesarias para o desempeño do posto de traballo. - Cumprir a normativa e instrucións do superior en relación á normativa sobre Prevención de Riscos Laborais. - Efectuar propostas de mellora ao seu superior inmediato en relación a sistemas e procesos de traballo. - Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento da unidade na que desempeña as súas funcións, e en xeral da Deputación. - Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, polos seus superiores xerárquicos e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL – Funcións dos postos ocupados por:			
		Técnicos superiores (A1)	- As propias da titulación que posúe e que se lle requiriu para acceder ao posto que ocupa. - Utilizar as aplicacións informáticas correspondentes á dependencia, introducindo datos, xestión de expedientes, terceiros, etc. - Instruír expedientes, elaborar informes, ditames e propostas de resolución. - Substanciación e informe dos recursos, reclamacións, revisión de resolucións, etc. - Colaborar cos seus superiores na dirección e supervisión dos procesos de traballo. - Realizar propostas de racionalización de sistemas de traballo, simplificación e normalización de expedientes, procesos e impresos. - Coñecemento experto e utilización das aplicacións

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIÓNS BÁSICAS
			informáticas de que dispón a Unidade na que desempeñe as súas funcións. - Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos Concellos da provincia. - Realizar aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que lle sexan encomendadas para contribuír ao bo funcionamento da Unidade á que pertence e, en xeral, da Corporación.
		Técnicos de grao medio (A2)	- As propias da titulación que posúe e que se lle requiriu para acceder ao posto que ocupa. - Utilizar as aplicacións informáticas correspondentes á dependencia, introducindo datos, xestión de expedientes, terceiros, etc. - Instruír expedientes, elaborar informes, ditames e propostas de resolución. - Substanciación e informe dos recursos, reclamacións, revisión de resolucións, etc. - Colaborar cos seus superiores na dirección e supervisión dos procesos de traballo. - Realizar propostas de racionalización de sistemas de traballo, simplificación e normalización de expedientes, procesos e impresos. - Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con atención especial ás actuacións que realice a Deputación cos concellos da provincia. - Coñecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispón a Unidade na que desempeñe as súas funcións. - Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento da unidade na que desempeña as súas funcións. - Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, polos seus superiores xerárquicos e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
		Técnicos auxiliares (C1)	- As propias da titulación que posúe e que se lle requiriron para acceder ao posto que ocupa. - Atender e facilitar información no ámbito da súa competencia e coñecementos, xa sexa, persoalmente,

TIPO	CLASE	POSTO	FUNCIÓNS BÁSICAS
			por teléfono ou telematicamente. ▪ Coñecemento e utilización experta das aplicacións informáticas a cargo da Unidade na que desempeñe as súas funcións. ▪ Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con atención especial ás actuacións que realice a Deputación cos Concellos da provincia. ▪ Apoio e colaboración cos seus superiores e outros técnicos da súa Unidade ou doutras Unidades na execución e supervisión dos procesos de traballo. ▪ Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, polos seus superiores xerárquicos e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
		Persoal con labores especiais (C2/E)	▪ Realizar as tarefas propias da actividade con labores especiais acordes coa súa profesión ou oficio. ▪ Cumprir a normativa e instrucións do superior en relación á normativa sobre Prevención de Riscos Laborais. ▪ Velar pola eficiente utilización dos medios, recursos materiais e económicos que teñan asignados. ▪ Utilizar as aplicacións informáticas necesarias para o desempeño do posto de traballo. ▪ Efectuar propostas de mellora aos seus superiores en relación aos seus sistemas e procesos de traballo. ▪ Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento da unidade na que desempeña as súas funcións e, en xeral, da Deputación. ▪ Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan asignadas, dentro do ámbito da súa competencia, polos seus superiores xerárquicos e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.
E algo que nos parece moi importante e eu quería destacar neste Pleno, que é que, en contraposición ao sistema vixente ata agora de produtividade, neste sistema modificado, desde logo, non se vai retribuír como produtividade asistir ao posto de traballo, o cumprimento da xornada e cumprimento horario, dáse por suposto que os traballadores que cobran o seu soldo deben de acudir, non pode ser doutra forma, ao posto de traballo, e non pode ser que simplemente por entrar pola porta, fichar ao entrar e fichar ao saír, independentemente do que un faga no seu posto de traballo, cobre xa un 50% de produtividade, é máis, aquel que non cumpra co seu traballo debería, non só non cobrar, senón que debería de ser sancionado por iso.

O que imos valorar aquí son o cumprimento de obxectivos, obxectivos pactados, obxectivos coñecidos por todos os traballadores desta casa, e isto é o que queremos e a formulación e a proposta que lle facemos a todos vostedes, é dicir, un sistema en constante evolución, non é nada provisional, pero tampouco nada é definitivo, nada na vida o é. A propia lei de leis, a propia Constitución, cando é preciso se reforma, se adapta e se mellora, e isto que estamos facendo, non estamos facendo algo inmutable, senón un proceso tendente a que os traballadores desta casa se vexan retribuídos xustamente cando faga ben o seu traballo, cando se ofrezca un mellor servizo aos concellos, e sempre co menor custo posible. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, e en contra do PSOE e o BNG, acorda:

“Con base nun proceso xeral de planificación estratéxica interna, ao estudo de diversas propostas, e para contribuír ao éxito común dun proxecto global de renovación que puxese en máis valor o papel da Deputación Provincial da Coruña cara a todos os Concellos, aprobouse no seu momento o Plan de emprego 2013-2015 para, nun marco de aforro e estabilidade orzamentaria, desenvolver toda unha serie de principios e acordos no devandito prazo.

Á Mesa Xeral de Empregados Públicos da Deputación correspóndenlle as funcións xerais de negociación, seguimento e interpretación dos acordos alcanzados no citado e vixente Plan de emprego, debendo, no posible, impulsar e vixiar xunto á Comisión específica constituída para o efecto o cumprimento de todo o acordado.

O principio número 6 da planificación estratéxica antes citada contempla: *“Reformular, obxectivar e mellorar o actual sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento, dirixíndoas cara á mellora da eficacia na consecución de obxectivos previamente definidos mediante a medición e avaliación dos correspondentes*

indicadores de resultados, á mellora na prestación dos servizos públicos e á obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. O novo sistema, que xa se aplicara inicialmente en 2013, e que estará vixente para o período contemplado no Plan de Emprego 2013-2015, contemplará como un dos seus principios o seguinte: "dous traballadores, desempeñando o mesmo ou equivalente posto de traballo e percibindo iguais ou similares retribucións, aquel que está a responder cun especial rendemento, cunha actividade extraordinaria, ou cunha especial calidade nos seus labores, estará mellor retribuído e compensado que aquel traballador que cumpre só os estándares básicos do seu posto". A exhaustividade e obxectividade coa que se aplicará o sistema en 2015, unha vez totalmente reformulado e implantado, contemplarase que serán menores en 2014 e inferiores en 2013. O novo sistema de incentivos á produtividade e ao rendemento poderá contemplar un dobre concepto que, por exemplo, poderían denominarse "complemento por obxectivos/resultados" e "complemento por desempeño/resultados", ou similares, de tal maneira que, sen cerrar a ningún traballador o acceso ao novo sistema de valoración, con todo, se distinga entre aqueles traballadores que xa teñen retribuídas as súas funcións e o seu traballo con outros posibles complementos, dos traballadores que, normalmente estean máis na base da organización, contribúen aos "resultados" sen os referidos complementos adicionais. O novo sistema deberá contemplar, ademais, algún tipo de mecanismo de retroalimentación, posible mellora ou crecemento, vinculado á obtención, e mantemento no tempo, de eficiencias e aforros estruturais que melloren a sustentabilidade e o aforro orzamentario."

Nos artigos 17 e 18 do vixente Convenio Colectivo da Deputación (cuxa Disposición Adicional Segunda recolle que os procesos de funcionarización terán como obxectivo regularizar aquelas situacións nas que tarefas e funcións que, segundo a normativa vixente, deberían de ser prestadas por persoal funcionario, estean a ser desempeñadas por persoal laboral) acordouse, aplicable ao persoal laboral e como referencia para o persoal funcionario que presta os seus servizos na área de Tesourería e Xestión de Tributos, o seguinte:

"Artigo 17. Produtividade por obxectivos. Sistema xeral e Plus especial de produtividade

Con base no contemplado no principio número 6 da Planificación estratéxica 2013-2015, o novo sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento na Deputación da Coruña estará dirixido á mellora da eficacia na consecución dos obxectivos previamente definidos mediante a medición e avaliación dos correspondentes indicadores dos resultados, a mellora na prestación dos servizos públicos e a obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. O novo sistema contemplará mecanismos de retroalimentación, posible mellora ou crecemento, vinculado á obtención e mantemento no tempo de eficiencias e aforros estruturais que melloren a sustentabilidade e o aforro orzamentario. O novo sistema, que inicialmente estará vixente para o período contemplado no Plan de emprego 2013-2015, contemplará como un dos seus principios o seguinte: "dous traballadores, desempeñando o mesmo ou equivalente posto de traballo e percibindo iguais ou similares retribucións, aquel que está a responder cun especial rendemento, cunha actividade extraordinaria, ou cunha especial calidade nos seus labores, estará mellor retribuído e compensado que aquel traballador que só cumpre os estándares básicos do seu posto".

En contraposición ao sistema anterior, non se contemplará a avaliación dos clásicos factores de asistencia ao posto de traballo, cumprimento de xornada e horario, os cales se dá por suposto que deben ser cumpridos ao cento por cento por todos os traballadores da Deputación, senón que se contemplará a avaliación de novos factores para mellorar na eficacia na consecución dos obxectivos previamente definidos, coa medición e avaliación dos correspondentes indicadores dos resultados, para mellorar na prestación dos servizos públicos e para a obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. Para individualizar a avaliación dos obxectivos marcados e dos resultados obtidos realmente, para cada unidade de acción ou por cada posto de traballo individual, poderanse contemplar factores de avaliación relativos á competencia práctica, colaboración, responsabilidade, iniciativa, volume de traballo e nivel de achega no cumprimento dos obxectivos globais. O sistema que se implante deberá respectar o contemplado no principio número 6 da Planificación estratéxica. Durante a vixencia do novo sistema todo o persoal laboral da Deputación participará no sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento nas mesmas condicións que o persoal funcionario, sen excepcións. O persoal laboral da Deputación que resulte adscrito á área DE TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS do mesmo xeito que o persoal funcionario adscrito a esta, terá un novo sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento unificado e singular para a dita área, que tamén respectará o contemplado no principio número 6 da Planificación estratéxica. De maneira excepcional, o citado persoal laboral que traballe na devandita área tributaria, o mesmo que o persoal funcionario adscrito a esta, terán un sistema e un prazo transitorio entre 2013 e 2015. A participación no sistema singular da área tributaria será incompatible coa participación no citado sistema xeral. O sistema unificado e singular para o persoal da dita Área consistirá na reformulación, obxectivación e mellora do vixente sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento na xestión recadatoria, o plus especial de produtividade (PEP). O novo sistema singular ampliará razoablemente e estenderá a todo o persoal da devandita área tributaria o plus especial de produtividade (PEP), partindo en 2013 do acordo do Pleno da Deputación do 23 de novembro de 2012, e incorporando un sistema e un prazo transitorio para os exercicios orzamentarios 2014 e 2015, de maneira tal que no exercicio 2016 o novo sistema singular do PEP funcione totalmente unificado na devandita área. Presupostariamente o PEP terá un teito ou máximo global anual (para o exercicio 2014 será o establecido no programa 0710/932C do Orzamento xeral, baixo a denominación “Área de Tesourería e Xestión de Tributos. Plus Especial) e que en ningún caso poderá ser superado. E igualmente o PEP terá uns teitos ou unhas cotas máximas individuais (neste caso non orzamentarias, pois o teito global anual non se corresponde coa suma das cotas máximas individuais e nunca poderá ser superado) e diferentes para cada tipo de posto da área tributaria, e que tampouco poderán ser individualmente superadas á hora de distribuír anualmente o PEP, sen excepcións. Para o persoal laboral das zonas recadatorias o acordo do Pleno da Deputación do 23 de novembro de 2012 estableceu uns máximos individuais do PEP para o exercicio 2013 nas seguintes cantidades: para o posto de recadador en 25.000 euros, para o posto de oficial maior en 18.000 euros, para o posto de Oficial Primeira en 16.000 euros e para o posto de oficial segunda en 14.000 euros. O novo sistema xa unificado empezará no exercicio 2016, establecéndose mentres un sistema e un período transitorio descendente e compensado.

A contía total do PEP actualizaranse anualmente, á alza ou á baixa, pero non en base ao que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado en relación coas retribucións

dos empregados públicos, senón con base a uns indicadores e parámetros previamente definidos e totalmente referenciados ao nivel de cumprimento no exercicio anterior deses obxectivos e dos resultados económicos mellorados, a mellora na prestación dos servizos públicos e a obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. O importe máximo global anual do PEP obterase sumándolle ou restándolle, segundo proceda, ao máximo do ano inmediatamente anterior o resultado do cálculo da porcentaxe do incremento ou decremento porcentual da taxa real do ano "n+1" (inicialmente 2015) na Deputación con relación ao ano anteriormente cerrado (empezando no 2014) e aplicando o devandito resultado positivo ou negativo á citada cantidade máxima. Para o seguimento e medición do cumprimento dos obxectivos económicos na devandita área utilizaranse os seguintes indicadores: a Taxa, a Taxa/CargoLíquido e a Taxa/NúmeroEfectivos. Con base neles medirase o rendemento e eficiencia económica na área tributaria, na que ademais anualmente deberá emitirse un informe de cumprimento individual de obxectivos e distribución do plus de produtividade a nivel mínimo de xefe de sección/negociado. E terase en conta nos parámetros de cálculo da Taxa de cada exercicio as condicións de homoxeneidade de tarifas. Todo o persoal laboral da área tributaria, do mesmo xeito que o persoal funcionario, participará na percepción do PEP en proporción ao tempo anual efectivamente traballado, descontando o tempo non traballado, e, no caso do persoal temporal, tendo en conta para iso a duración dos seus contratos. En caso de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral a persoal da área tributaria non recibirá a parte proporcional do citado PEP, pero recibindo obviamente as retribucións que lle correspondan de acordo á normativa vixente. O PEP retribuirase anualmente referenciado aos resultados obtidos no exercicio anterior, realizando a liquidación ou axustes necesarios no primeiro mes do exercicio seguinte ou, de resultar imposible, percibirase en función dos últimos resultados coñecidos ata a concreción do resultado exacto do exercicio anterior, e regularizándose ao mes seguinte en que se practique a liquidación aos concellos, sexa unha liquidación provisional ou definitiva. Se algún dos citados empregados dos participantes no PEP ofrece un rendemento inferior ao normal para a súa responsabilidade e posto de traballo, a proposta da Dirección da área tributaria e previo informe motivado e xustificado documentalmente do xefe da unidade correspondente, poderá reducirse ou anularse a percepción do PEP, minoración que repercutirá directamente na bolsa do PEP."

"Artigo 18. Persoal laboral das zonas recadatorias. Plus Especial de Produtividade do exercicio 2013.

O acordo do Pleno da Deputación do 23 de novembro de 2012 será directamente aplicable ao exercicio 2013 e será tamén o marco de referencia económico para concretar o sistema e prazo transitorio para os exercicios orzamentarios 2014 e 2015, de maneira tal que co PEP de 2013 liquidarase o sistema antigo e no exercicio 2016 o novo sistema do PEP xa funcionará totalmente unificado na área tributaria."

Ante a necesidade de empezar a articular un sistema de avaliación do desempeño en base ao cal poder verificar o grao de cumprimento dos obxectivos anuais que fixe a Deputación e dos obxectivos anuais que se vaian asignando a cada unidade ou traballador, e en consecuencia poder determinar adecuadamente as unidades e funcionarios que deben ser destinatarios do complemento de produtividade e as contías que lle correspondería a cada traballador de maneira individual, e ante a

conveniencia de establecer criterios e obxectivos homoxéneos para toda a organización provincial conforme os cales avaliar e asignar o citado complemento de produtividade, así como tamén para aplicar en prazo en todas as Áreas da Deputación o contemplado no citado principio número 6 da citada planificación estratéxica 2013-2015, para que o novo sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento en todas as Áreas de traballo da entidade estea dirixido á mellora da eficacia na consecución dos obxectivos previamente definidos mediante a medición e avaliación dos correspondentes indicadores dos resultados, a mellora na prestación dos servizos públicos e a obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles, e para que o novo sistema tamén poida contemplar mecanismos de retroalimentación, posible mellora ou crecemento, vinculado á obtención e mantemento no tempo de eficiencias e aforros estruturais que melloren a sustentabilidade e o aforro orzamentario, á vista dos resultados obtidos co sistema vixente na área de Tesourería e Xestión de Tributos, propónse a adopción dos seguintes acordos.

1.- PRODUTIVIDADE POR OBXECTIVOS. PLUS ESPECIAL DE PRODUTIVIDADE. PEP

Entre a lexislación aplicable ao concepto retributivo de complemento de produtividade para o persoal funcionario e laboral, o art. 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, indica:

"Complemento de produtividade.-

- 1. O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo.*
- 2. A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados a este.*
- 3. En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*
- 4. As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*
- 5. Corresponde ao Pleno de cada Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b, desta norma.*
- 6. Corresponde ao alcalde ou ao presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxeición aos criterios que no seu caso estableza o Pleno, sen prexuízo das delegacións que poida conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril."*

O acordo, que alcanza á totalidade do persoal provincial, materializa a reformulación e asignación dun complemento de produtividade variable, que se determinará nunhas contías proporcionais en base a uns coeficientes predeterminados de ponderación e na obtención e avaliación de obxectivos asignados a nivel corporativo, en cada área e/ou posto de traballo.

O novo sistema de produtividade por obxectivos será similar en toda a Deputación. A filosofía e principios contemplados no “*Artigo 17. Produtividade por obxectivos. Sistema xeral e Plus especial de produtividade*” do citado convenio serán así de aplicación para todas as áreas e todo o persoal, sen excepcións. O sistema unificado denominarase PRODUTIVIDADE POR OBXECTIVOS. PLUS ESPECIAL DE PRODUTIVIDADE (**PEP**) e terá, á súa vez, dous grandes subsistemas incompatibles, un xeral e outro singular (a participación no sistema singular – aplicable agora a unha área - será incompatible coa participación no xeneral) denominados:

- **PEP-SG** (Plus Especial de Produtividade - Sistema Xeral)
- **PEP-AT** (Plus Especial de Produtividade - Sistema Singular - Área Tributaria)

Todas as referencias ao PEP no contexto da área Tributaria refírense ao PEP-AT e todas as referencias ao PEP para as demais Áreas refírense ao PEP-SG, tendo ambos os dous sistemas asignacións orzamentarias distintas e incompatibles, e uns criterios de evolución, avaliación e distribución distintos, pero que, por lóxica, tras os oportunos procesos transitorios e de optimización na forma de fixación e implementación dos obxectivos de cada unha das Áreas, poderán tender nun futuro a medio prazo a unha lóxica unificación ou á tamén lóxica singularización para cada Área en función do seu uso e necesidade de desenvolvemento en cada unha.

O sistema do PEP estará dotado presupostariamente para cada anualidade e as cantidades virán determinadas no orzamento provincial de gastos de cada exercicio orzamentario.

O PEP asignarase por Áreas, en base ao establecido para cada subsistema concreto, pola masa salarial asignada a cada Área para cada exercicio orzamentario, excepto agora para o caso da área de Tesourería e Xestión de Tributos, cuxa contía quedou determinada no orzamento de 2014 e asignarase en 2014 e 2015 en base ao previamente establecido.

O PEP xestionarase así por Áreas e corresponderá á Dirección da área elevar ao presidente as correspondentes propostas individuais e propor, no seu caso, a aplicación das posibles economías resultantes dentro da partida máxima asignada á Área, en función da correspondente avaliación e do grao de cumprimento dos obxectivos.

Unha vez formulada a correspondente proposta de produtividade por parte do presidente, corresponderalle no seu caso á Xunta de Goberno a súa aprobación e a distribución da cantidade global determinada no orzamento entre os distintos programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade con suxeición aos criterios establecidos por parte do Pleno da Corporación. A asignación individual de cantidades en concepto de produtividade realizarase tendo en conta en

todo momento os criterios ponderativos establecidos polo presente acordo do Pleno e aplicando os correspondentes factores de corrección e límites máximos que se recollen na proposta. A aplicación do complemento de produtividade será coñecida polos representantes sindicais en cumprimento do disposto no artigo 5.4 do reiteradamente citado Real decreto 861/1986, do 25 de abril.

2.- PRODUTIVIDADE POR OBOECTIVOS. PLUS ESPECIAL DE PRODUTIVIDADE. CRITERIOS XERAIS DE DETERMINACIÓN INDIVIDUAL. AVALIACIÓN E SISTEMAS

Establecemento dos criterios de determinación individual para o PEP:

- a) Importes. Unha vez coñecido, polo subsistema que corresponda a cada traballador, o importe distribuible total, os criterios de determinación individual das oportunas entregas a conta mensuais, e da oportuna liquidación, calcularanse os importes que corresponden, inicialmente en función dos coeficientes de postos de traballo que se determinarán máis adiante, cos elementos correctores e límites que se expresan nos apartados seguintes.
- b) Tempos efectivamente traballados. Non se percibirán anticipos a conta pola parte proporcional do período do exercicio en que non se estea traballando, nin tampouco se percibirá a liquidación algunha correspondente aos devanditos períodos de tempo.
- c) Exclusiones. Do apartado anterior excluíranse aqueles supostos que sexan obxecto de exclusión en base a leis ou normas xurídicas xerais aplicables á produtividade por obxectivos e aplicables a todos os traballadores da Deputación.
- d) Se por parte da dirección de cada Área se considera que algún Servizo, Sección, Negociado, etc., non presta a colaboración necesaria na consecución dos obxectivos xerais e/ou particulares da área, poderá propor, motivadamente, a exclusión parcial ou total do PEP dos responsables e/ou demais traballadores das devanditas unidades, previa a consideración das alegacións dos afectados. As ditas exclusiones serán informadas e, no seu caso, poderán ser revisadas polo Comité de Avaliación, que logo se indicará.
- e) Se por parte dalgún director, xefe de Servizo, de Sección, de Negociado, etc., se detecta que algún traballador da súa unidade non cumpre os obxectivos individuais que se expoñen ou que actúa con notoria deficiencia na consecución dos obxectivos xerais ou nos da súa unidade ou nas tarefas encomendadas para alcanzar estes, poderá propor, motivadamente, a exclusión parcial ou total do PEP dos afectados, tamén previa a consideración das alegacións destes. As ditas exclusiones serán informadas e, no seu caso, poderán ser revisadas polo Comité de Avaliación, que logo se indicará.
- f) Avaliación e sistemas de soporte. A avaliación individual de cada traballador será realizada por parte de cada un dos responsables da área, Servizo, Sección, Negociado, etc. na que preste os seus servizos e será especificamente formulada a través do sistema informático de soporte ao PEP. As avaliacións inferiores ao 40% (0, 1, 2 e 3) do rango de avaliación (inicialmente previsto do 0 ao 10) e as superiores ao 80% (9 e 10) do rango deberán ser especialmente motivadas e poderán ser revisadas polo Comité de Avaliación. O resultado da avaliación dun traballador obterase da ponderación das diferentes avaliacións realizadas polos

superiores xerárquicos de cada traballador. O resultado da avaliación dun traballador que ocupe postos de xefatura ou que participe nas cadeas de avaliación doutros postos obterase da ponderación das diferentes avaliacións realizadas polos superiores xerárquicos dese traballador xunto coa ponderación das avaliacións que dese mesmo traballador realice o persoal ao seu cargo. A avaliación individual de cada dirección de Área, incluída a de Presidencia, será formulada polo presidente. As avaliacións individuais serán mensuais e archivarase cada peche mensual. Cada traballador terá acceso individual a cada unha das súas avaliacións, podendo deixar no mesmo sistema constancia das súas alegacións a cada avaliación mensual. Anualmente, antes de cada liquidación provisional, resolveranse as alegacións. Se fose positivo ou conveniente para un mellor funcionamento do sistema, ou para evitar posibles diferenzas significativas entre as cantidades a conta percibidas mensualmente e as liquidacións provisionais ou definitivas do complemento, poderanse resolver alegacións nun prazo semestral ou trimestral.

O citado sistema informático, que se implementará para dar soporte a todos os procedementos que se formalicen en desenvolvemento do PEP, emitirá os resultados e listaxes que se integrarán co sistema de soporte á nómina, previos os informes oportunos e a preceptiva fiscalización de gastos. Para facilitar a avaliación mensual dos factores de valoración do desempeño de cada empregado e para minimizar a carga de traballo vinculada á devandita avaliación, e porque algúns obxectivos poden esixir completar unhas tarefas nun período temporal máis prolongado que o prazo mensual, o sistema de soporte permitirá contemplar que determinadas avaliacións do desempeño poidan manterse estables no tempo, posibilidade cunha alta probabilidade, e estará construído para minimizar a carga vinculada coas tarefas de avaliación, alegacións e seguimento.

- g) O Comité de Avaliación, que logo se indicará, tentará identificar anualmente criterios de avaliación, complementarios ou alternativos, que poidan ser aplicados de maneira global e que manteñan unha estreita relación cos obxectivos anuais de cada unidade ou traballador. Os posibles novos criterios deberán respectar a filosofía do presente acordo e o contemplado no acordo de planificación estratéxica, e ser aplicables anualmente.

3.- PRODUTIVIDADE POR OBXECTIVOS. PLUS ESPECIAL DE PRODUTIVIDADE. ASIGNACIÓN INDIVIDUAL E ABOAMENTO DE CONTÍAS. VALORACIÓN E COEFICIENTES

A asignación individual das contías do complemento de produtividade para o persoal de cada Área realizarase mediante a aplicación a cada posto dos coeficientes xerais que se relacionan na táboa adxunta e sen que en ningún caso poida producirse unha repartición lineal do citado complemento ou unha repartición sen avaliación previa individual de cada unidade ou posto.

O aboamento das contías correspondentes realizarase durante cada exercicio orzamentario mediante un pago a conta mensual que poderá alcanzar, como máximo, ata un 95% da contía total consignada anualmente para o efecto no Orzamento Xeral de Gastos da Deputación, mediante unha liquidación provisional cara ao final do citado exercicio e mediante unha liquidación definitiva en canto estean dispoñibles todos os datos necesarios para iso, que previsiblemente se poderá realizar durante o primeiro semestre do seguinte exercicio, cos efectos que procedan para cada caso. Nos casos de liquidacións negativas polas entregas a conta percibidas, salvo os

supostos de baixa definitiva do traballador nese caso este procederá á devolución inmediata das cantidades resultantes aboadas como anticipo, nos demais supostos procederase a ir descontando o importe negativo resultante dos anticipos que correspondesen no seguinte exercicio orzamentario ata a súa liquidación.

A suma das retribucións totais anuais de cada posto de traballo máis as contías correspondentes ao complemento de produtividade que lle fose asignado anualmente a cada posto non poderá exceder, en ningún caso, a contía correspondente ás retribucións totais anuais consignadas anualmente para a Presidencia para ese mesmo período orzamentario.

Adicionalmente, as contías correspondentes ao complemento de produtividade que lle fose asignado anualmente a cada posto non poderá exceder, en ningún caso, a porcentaxe máxima establecida para o efecto para cada posto de traballo sobre a suma das retribucións totais anuais do devandito posto para cada período orzamentario, todo iso en función do correspondente nivel de complemento de destino (C.D.), que se explicita na táboa indicada.

As dúbidas ou discrepancias que se produzan en relación coa interpretación das presentes bases, así como a determinación de obxectivos e demais desenvolvementos que fosen necesarios para o seu cumprimento, resolveranse no seu caso mediante as oportunas Resolucións de Presidencia. As dúbidas ou discrepancias que se produzan en relación coas valoracións e alegacións deberán ser tratadas no Comité de Avaliación que logo se indicará.

O Pleno faculta ao presidente para retirar ou incluír no sistema de avaliación, os obxectivos e parámetros que sexan necesarios para adaptarse ás circunstancias da dirección e a xestión da Deputación, así como para modificar os coeficientes dos parámetros medidores de obxectivos e os coeficientes xerais de distribución individual, pola natural evolución das circunstancias, as competencias ou porque considere que iso é necesario para poder cumprir o previsto no principio número 6 da planificación estratéxica. As inclusións ou modificacións que se realicen non poderán afectar a avaliacións mensuais cerradas e deberán ser incluídas no sistema de avaliación polo menos cun mes de antelación á súa toma de efectos prácticos para as correspondentes avaliacións das unidades e postos.

Previamente á elevación á Presidencia da proposta de liquidación provisional, para a valoración anual do desempeño de cada posto de traballo e para o estudo das alegacións que puidesen existir ás valoracións individuais, constituirase anualmente un Comité de Avaliación integrado de maneira paritaria polos membros que designe o presidente en representación da entidade e por un representante sindical de cada unha das organizacións con representación na Deputación, que estará presidido polo deputado-presidente da Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior ou equivalente, e actuando como secretario, con voz pero sen voto, un/a funcionario/a da área de Persoal e Organización. Ademais das funcións comentadas, o Comité de Avaliación informará previamente a que se dite ou tramite calquera modificación dos contidos do sistema de avaliación da produtividade, e de maneira especial no relativo a posibles modificacións dos coeficientes de posto e das porcentaxes máximas por nivel de complemento de destino de cada posto. O Comité poderá informar e, no seu caso, revisar as avaliacións inferiores ao 40% (0, 1, 2 e 3) do rango de avaliación (inicialmente, do 0 ao 10) e as superiores ao 80% (9 e 10) do rango.

A asignación individual do complemento de produtividade será o resultado da ponderación dos seguintes factores:

1) **Asistencia ao posto de traballo.** Este factor terá un peso relativo de 0%. Computaranse todos os días en que se estivese ausente no traballo, independentemente de que estean ou non xustificadas, coa excepción de vacacións, asuntos propios, permisos contemplados nos artigos 48 e 49 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e comisións de servizos. Á marxe da aplicación do réxime administrativo ou sancionador que puidese corresponder de darse este suposto, non se asignará complemento de produtividade a un traballador que teña ausencias inxustificadas ao seu posto de traballo.

2) **Cumprimento da xornada.** Este factor terá un peso relativo de 0%. Terase en conta a duración semanal mínima esixida a cada posto de traballo. Á marxe da aplicación do réxime administrativo ou sancionador que puidese corresponder de darse este suposto, non se asignará complemento de produtividade a aquel traballador que non cumpra coa súa xornada en base á correspondente normativa interna e vixente respecto diso. Para o cálculo porase en relación o número de horas semanal, mensual e anual efectivamente realizadas por cada empregado co número que lle corresponda realizar segundo lle sexa de aplicación o horario e a xornada xeral ou especial aos que se refire o acordo plenario do 21/12/2007.

Como criterio de proporcionalidade para medir as consecuencias de posibles circunstancias ou incumprimentos nas citadas materias de asistencia ao posto de traballo e cumprimento da xornada, as medicións e comprobacións que se realizarán dentro de cada período mensual afectarán ao oportuno prazo mensual e non á globalidade do exercicio, para que a ausencia inxustificada ou incumprimento do horario un mes impida a percepción da contía do complemento dun mes e que non se valore ese mes na liquidación provisional ou definitiva.

3) **Valoración do traballo e contribución aos obxectivos.** Este factor terá un peso relativo do 100%. Para a valoración do traballo e da contribución de cada traballador aos obxectivos individuais do posto ou unidade e aos obxectivos globais da entidade, a través do sistema informático específico de soporte ao PEP, seguirase o seguinte procedemento:

a) Ao empezar cada exercicio, previo ao comezo do proceso xeral de valoración, configurarase o sistema por Áreas e en cada unha as correspondentes cadeas e tramos de avaliación, seguindo para iso basicamente a organigrama vixente para o exercicio. Cada Área poderá axustar a súa cadea de avaliación para axustar as súas unidades organizativas á realidade do desempeño por parte de cada posto de traballo, respectando en todo momento que cada traballador será avaliado motivadamente polo seu responsable inmediato máis directo e que dita avaliación haberá de ser revisada e no seu caso motivadamente emendada polo seguinte responsable na cadea de avaliación, ata o máximo nivel na Dirección da área, que á súa vez motivadamente haberá de ser avaliado polo presidente como avaliador orgánico final.

b) Seguindo a correspondente cadea de avaliación o xefe de cada traballador cubrirá mensualmente un cuestionario informático no que o avaliará, nunha escala do 0 ao 10, en base a cada un dos elementos que se relacionan a continuación, debendo deixar no mesmo sistema informático constancia das motivacións de cada avaliación

mensual realizada, ás que cada traballador poderá acceder daquela individualmente por cada unha das súas avaliacións e poderá deixar no mesmo sistema constancia das súas posibles alegacións:

- **Competencia práctica:** valorarase a capacidade manifestada na realización das tarefas propias do posto de traballo e o grao de fiabilidade que merece no seu desempeño.

- **Colaboración:** valorarase a disposición para cumprir e facer cumprir normas, aceptar suxestións e indicacións, así como a maneira de relacionarse no posto de traballo.

- **Responsabilidade:** valoraranse a capacidade de asumir e realizar as tarefas encomendadas e a capacidade de aceptar como propios os resultados do traballo.

- **Volume e complexidade de traballo:** valorarase a cantidade e dificultade das tarefas e actividades que se realizan así como a rapidez en executalas e a calidade con que se realizan.

- **Iniciativa:** valorarase a capacidade para tomar decisións adecuadas e dar resposta ás esixencias ao posto de traballo, tanto ás habituais como ás novas e imprevistas.

c) Unha vez cuberto o citado cuestionario, pasará no sistema á conformidade ou emenda do seguinte responsable directo na cadea, que poderá manter ao asignar motivadamente a súa avaliación e, no devandito caso deixar constancia das súas anotacións respecto desta.

d) Cada traballador terá acceso individual a cada unha as súas avaliacións e ata a data en que se arquivará cada peche mensual poderá deixar constancia no mesmo sistema de todas as súas discrepancias e anotacións para cada avaliación mensual de cada un dos seus responsables.

e) Para a avaliación anual do desempeño de cada posto de traballo así como para o estudo e no seu caso consideración, ou non, das alegacións que puidesen existir ás avaliacións individuais, previamente á elevación á Presidencia da proposta de liquidación provisional, o Comité de Avaliación, á vista das avaliacións, anotacións e, no seu caso, das diversas alegacións que se efectuasen a estas, realizará a súa proposta de avaliación anual na que se contemplarán as avaliacións mensuais, alegacións, etc.

f) A proposta de liquidación provisional tamén se formulará por Áreas, correspondendo á dirección de cada Área formular a proposta de aplicación das economías provisionais que se fosen xerando nas avaliacións mensuais, ata o máximo da cantidade anual asignada a cada Área, motivando a proposta de aplicación en función das avaliacións.

g) Os representantes dos traballadores que estivesen liberados ou dispensados durante o período sometido a avaliación, percibirán unha contía por produtividade igual á media recibida polos postos do seu nivel de complemento de destino. Se a liberación ou dispensa fose parcial, a avaliación realizarase en función da xornada de traballo efectiva nas unidades de adscrición, computándose como se a dita xornada fose a xornada completa.

h) O persoal ao que lle corresponda percibirá a contía por produtividade proporcionalmente ao tempo efectivamente traballado dentro do período sometido a avaliación, para cuxa comprobación se poderán utilizar os sistemas e medios dispoñibles pola propia Deputación.

i) Supeditadas sempre á aprobación polo órgano competente, para calcular as cantidades a aboar no seu caso a cada traballador aplicaranse estes coeficientes e porcentaxes máximas de posto, determinados en función do correspondente nivel de complemento de destino:

Nivel de C.D. do posto	Coeficiente de posto por C.D.	% máximo por nivel de C.D.
13	1,00	30%
14	1,05	29%
15	1,10	28%
16	1,15	27%
17	1,20	26%
18	1,25	25%
19	1,30	24%
20	1,35	23%
21	1,40	22%
22	1,45	21%
23	1,50	20%
24	1,55	19%
25	1,60	18%
26	1,65	17%
27	1,70	16%
28	1,75	15%
29	1,80	14%
30	1,85	13%

O “**Coefficiente de posto por C.D.**” determina que a maior nivel de complemento de destino maior debe ser o impacto dese posto de traballo na consecución dos obxectivos e na produtividade.

O “**% máximo por nivel de C.D.**” determina que a contía total do complemento de produtividade asignado anualmente a cada posto de traballo en ningún caso poderá exceder da devandita porcentaxe máxima, establecida sobre a suma das retribucións totais anuais de cada posto en cada exercicio.

4.- PEP. CRITERIOS GLOBAIS

Criterios de distribución e evolución en todas as Áreas da Deputación:

- a) En cada exercicio determinarase o importe total do PEP, que se asignará, xestionará e liquidará por Áreas en función da súa respectiva masa salarial e número real de efectivos. O devandito importe do PEP fixarase en base aos criterios obxectivos de crecemento ou decrecemento establecidos nas presentes bases e partindo das cantidades establecidas no Orzamento Xeral de Gastos do exercicio inmediatamente anterior, empezando no orzamento de 2014 para o caso singular da área tributaria e no orzamento de 2015 para o resto das Áreas.
- b) En cada exercicio realizaranse entregas a conta mensuais, as cales se iniciarán co importe consignado no Orzamento Xeral de Gastos do devandito exercicio. Os importes iniciais das entregas a conta mensuais serán como máximo do 95% orzado para o PEP, ata a liquidación provisional do correspondente exercicio. A distribución individual farase de acordo cos coeficientes unificados para cada posto de traballo (especificados na táboa) e unha vez aplicadas as situacións individuais que procedan de acordo cos criterios de determinación individual establecidos nestas bases.
- c) No mes de decembro de cada exercicio efectuarase unha liquidación provisional do PEP dese exercicio orzamentario en base ao informe provisional de cumprimento de obxectivos previstos na base seguinte. A proposta de liquidación provisional emitirase polas Áreas sen prexuízo da liquidación definitiva que se efectuará dentro do semestre seguinte, unha vez coñecidos os resultados finais e tendo en conta o grao de cumprimento de obxectivos previsto nas bases seguintes. Se como consecuencia da avaliación de obxectivos e desempeño o resultado da devandita liquidación definitiva é superior ao importe distribuído a conta, faranse efectivas as cantidades resultantes tendo en conta os coeficientes de posto establecidos na táboa e os criterios de determinación individual. En caso contrario, tamén distribuído por coeficientes de posto, descontarase o importe negativo resultante dos anticipos a conta do exercicio seguinte, non aboando novos anticipos ata que o citado importe negativo quede totalmente descontado.
- d) Os obxectivos e parámetros de xestión, tanto para o PEP-SG como para o PEP-AT, poderán ser anualmente revisados para adaptalos ás normas vixentes en cada momento ou a recomendacións de carácter estatal, autonómico ou local, así como aos informes e recomendacións emitidos anualmente polos órganos fiscalizadores da Deputación.

- e) Tanto o PEP-SG como o PEP-AT evolucionarán e iranse modificando anualmente con calquera **outro obxectivo e parámetro de xestión** que fose oportuno e conveniente incluír - ou tamén retirar - no sistema xeral ou en cada subsistema pola natural evolución das circunstancias de xestión, competenciais e demais, ou que se considere necesario para poder cumprir o previsto no citado principio número 6 da planificación estratéxica e en particular para continuar obxectivando e mellorando o sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento, dirixíndoas cara á mellora da eficacia na consecución de obxectivos previamente definidos mediante a medición e avaliación dos correspondentes indicadores de resultados, á mellora na prestación dos servizos públicos e á obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. Cada novo obxectivo e parámetro de xestión que se inclúa no sistema ou subsistema deberá estar adecuadamente definido e deberá respectar os criterios esenciais destas bases, para o que deberá ser debatido e consensuado entre todas as Áreas da Deputación, informando os cambios a todos os traballadores das áreas.
- f) Tanto no PEP-SG como no PEP-AT o incremento ou diminución do importe distribuíble total para o seguinte exercicio resultará do sumatorio dos resultados nos cálculos de todos os obxectivos e parámetros de xestión contemplados para o ano anterior, de maneira tal que o devandito sumatorio en ningún caso poderá superar máis menos un **3%** sobre o que estableza anualmente a nivel global a Lei de Orzamentos do Estado.

Todas as circunstancias citadas a continuación, así como aquelas outras que puidese ser necesario interpretar no futuro, ou mesmo aquelas que fose preciso detallar máis ou recoller explicitamente, regularanse a través das correspondentes Resolucións da Presidencia. E previamente á entrada en funcionamento do novo sistema de produtividade, prevista inicialmente para o mes de xaneiro de 2015, ditaranse pola Presidencia as oportunas Resolucións para os efectos de deixar regulado en detalle polo menos os seguintes aspectos:

- Tendo en conta que o PEP terá dous grandes subsistemas incompatibles, un xeral e outro singular, con asignacións orzamentarias distintas e incompatibles e uns criterios de evolución, avaliación e distribución distintos, regularase a forma de proceder nos casos de mobilidade dun empregado que cambie de posto de traballo ao longo do ano dentro da propia Deputación e que puidese desempeñar os seus labores baixo os sistemas de avaliación e cálculo diferentes do PEP, de maneira que se lle aplique o correspondente sistema de avaliación en función dos días efectivamente traballados dentro de cada sistema diferente e con asignacións incompatibles.
- Realizarase un labor interpretativo do concepto “masa salarial” ao que se refire este acordo cando indica que o PEP se asignará e xestionará por Áreas en función da masa salarial asignada a estas en cada exercicio orzamentario, determinando ademais como mínimo se se terán en conta ou non para o seu cálculo os postos de traballo vacantes e asignados na RPT en cada unha das Áreas, e igualmente realizarase un labor interpretativo do concepto “conservación da masa salarial”.

- Igualmente, realizarase un labor interpretativo dos conceptos que se indicarán de “redución das partidas xerais de gasto en servizos externos”, “redución das partidas xerais de gasto corrente” e do “período medio de pago a provedores”, e en particular de que fase concreta da xestión do gasto (autorización, disposición, recoñecemento da obrigação ou pago) vaise utilizar para a súa cuantificación.
- E identificaranse tamén os criterios de cálculo de todos os valores de referencia, cuxa variación determinará a evolución do importe global asignado ao PEP, así como as contías de referencia no ano basee (2014) dos conceptos citados.

4.1.- PEP-SG. CRITERIOS ESPECÍFICOS DE EVOLUCIÓN NO SISTEMA XERAL

- 1) Regras e parámetros para o cálculo, liquidación provisional e definitiva do PEP:
 - a) **Conservación da masa salarial:** masa salarial ano $n+1$ / masa salarial ano n . Este parámetro mide a xeración de aforro estrutural nos gastos de persoal e o mantemento ou no seu caso redución da masa salarial, salvo obviamente os incrementos que se produzan nela como consecuencia da aplicación das leis e en particular da Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico. O obxectivo considerárase cumprido con normalidade en torno ao coeficiente 1. Entre os valores 1,01 e 0,99 orzarase un importe total do PEP equivalente ao do ano anterior. No ano inicial de partida (2015), o devandito importe estará orzado e incorporará todos os condicionantes previstos como ano de transición. Por cada 0,01 que baixe do valor mínimo do anterior intervalo de valores, aumentará un 1% o importe distribuíble total do PEP. E por cada 0,01 que aumente o valor máximo do devandito intervalo, diminuírá un 1% o importe distribuíble total do PEP. O cálculo deste parámetro farase a nivel global e agregado na Deputación, cunha identificación previa daquelas partidas computables que compoñen a masa salarial, e o devandito cálculo non considerará os incrementos ou diminucións de masa salarial consecuencia de incrementos ou diminucións de servizos, competencias ou similares na entidade.
 - b) **Redución das partidas xerais de gasto en servizos externos:** gastos en servizos externos ano $n+1$ / gastos servizos externos ano n . Este parámetro mide a xeración de aforros estruturais vinculados ás partidas xerais de gasto en servizos externos por parte de todas as Áreas da Deputación. O obxectivo considerárase cumprido con normalidade arredor do coeficiente 1. Entre os valores 1,01 e 0,99 orzarase o importe total do PEP equivalente ao do ano anterior. Por cada 0,01 que baixe do valor mínimo do anterior intervalo de valores, aumentará un 1% o importe distribuíble total do PEP. E por cada 0,01 que aumente o valor máximo do devandito intervalo, diminuírá un 1% o importe distribuíble total do PEP. O cálculo deste parámetro farase a nivel global e agregado na Deputación, cunha identificación previa de todas as partidas de servizos externos computables no correspondente Orzamento de Gastos.

- c) **Redución das partidas xerais de gasto corrente:** gastos correntes ano $n+1$ / gastos correntes ano n . Este parámetro mide a xeración de aforros estruturais vinculados ás partidas xerais de gasto corrente por parte de todas as Áreas da Deputación. O obxectivo considerárase cumprido con normalidade en torno ao coeficiente 1. Entre os valores 1,01 e 0,99 orzarase o importe total do PEP equivalente ao do ano anterior. Por cada 0,01 que baixe do valor mínimo do anterior intervalo de valores, aumentará un 1% o importe distribuible total do PEP. E por cada 0,01 que aumente o valor máximo do devandito intervalo, diminuirá un 1% o importe distribuible total do PEP. O cálculo deste parámetro farase a nivel global e agregado na Deputación, cunha identificación previa de todas as partidas de gasto corrente computables no correspondente Orzamento de Gastos do exercicio orzamentario.
- d) **Redución do período medio de pago a provedores (PMPP):** PMPP ano $n+1$ / PMPP ano n . Este parámetro mide a mellora no PMPP global por parte de todas as Áreas da Deputación. O obxectivo considerárase cumprido con normalidade arredor do coeficiente 0,96. Entre os valores 0,95 e 0,97 orzarase o importe total do PEP equivalente ao do ano anterior. Por cada 0,05 que baixe do valor mínimo do anterior intervalo de valores, aumentará un 1% o importe distribuible total do PEP. E por cada 0,05 que aumente o valor máximo do devandito intervalo, diminuirá un 1% o importe distribuible total do PEP. O cálculo deste parámetro farase a nivel global e agregado na Deputación, cunha identificación previa da fórmula anual que se utilizará para iso con base na lexislación estatal vixente.

2) Regras especiais para o período transitorio. Exercicio 2015.

O exercicio 2015 é o ano de transición entre a dualidade dos antigos e distintos sistemas de produtividade dos traballadores da Deputación. No devandito exercicio reformúlase, obxectiva e mellora o sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento, dirixíndoas cara á mellora da eficacia na consecución de obxectivos previamente definidos mediante a medición e avaliación dos correspondentes indicadores de resultados, á mellora na prestación dos servizos públicos e á obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. Unifícase o sistema de produtividade ao redor do PEP, de acordo co previsto no Convenio Colectivo e na produtividade por obxectivos nas Áreas.

A liquidación de produtividade no ano 2014 ou anteriores para todo o persoal que ata o presente exercicio estaba incluído no ámbito das anteriores produtividades da Deputación incorporará tamén a liquidación definitiva dos devanditos sistemas, efectuada cos criterios de cumprimento aprobados e aplicables ata a data en cada caso. Para a dita liquidación definitiva preténdese destinar o crédito actualmente dispoñible na aplicación orzamentaria 0710/929A/152.00 regulada na base número 45.3 das Bases de Execución do Orzamento de 2014. Sendo imprescindible para iso que se modifique o establecido na citada Base, por ter regulado actualmente un procedemento de xestión e unha finalidade distinta, acórdase modificar a dita Base de execución e destinar os créditos que se orzaron nela para liquidar

definitivamente os anteriores sistemas en decembro de 2014, en base ás propostas formuladas polas Áreas en función das actividades realizadas por estas, de maneira tal que os resultados individualizados da liquidación aboaranse, no seu caso, coa correspondente nómina do citado mes de decembro.

4.2.- PEP-AT. CRITERIOS ESPECÍFICOS DE EVOLUCIÓN NA ÁREA TRIBUTARIA

1) Regras e parámetros para o cálculo, liquidación provisional e definitiva do PEP:

a) **Taxa / Cargo líquido (1) *100.** O obxectivo considerárase cumprido con normalidade en torno ao coeficiente 4. Entre os valores 3,9 e 4,10 distribuírase o importe total do PEP equivalente ao do ano anterior. No ano de partida (2014), o devandito importe está orzado e incorpora todos os condicionantes previstos como ano de transición. Por cada 0,10 ou fracción que baixe do valor mínimo do intervalo de valores anterior, diminuírá un 1% o importe distribuible total do PEP. E por cada 0,10 ou fracción que aumente o valor máximo do devandito intervalo, aumentará un 1% o importe distribuible total do PEP correspondente ao exercicio que se liquida. Enténdese por cargo líquido, os dereitos recoñecidos netos, é dicir, os dereitos recoñecidos brutos minorado pola totalidade dos dereitos cancelados por anulación de liquidacións, devolucións de ingresos indebidos, insolvencias, e en xeral por todos os motivos de anulación susceptibles de contabilización.

b) **Taxa / Número de efectivos (2).** O obxectivo considérase cumprido con normalidade ao redor de 50.000. Entre 49.000 e 51.000 distribuírase o importe total do PEP do ano anterior coas mesmas circunstancias de partida que no apartado a). Por cada 1.000 ou fracción que baixe este coeficiente do valor mínimo do intervalo anterior, reducirase un 1% o importe distribuible total do PEP. Por cada 1.000 ou fracción que suba do intervalo máximo aumentará un 1% o importe distribuible total do PEP correspondente ao exercicio que se liquida.

c) **Porcentaxe de xestión executiva (PGE):** Recadación Líquida + Baixas (3) / Cargo Bruto Total * 100, en executiva. Considerárase o obxectivo cumprido se este parámetro oscila entre o 55% e o 60%. Por cada punto que baixe do 55% reducirase un 1% o importe total distribuible do PEP. Por cada punto que aumente do 60% aumentará un 1% o importe total distribuible do PEP.

A "Taxa" refírese á taxa pola prestación dos servizos tributarios regulada na correspondente Ordenanza Fiscal e, en concreto, ao importe da súa recadación líquida en condicións de homoxeneidade de tarifas, de tal forma que, calquera modificación á alza ou á baixa das tarifas xerais e especiais xa reguladas no exercicio 2014, sexa neutra para os efectos dos parámetros de cumprimento de obxectivos. En concreto, refírese á recadación líquida da

devandita Taxa (recadación bruta-devolucións de ingresos indebidos), contabilizada no exercicio; é dicir, ao importe recadado desta como consecuencia da liquidación definitiva do exercicio anterior aos Concellos, que se efectúa no primeiro trimestre do exercicio corrente, ao importe recadado polas entregas trimestrais efectuadas aos Concellos de liquidacións de contraído previo ingreso directo, autoliquidacións e executiva (1er, 2º e 3er trimestre do exercicio, xa que o 4º incorpórase na liquidación definitiva) e ao importe recadado da mesma taxa pola entrega da recadación da primeira voluntaria aos Concellos (IVTM e taxa municipais).

2) Regras especiais para o período transitorio. Exercicios 2014 e 2015.

O exercicio 2014 é un ano de transición da dualidade dos antigos e distintos sistemas de produtividade da traballadores da área de Tesourería e Xestión de Tributos, entre os que percibían historicamente o persoal laboral das zonas recadatorias e os que percibían a produtividade nos servizos centrais. No devandito exercicio unifícase o sistema de produtividade ao redor do PEP, de acordo con todo o previsto no Convenio Colectivo e nas Resolucións do Presidente sobre coeficientes e entregas a conta mensuais da produtividade por obxectivos da área.

No caso do persoal que xa era perceptor do PEP antes de 2014, percibirao no exercicio 2014, respectando os acordos adoptados en relación co PEP para este colectivo, con vixencia ata 31 de decembro de 2015, canto a cantidades a percibir por categorías, en función do cumprimento dos obxectivos establecidos.

Como queira que nos dous colectivos se efectuaron desde xaneiro de 2014 entregas a conta mensuais, a resultas da liquidación definitiva que se produza unha vez aprobadas as bases unificadas da produtividade por obxectivos polo Pleno da Corporación e dada a transitoriedade do exercicio 2014 en materia de produtividade e obxectivos, non só no ámbito tributario, senón na totalidade da Deputación, establécense unhas regras especiais para este exercicio. O devandito exercicio 2014 someterase ás seguintes regras:

- a) O importe de partida do novo PEP é o establecido no Convenio Colectivo. Este importe distribúese desde o punto de vista orzamentario e nun sistema de entregas a conta, en dúas cantidades globais diferenciadas, o 60% para o persoal funcionario ou laboral pertencente ás oficinas recadatorias de zona e o 40% para o persoal de servizos centrais, de acordo co criterio de coeficientes de posto aprobado no seu momento.
- b) Durante 2014 distribúese mensualmente o importe do 95% do total previsto do PEP aplicando os coeficientes de posto, respectando a distribución entre o 40% e 60% prevista no apartado anterior e, a resultas do acordo que aprobe as bases unificadas da produtividade por obxectivos polo Pleno da Corporación.

- c) Ao persoal das Zonas Recadatorias que percibía o anterior plus de produtividade seranlle aplicables, para determinar a liquidación do exercicio 2014, os criterios de cumprimento de obxectivos do anterior sistema (anexo 3), coas contías máximas que se determinaron no apartado primeiro do acordo polo que rexen os devanditos criterios de distribución e respectando o recollido respecto diso no vixente Convenio Colectivo do persoal laboral da Deputación.
 - d) A liquidación do PEP do ano 2014 para o resto do persoal dos Servizos Centrais da área de Tesourería e Xestión de Tributos, que ata o pasado exercicio estaba incluído no ámbito da anterior produtividade xeral da Deputación, incorporará tamén a liquidación definitiva do devandito sistema, efectuada igualmente cos criterios de cumprimento de obxectivos que se determinan no apartado anterior, distribuído neste caso polos coeficientes de posto segundo o xa previsto na Resolución do Presidente de xaneiro de 2014.
 - e) O PEP liquidarase provisionalmente no mes de decembro de 2014, en base ao correspondente informe provisional de cumprimento de obxectivos que no seu momento emitirá a Dirección da área. Todo iso sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez cerrada definitivamente a conta de recadación do exercicio 2014, dentro do primeiro semestre do ano seguinte. O resultado da liquidación provisional aboarase, no seu caso, coa nómina de decembro.
- 3) No exercicio 2015 as regras basicamente serán as mesmas que para o 2014. No exercicio 2015 manterase a distribución do 40% e o 60%, que desaparecerá con efectos do 1 de xaneiro de 2016, onde existirá unha única produtividade para toda a área tributaria. En 2015 xa se aplicarán os mesmos criterios xerais de determinación individual e iguais coeficientes de ponderación en toda a Deputación.
- 4) A partir do 1 de xaneiro de 2016, unha vez finalizado o período transitorio, os importes resultantes do PEP pasarán a distribuírse homoxeneamente entre todo o persoal da área de Tesourería e Xestión de Tributos en función dos resultados e coeficientes, nun sistema unificado sen a regra 60%/40% entre o persoal das zonas e o dos servizos centrais. E serán entón aplicables á totalidade das bases 1 e 2.

ANEXO 1) TAXA / CARGO LÍQUIDO

O PARÁMETRO TAXA/CARGO LÍQUIDO RECOLLE O IMPORTE TOTAL DA TAXA DO ANO AO QUE SE REFIRE A PRODUTIVIDADE, EN CONDICIÓNS DE HOMOXENEIDADE DE TARIFAS ANO X/X-1, E O CARGO LÍQUIDO, NESTE PARÁMETRO REFÍRESE Á TOTALIDADE DO CARGO, SEXA EN VOLUNTARIA OU EXECUTIVA. ASÍ COMO Á TOTALIDADE DAS BAIXAS, QUE SE PRODUZAN ENTRE O 1 DE XANEIRO E O 31 DE DECEMBRO

ANEXO 2) TAXA / NÚMERO DE EFECTIVOS

NESTE PARÁMETRO O NÚMERO DE EFECTIVOS COMPUTABLES É O DE EFECTIVOS REAIS. NO CASO DE QUE ALGÚN OU ALGÚNS POSTOS ESTIVISEN VACANTES OU DE BAIXA, Etc. NO EXERCICIO, COMPUTARASE NESE POSTO A PARTE PROPORCIONAL NA QUE O POSTO SE DESEMPEÑOU EFECTIVAMENTE EN RÉXIME DEFINITIVO OU EN CALQUERA OUTRA FORMA DE NOMEAMENTO (INTERINIDADE, COMISION DE SERVIZO). E NO CASO DA TAXA, COMPUTARASE EN CONDICIÓNS DE HOMOXENEIDADE DE TARIFAS ANO X/X-1.

ANEXO 3) RECADACIÓN LÍQUIDA + BAIXAS / CARGO BRUTO TOTAL = PORCENTAXE DE XESTIÓN EXECUTIVA (PGE).

Obterase do mesmo cálculo da porcentaxe de xestión executiva (PGE) resultante o 31 de decembro de cada exercicio. O devandito PGE obterase do importe total de cobranzas e baixas do exercicio correspondente (Recadación Líquida + Baixas) en relación ao importe do cargo bruto total en executiva do exercicio nas zonas recadatorias ou na Unidade Central de Recadación Executiva, de acordo coas seguintes consideracións:

- 1) O cargo bruto total (CBT) en executiva componse dos seguintes factores:
 - a) O pendente inicial a 1 de xaneiro do exercicio, en executiva.
 - b) Os importes pendentes, unha vez finalizados os distintos períodos voluntarios de Padróns do exercicio, que pasan por tanto ao período executivo.
 - c) As liquidacións e autoliquidacións, que unha vez finalizado o seu correspondente período voluntario comezan o seu período executivo.
 - d) Os cargos externos, é dicir, aqueles en que a Deputación comece a súa xestión en período executivo.
 - e) Por tanto, para os efectos de cálculo, entenderase por cargo total de executiva en zonas, a suma do pendente do exercicio anterior máis os cargos efectuados no ano, non contabilizándose nada dos valores cargados a partir do 1 de setembro de cada exercicio, que pasarán ao seguinte.

O total xestionado (TG), é o importe total de recadación líquida e baixas polos distintos motivos previstos na normativa e circulares de aplicación, ambos en executiva obtidos durante o exercicio. No importe das baixas computaranse as cantidades que por procedementos administrativos ou xurisdicionais estean en situación de suspensión, para estes efectos computarán como xestión os concursos de acredores, liquidacións paralizadas por recursos, aprazamentos, fraccionamentos, etc., así como aquelas propostas de baixa realizadas polas Zonas Recadatorias ou Unidade Central de Recadación Executiva e que a final de exercicio figuren pendentes de informe, resolución ou confirmación polos Servizos correspondentes. Tamén terán a consideración de baixas aqueles recibos ou liquidacións pendentes en executiva que, a xuízo da Tesourería, e tras proposta motivada das zonas recadatorias afectadas as circunstancias excepcionais que poidan concorrer, sexa especialmente dificultosa a súa xestión pola recadación

executiva por razóns totalmente alleas aos servizos recadatorios. Non procederá a súa incorporación como cargos, para os efectos do cálculo do PEP, os cargos extemporáneos por novas delegacións e os expedientes cuxa execución non proceda pola súa natureza ou repercusión.

5.- PRODUTIVIDADE POR OBXECTIVOS E VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

No marco do Plan de Emprego 2013-2015 acórdase iniciar un **proceso xeral de valoración global, conxunta e sistemática de todos os postos de traballo** da Deputación, no que se valore, motive e xustifique a cuantificación do complemento específico de cada posto de traballo, coa fin de verificar e garantir que todas as diferenzas retributivas entre postos se correspondan a factores obxectivos, tales como especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo, penosidade, etc., de maneira tal que os factores obxectivos resultantes, actuais ou novos, se apliquen xustificadamente á totalidade da relación de postos de traballo da entidade en canto a dita valoración sexa aprobada.

Para a dita finalidade estimouse e solicitou inicialmente unha reserva de crédito dun 15 por 100 da dotación orzamentaria global da produtividade. Considerando e sendo informado que a dotación destinada á devandita valoración deberá orzarse como tal no exercicio previsto para a súa utilización, coa finalidade de poder atender o financiamento da valoración e asegurar o cumprimento das limitacións legais sobre retribucións dos empregados públicos (previstas no artigo 20.7 dos Orzamentos Xerais do Estado para 2014 e no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2015, no que se excepciónan as adecuacións retributivas que resulten polo contido dos postos de traballo ou polo grao de consecución de obxectivos; e sobre a contía global para o complemento de produtividade (30 por 100 da masa salarial axustada) que establece o artigo 7.2 do Real Decreto 861/1986) acórdase, respectando en todo momento as previsións e créditos orzamentarios que se inclúan no Orzamento de Gastos para o exercicio 2015, iniciar e executar os devanditos traballos no exercicio 2015 e destinar os recursos necesarios para que sexan completados canto antes no marco do Plan de Emprego 2013-2015, estimando o **1 de xaneiro de 2016** como data máis probable de aplicación dos resultados da valoración no complemento específico dos postos de traballo afectados e exercicio en que debería orzarse.

Para o desenvolvemento do proceso de valoración global, conxunta e sistemática de todos os postos de traballo, mediante a oportuna Resolución de Presidencia, designarase e constituirá formalmente un **Comité Técnico de Valoración** integrado por un máximo de oito (8) técnicos da Deputación, dos cales un máximo de catro (4) técnicos serán nomeados a proposta das organizacións sindicais con representación na Deputación e asinantes do presente acordo global -cada organización asinante do acordo proporá un (1) técnico da Deputación para que sexa incorporado ao devandito Comité Técnico. O devandito Comité de Valoración, na súa reunión de constitución, elixirá un presidente de entre os seus membros, e actuará como secretario, con voz pero sen voto, un/a funcionario/a da área de Persoal e Organización. Na citada reunión, o devandito Comité elaborará un plan de traballo e un calendario detallado, cos fitos oportunos, para garantir que a súa proposta inicial será elevada á Mesa Xeral de Negociación da Deputación no prazo máximo de seis (6) meses desde a súa constitución.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

Sr. Presidente

Pasamos ás actuacións de control, entendo que a moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, ao ter feito a declaración xa decae, e temos unha presentada polo Grupo Socialista sobre o lector lácteo, outra que foi presentada e na que teríamos que votar a urxencia, polo Grupo Popular, sobre o mesmo asunto, e se lles parece votamos primeiro a inclusión, e como vai do mesmo asunto, debatemos as dúas conxuntamente.

Vótase a urxencia presentada polo Grupo Popular, e apróbase por unanimidade.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. A moción que hoxe sometemos a debate do Pleno da Deputación ten unha grande importancia sobre a viabilidade e sostibilidade das nosas explotacións leiteiras no próximo futuro. A provincia conta con 5.378 explotacións, cunha cota láctea de 976.709.041 kg, o que supón o 42,7% das explotacións de Galicia e o 41,4% da capacidade de produción. Na parte expositiva da moción figuran as zonas nas que se divide a provincia, co número de explotacións, a cota asignada a cada unha e a cota media por explotación na zona.

É esta unha actividade que xera outras moitas relacionadas con ela, 29 compradores e transformadores de leite e produtos lácteos, fábricas de penso, empresas de servizos, veterinarios, técnicos agrarios, etc., etc., o que supón 30.000 persoas entre directos e indirectos na provincia da Coruña, é un sector importante. Segundo o informe mensual de prezos do Ministerio de Agricultura e medio Ambiente, os gandeiros galegos son os peor pagados de toda España e, en consecuencia, os peor pagados de toda Europa. O prezo en orixe en Galicia no mes de agosto estivo en 33,7 céntimos por litro, e está agora en 30 céntimos, é a única Comunidade Autónoma onde se baixou dos 34 céntimos por litro.

A campaña 2014-2015 é a última na que estará vixente o sistema de cotas lácteas, xa que a partir de abril do ano 2015 a produción de leite liberalizarase na Unión Europea. As previsión do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente prevén unha sobreprodución pola que os gandeiros que sobrepasen a cota asignada terán que pagar unha multa de 27,83 céntimos por quilogramo excedido.

No ano 2009, no Parlamento Europeo e no Consello publicaron un regulamento denominado “Paquete lácteo”, a aplicación dese regulamento en España realízase a través do Real decreto 1363/2012 do 28 de setembro, nel establécese que, primeiro, todos as subministracións de leite cru dun produtor a un transformador serán obxecto de contratos inscritos entre as partes. Segundo, o contrato debe realizarse antes de que se subministre o leite e establécese o seu contido, identificación das partes, obxecto do contrato, prezo que se pagará, volume que debe ser subministrado, calidade e composición do leite, duración e condicións de pago. E terceiro, os contratos terán unha duración mínima dun ano. Establécese tamén que

todas as condicións do contrato, incluído o prezo, poderán ser negociadas polas organizacións recoñecidas. A realidade pon de manifesto que en España no se está cumprindo esta lexislación pois o 11,8% dos gandeiros en activo non teñen ningún contrato asinado, tampouco se cumpre a duración dun ano, a duración media é de 4,98 meses e o 10,8% dos contratos teñen unha duración inferior a tres meses, e o 64,7% teñen unha duración entre tres e seis meses.

A inmensa maioría dos contratos finalizaron o 30 de setembro, e as empresas piden a súa renovación cunha duración de 3 meses e con baixadas de prezo. O Goberno de España, consciente de que a aplicación do paquete lácteo se está incumprindo sistematicamente ten previsto realizar unha modificación do Real Decreto de aplicación deste Regulamento.

Entre as modificacións que se han realizar destaca a de esixir que a duración mínima dos contratos sexa dun ano, para evitar, como pasou ata o de agora, que a excepción se converta en regra, e é fundamental que esta modificación entre en vigor antes do 1 de xaneiro do ano 2015 porque outorgaría estabilidade ao sector durante o primeiro ano da desaparición das cotas lácteas. É por iso que presentamos esta moción coa seguinte parte dispositiva:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña acorda a adopción das seguintes medidas en defensa do sector lácteo:

Primeiro: Requirirle ao presidente da Xunta de Galicia que lidere ante o Goberno do Estado a posta en marcha de medidas verdadeiramente eficaces para permitir que as explotacións galegas poidan sobrevivir ante a inminente desaparición do sistema de cotas lácteas en abril do ano 2015.

Segundo: Instar ao Goberno galego para que reclame ao Goberno do Estado que a modificación do Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector e se establezan as súas condicións de contratación e estableza as seguintes cuestións:

A duración dos contratos nos que interveña como subministrador un gandeiro, terá unha duración mínima de doce meses, unicamente se autorizarán contratos cunha duración inferior en casos excepcionais debidamente xustificadas, por exemplo, por xubilación do gandeiro.

O volume que debe de ser subministrado polo produtor será igual ao volume entregado nos doce meses anteriores á data de entrada en vigor do contrato cunha tolerancia entre un 5 e un 10%.

As empresas receptoras/transformadoras do leite teñen a obriga de presentar aos seus gandeiros subministradores unha oferta por escrito cunha antelación dun mes respecto da data de entrada en vigor do novo contrato ou da renovación dun contrato existente. Esa oferta incluírá o prezo, o volume, a duración, o calendario de entregas, información detallada sobre os prazos e procedementos de pago, modalidades de recollida ou distribución de leite cru e as regras aplicables en caso de forza maior.

Que a data de entrada en vigor dos contratos sexa a data do seu rexistro polo sistema de xestión dos contratos de leite GECOLE.

A creación da figura do mediador dos contratos lácteos, de carácter independente, que poida intervir en caso de conflito nas negociacións dos contratos por parte das organizacións de produtores de leite ou das asociacións de organizacións de produtores de leite recoñecidas no nome dos seus membros.

A regulación da figura dos primeiros compradores de leite no sentido de garantir a súa solvencia a través da constitución de avais cos que responder en caso de impago aos gandeiros subministradores. Eses avais deberán estar dotados por un importe equivalente ao volume de leite adquirido polo primeiro comprador nun período de tres meses.

Que a citada modificación do Real decreto 1363/2012 sexa publicada no mes de decembro, de xeito que estea vixente para a renovación dos contratos de comezos do ano 2015.

Terceiro: Solicitalle ao Goberno galego a adopción das seguintes medidas de apoio ao sector lácteo galego: Mobilización de terras agrarias para incrementar a superficie agraria útil das explotacións co obxectivo de incorporar 400.000 hectáreas no ano 2015. Vixiar e prohibir as plantacións forestais en terras agrarias. Apoio institucional e económico ao proceso de concentración de industrias lácteas.

Cuarto: Dar traslado deste acordo ás corporacións municipais dos concellos da provincia da Coruña e finalmente, quinto: comunicar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o acordo alcanzado por este Pleno.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, por non cansar xa as súas señorías, feito que vou dar, creo que por bo, o que é a exposición de motivos que hoxe fixo aquí o Sr. Moreda na que podíamos coincidir practicamente na súa totalidade, pasarei a ler o que é a nosa parte dispositiva, onde se ve tamén, a pesar das múltiples coincidencias que temos, tamén se ve a diferenza que temos de abordar o problema nalgunha das cuestións que queremos aplicar e aprobar.

Entón, a moción para a adopción das seguintes medidas no sector lácteo serían: primeiro instar ao Goberno do Estado para que a modificación do Real decreto 1363/2012 do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite, e das organizacións interprofesionais no sector lácteo, e se establecen as súas condicións de contratación, estableza as seguintes cuestións. A duración dos contratos nos que interveña como subministrador un gandeiro, terá unha duración mínima de doce meses, unicamente se autorizarán contratos cunha duración inferior en casos excepcionais debidamente xustificadas, por exemplo, por xubilación do gandeiro. Que a data de entrada en vigor dos contratos sexa a data do seu rexistro polo sistema de xestión dos contratos do leite, GECOLE. Analizar a viabilidade da eficacia e eficiencia da figura do mediador dos contratos lácteos sobre a normativa actualmente vixente en materia de contractualización láctea e a verificar a súa posible capacidade de acción para que desde o seu carácter independente poida intervir en caso de conflito nas negociacións

dos contratos por parte das organizacións de produtores de leite, ou das asociacións de organizacións de produtores de leite, recoñecidas no nome dos seus membros. Que a citada modificación do real decreto mencionado sexa publicada de xeito que estea vixente para a renovación dos contratos de comezos do ano 2015.

Segundo: Promover e desenvolver o labor das Organizacións de Produtores Lácteos existentes en Galicia para que, dentro das súas capacidades e competencias, inicien as negociacións coa industria coa fin de lograr os seguintes aspectos: Que o volume que debe ser subministrado polo produtor será igual ao volume entregado nos 12 meses anteriores á data de entrada en vigor do contrato cunha tolerancia entre un 5 e un 10%; as empresas receptoras/transformadoras de leite teñan a obriga de presentar aos seus gandeiros subministradores unha oferta por escrito cunha antelación de 1 mes respecto da data de entrada en vigor dun novo contrato ou da renovación do contrato existente. Esa oferta incluírá o prezo, o volume, a duración e o calendario de entregas, información detallada sobre os prazos e procedementos de pago, modalidades de recollida ou distribución do leite cru e as regras aplicables en caso de forza maior. O acordo dos primeiros compradores sobre garantías de venda no sentido de garantir a súa solvencia a través da constitución de avais cos que responder en caso de impago aos gandeiros subministradores. Eses avais deberán estar dotados por un importe equivalente ao volume de leite adquirido polo primeiro comprador nun período de tres meses.

Terceiro: Adoptar as seguintes medidas de apoio ao sector lácteo galego: Mobilización de terras agrarias para incrementar a superficie agraria útil das explotacións co obxectivo de incorporar maior superficie útil e de xerar cifras positivas en 2015; vixiar e prohibir as plantacións forestais en terras agrarias; Apoio institucional e económico ao proceso de concentración de industrias lácteas, sometido ao cumprimento de criterios de viabilidade e sostibilidade económica e produtiva.

Iso é o que o noso Grupo pretende someter a votación sen entrar, como antes dixen, en maior debate. Máis nada e moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Blanco Riveiro

Boas tardes a todos, tomo a palabra un pouco en representación de moitos gandeiros, porque veño dun concello gandeiro onde o 90% da economía, de forma directa ou indirecta está representada polos gandeiros e polo sistema de pensións, porque cada vez máis hai menos mozos que se incorporan ao sistema rural para seguir alí.

Aquí hai dúas propostas para votar, nós compartimos na súa maioría o contexto presentado polo Partido Socialista, a verdade é que está moi ben expresada, os abusos que son cometidos por parte das fábricas ou as empresas do leite de cara aos gandeiros, a problemática, temos que matizar nun par de puntos, e porén, a do Grupo Popular vou explicala, para que non pareza que somos antisistema, e imos dar unha explicación clara, non se está pedindo agora mesmo nesta moción un compromiso por parte da Xunta de Galicia, fálase de intencións, temos intencións, promover, ben, iso, agora estamos a cinco meses da desaparición da cota láctea, co que pode significar, entre a supertaxa e a cota láctea que concellos como Mazaricos poidan desaparecer, desaparecer por completo nun prazo de dez anos.

Fanse propostas como son mobilizacións de terras, cando proxectos como eran o banco de terras se botou abaixo, que era algo xa previsto hai anos. Fálase de apoio institucional e económico ao proceso de concentración de industrias lácteas, cando un gran Grupo lácteo galego, tamén a idea de crear un Grupo lácteo galego se botou abaixo, e non obstante non mostramos propostas contundentes. Aquí a nosa compañeira Ana Miranda que está no Parlamento europeo propuxo a creación dun fondo lácteo con cargo ao PAC para a supresión das cotas, todo isto implica que xa non é o momento de ter iniciativas nin pequenas propostas, senón que é momento de esixir e tomar decisións. Falamos que o 60% dos produtores galegos representan o total do Estado, o 60% dos produtores de leite do Estado son galegos, creo que é un tema que ten moita importancia, sobre todo en concellos pequenos como son, están ben aquí nomeados nesta listaxe que fixo o Partido Socialista, entón non nos dá credibilidade unha soa petición de intencións, na cal nós mencionemos unha posible idea, senón que queremos unha resposta contundente.

No que se refire á proposta do Partido Socialista matizar no punto terceiro, se se poden engadir dous puntos como son activar a mesa do leite, cando me refiro a activar, quero dicir que os gandeiros teñen que poder participar de forma directa no prezo do leite, non podemos presumir, como está pasando agora coa Xunta, de que podemos estabilizar o prezo do leite cando realmente é un pacto entre Xunta e industria e o gandeiro non está participando, vemos que o prezo do leite está establecido na produción en 32, 31 céntimos, estase pagando a 33, algo que non é sostible por parte dos gandeiros. E despois impulsar desde a Consellería do Medio Rural unha única OPL (organización de produtores lácteos) en Galicia, tendo en conta que o noso país ten preto do 60% das explotacións lácteas do estado español e que produce máis do 40% do leite do total do Estado.

Entón, se aceptan incluír estes dous puntos na súa proposta votaremoslle que si, sen ningún problema, e un pouco por falta de compromiso á outra votaremoslle que non.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, si xa coñecía a emenda porque ma pasaron, e si que aceptamos a inclusión destes puntos no punto terceiro. Con respecto á moción do PP debo de dicir que é unha moción, se alguén estivo atendendo á parte dispositiva, que di o mesmo, case que a do Partido Socialista, pero non significa o mesmo. Efectivamente, repródúcese a parte dispositiva da nosa moción, excepto o primeiro parágrafo, que non cita, e o cuarto e o quinto, o resto é todo igual, pero está colocado en sitios diferentes e ten consecuencias diferentes.

Hai unha diferenza fundamental que subxace na moción en relación coa nosa, que é a figura do intermediario, hai unha diferenza fundamental da súa moción á nosa moción, a nosa moción pretende defender os intereses dos gandeiros, e a súa moción parece que pretende defender os intereses das empresas. A gran diferenza que hai entre unha moción e outra é a figura do mediador. Nós queremos, e así o dicimos, que o decreto cre a figura do mediador, que poida intervir en caso de conflitos entre o produtor e a industria, vostedes limitáanse a dicir que o decreto analice a viabilidade da eficacia e eficiencia da figura do mediador e verifique a súa posible capacidade de acción, non se crea a figura do mediador, di que o decreto analice. E, desde logo, Sr. Ruiz Rivas, vostede que foi deputado, esta técnica lexislativa non a coñecemos nin

vostede nin eu, porque os decretos non din “análcese”, o decreto di “fágase”, analízase antes de presentar o proxecto de lei, e unha vez que se presenta o proxecto de lei decídese, en función da análise, se se fai ou non se fai.

Por certo, a figura do mediador é unha figura que existe xa noutros países da Unión Europea onde, por certo, se paga mellor o prezo do leite e onde o gandeiro non ten a incerteza e que ten o gandeiro galego de se mañá poderá vender o seu leite ou non. E acórdense do que lles digo hoxe, e oxalá me equivoque, se non existe o mediador os gandeiros só terán dúas opcións, ou pasar polo aro das industrias ou tirar o leite, é de vital importancia o contido deste decreto lei para a supervivencia do sector lácteo galego.

Hai máis diferenzas, dicindo case o mesmo, hai máis diferenzas. Nosoutros pedimos na moción que o decreto recoñeza e regule unha serie de cuestións que aparecen no apartado segundo, vostedes din exactamente o mesmo pero non que o regule o decreto senón que falan de promover negociacións, substitúen a regulamentación pola negociación entre as organizacións representativas e as industrias coa finalidade de lograr polo acordo o que nosoutros pedimos que se estableza por decreto. E se non hai acordo?, como posiblemente pola experiencia, non haberá, pois outra vez deixamos os produtores en mans das empresas.

Por último, no apartado terceiro da nosa moción solicitamos ao Goberno galego a adopción dunha serie de medidas de apoio ao sector lácteo galego, vostedes din o mesmo, as mesmas medidas, pero en vez de dicir, solicitamos o apoio, din adoptar as seguintes medidas de apoio ao sector lácteo galego enumeradas, e que son as mesmas que propoñemos nós, pero hai unha pequena diferenza, nós pedimos que as adopte a Xunta de Galicia, e vostedes din adoptar un ente etéreo, non se sabe quén, se é a Xunta de Galicia, poñamos a Xunta de Galicia, porque se non é ningún o que vai adoptar esas cuestións.

Non podemos votar esta moción, porque aínda que di o mesmo, como reiteradamente dixeran, é totalmente diferente á nosa. O que lles pido é que retiren a súa e se unan a nosoutros na defensa do sector lácteo, un sector importante para Galicia e en defensa dos gandeiros e da súa actividade.

Sr. Ruiz Rivas

Eu brevemente, simplemente para dicir que esta última que di é evidente que é administración competente, no caso a Xunta de Galicia, na nosa proposta. Dito iso, dicir que, a min o que me sorprende moitas das veces é que cando a cousa vai ben é polo mercado e cando os prezos van mal acostuma ser que ten moito que ver o PP, cuestión que queda bastante anulada polo feito dos anos en que se estivo gobernando e sobre todo nos anos en que algún partido concreto tivo a responsabilidade da Consellería do Medio Rural. Eu dicía na miña intervención que non quería incidir no que eran as diferenzas que, evidentemente, si as hai, de criterio, diferenzas tamén á hora de analizar realmente cales son as solucións, senón que da propia exposición víase que coincidimos en moitas, eu creo que en máis das que o Sr. Moreda quixo expoñer, quizais tamén adiantando o seu voto, pero nós ratificámonos na nosa moción.

Vótase a moción do Grupo Socialista:

VOTACIÓN

Votan favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Vótase a moción presentada polo Grupo Popular:

VOTACIÓN

Votan favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, e en contra do PSOE e do BNG, acorda:

“MOCIÓN GRUPO POPULAR DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, e no seu nome D. Manuel Ruiz Rivas, portavoz deste grupo, para o seu tratamento na sesión plenaria da Corporación, ao amparo do disposto no artigo 65 do Regulamento orgánico desta Deputación, presenta a seguinte **moción para a adopción das seguintes medidas en defensa do sector lácteo:**

Primeiro: Instar ao goberno do Estado para que a modificación do Real decreto 1363/2012 do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación estableza as seguintes cuestións:

- A duración dos contratos nos que interveña como subministrador un gandeiro terá unha duración mínima de 12 meses. Unicamente se autorizarán contratos cunha duración inferior en casos excepcionais debidamente xustificadas, por exemplo, por xubilación do gandeiro.
- Que a data de entrada en vigor dos contratos sexa a súa data de rexistro polo sistema de xestión dos contratos de leite GECOLE.
- A analizar a viabilidade da eficacia e eficiencia da figura do mediador dos contratos lácteos sobre a normativa actualmente vixente en materia de contractualización láctea, e a verificar a súa posible capacidade de acción para que, desde o seu carácter independente, poida intervir en caso de conflito nas negociacións dos contratos por parte das Organizacións de Produtores de Leite ou das Asociacións de Organizacións de Produtores de Leite recoñecidas no nome dos seus membros.
- Que a citada modificación do Real decreto 1363/2012 sexa publicada, de xeito que estea vixente para a renovación dos contratos de comezos do ano 2015.

Segundo.- Promover o desenvolvemento da labor das Organizacións de Produtores Lácteos existentes en Galicia para que, dentro das súas capacidades e competencias, inicien as negociacións coa industria a fin de lograr os seguintes aspectos:

- O volume que debe ser subministrado polo produtor será igual ao volume entregado nos 12 meses anteriores á data de entrada en vigor do contrato cunha tolerancia entre un 5 e un 10%.
- As empresas receptoras/transformadoras de leite teñan a obriga de presentar aos seus gandeiros subministradores unha oferta por escrito cunha antelación de 1 mes respecto á data de entrada en vigor dun novo contrato ou da renovación dun contrato existente. Esa oferta incluírá o prezo, o volume, a duración, o calendario de entregas, información detallada sobre os prazos e procedementos de pago, modalidades de recollida ou distribución do leite cru e as regras aplicables en caso de forza maior.
- O acordo dos primeiros compradores sobre garantías de venda no sentido de garantir a súa solvencia a través da constitución de avais cos que responder en caso de impago aos gandeiros subministradores. Eses avais deberán estar dotados por un importe equivalente ao volume de leite adquirido polo primeiro comprador nun período de tres meses.

Terceiro: Adoptar as seguintes medidas de apoio ao sector lácteo galego:

- Mobilización de terras agrarias para incrementar a superficie agraria útil das explotacións co obxectivo de incorporar maior superficie útil e de xerar cifras positivas en 2015. Vixiar e prohibir as plantacións forestais en terras agrarias.
- Apoio institucional e económico ao proceso de concentración de industrias lácteas, sometido ao cumprimento de criterios de viabilidade e sostibilidade económica e produtiva.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.